Sobre os datos referidos aos postos de traballo que vai crear a nova empresa Fenosa, a información do Goberno galego respecto da pretensión de Gas Natural Fenosa de repotenciamento das centrais hidráulicas en Galicia e o seu estado de tramitación

Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-7781(70805)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e 2 deputados máis

Sobre a valoración do Goberno galego da intención do Ministerio de Fomento de trasladar ao centro que se está a construír en León as funcións de supervisión da liña de alta velocidade entre Ourense e Santiago de Compostela que se viñan realizando no centro de control de Ourense, as súas posibles consecuencias e as medidas previstas para evitar a perda de postos de traballo na estación de Ourense
Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 08/POC-7782(70812)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad e 4 deputados máis

Sobre a estratexia do Goberno galego para incorporar a Galicia exterior ao proxecto colectivo da Galicia do futuro, as actuacións levadas a cabo para o seu desenvolvemento, así como a elaboración dun mapa de recursos do posible significado da Galicia exterior para a economía, a sociedade e a cultura galegas

Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 08/POC-7783(70813)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rego González, Ismael

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto para a posta en servizo do centro de día xa rematado no concello de Lourenzá

Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

- 08/POC-7784(70817)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as razóns da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para non asumir a posta en marcha do comedor escolar do Centro de Educación Infantil e Primaria A Rúa, no concello de Cangas

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/POC-7785(70855)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Cajide Hervés, María del Carmen e 3 deputados máis

Sobre as denuncias presentadas en relación co uso dun autobús de transporte adaptado do 065 no transporte escolar do Colexio Público Integrado de Cuntis

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/POC-7786(70865)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Branco Parga, Carlos Fernando e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre o prazo previsto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para regularizar a situación do Instituto de Ensino Secundario Sofia Casanova de Ferrol, así como a situación laboral do seu profesorado no curso 2011-2012

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/POC-7787(70869)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre a incidencia dos recortes orzamentarios anunciados polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para o ano 2012 na execución dos proxectos de infraestruturas para as comarcas das Pontes e Cerceda, previstos no Plan estatal de reserva estratéxica do carbón 2006-2012, e o novo modelo de desenvolvemento integral e sustentable das comarcas mineiras

Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-7788(70886)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a situación actual da empresa Alimentos Lácteos, as súas repercusións no sector e as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade do proxecto e a optimización dos recursos públicos cos que se lle prestou apoio

Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 08/POC-7789(70890)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o anuncio de traslado do mercado de gando de Amio, en Santiago de Compostela, ao recinto feiral de Silleda

Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 08/POC-7790(70895)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre os motivos da caída rexistrada en Galicia no índice de produción industrial, segundo os datos do Instituto Estatal de Estatística, e as actuacións previstas polo Goberno galego para a súa recuperación

Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-7791(70897)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre o número e a localización das electrolíneas existentes en Galicia, o estado de elaboración do Plan director para a promoción do coche eléctrico en Galicia e o número de coches ou vehículos eléctricos matriculados en Galicia nos

últimos dous anos, así como os existentes no parque móbil da Xunta de Galicia

Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-7792(70900)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre o coñecemento e as solucións previstas pola Consellería de Economía e Industria para resolver a situación actual do centro de traballo da empresa Gamesa no concello das Somozas, así como a presentación por esta dalgún recurso de alzada o algunha demanda xudicial en relación co último concurso eólico

Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 08/POC-7793(70942)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Viéitez Alonso, Henrique

Sobre as razóns da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para dotar dunha única profesora a Escola de Educación Infantil do Outeiro, no concello de Pazos de Borbén, e os proxectos existentes para o futuro desta escola

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/POC-7794(70946)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a denegación dun taxi adaptado a un neno de Fornelos de Montes para asistir ao Instituto de Ensino Secundario de Ponte Caldelas na súa cadeira con motor

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

- 08/POC-7795(70954)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fraga Santos, Silvia Belén e 2 deputados máis

Sobre o accidente sufrido por un alumno con problemas de mobilidade ao desprenderse o elevador no Colexio de Educación Infantil e Primaria Alfonso D. Rodríguez Castelao, do concello de Ordes

Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2011

José Manuel Baltar Blanco
Vicepresidente 1.º



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2011 09:30
Nº Rexistro: 70628
Data envío: 15/09/2011 19:24:21.844

Á Mesa do Parlamento


O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Alfredo Suárez Canal** e da súa deputada **María Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre comunicacións aos interesados sobre falla de documentación.

A presenza das novas tecnoloxías, na relación da administración cos administrados, é cada vez maior e, en moitas ocasións, serve para facilitar e abaratar trámites. Pero debe ser unha preocupación das administracións que este proceso crecente de presenza dos novos instrumentos de comunicación non produza merma de dereitos nas persoas de menos recursos.

Nalgunhas ordes que sustentan convocatorias sometidas á concorrència competitiva vemos como a administración recorre unicamente ao DOG e á paxina web para comunicarse con participantes nas mesmas que necesitan completar documentación.

Parece claro que este mecanismo, que nalgúns casos evita a comunicación directa aos interesados, significa un considerable aforro de trámites para a administración pero, nalgúns casos, pode propiciar que non lle chegue aos interesados a comunicación.

Precisamente por iso pensamos que a administración debería contemplar algún mecanismo, que practicamente non significase nin incremento de trámites nin de custes, que puidese representar a garantía da comunicación directa aos interesados, sobre todo cando estamos a falar de completar documentación. Simplemente unha



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2011 09:30
Nº Rexistro: 70628
Data envío: 15/09/2011 19:24:21.844

comunicación a un correo electrónico dos interesados, que se pode solicitar como requisito nas respectivas bases das convocatorias, sería suficiente.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a articular os mecanismos necesarios para que en todas as convocatorias da administración galega, e singularmente as de concorrencia competitiva, se asegure que os interesados que necesiten cumprimentar documentación teñan unha comunicación directa individualizada.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2011.

Asdo.: Alfredo Suárez Canal

María Tereixa Paz Franco

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano


Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Alfredo Suárez Canal na data 15/09/2011 19:10:11

María Tereixa Paz Franco na data 15/09/2011 19:10:15

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 15/09/2011 19:10:20



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2011 13:13
Nº Rexistro: 70664
Data envío: 16/09/2011 13:13:46.104

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do seu deputado e portavoz **Carlos Aymerich Cano**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa á actuación policial os días 24 e 25 de Xullo de 2011 en Santiago de Compostela


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Do exhaustivo informe elaborado polo Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades "Esculca" conclúese que nas actuacións policiais dos pasados 24 e 25 de Xullo en Santiago de Compostela son detectábeis graves irregularidades consistentes na falta de identificación dos axentes (nomeadamente dos anti-disturbios), a falta de fundamento das dilixencias de identificación realizadas a varias persoas na noite do 24 de Xullo (nalgúns casos con violencia) e a desproporción de cargas policiais como a producida na Porta Faxeira á volta das 22:00 h. do día 24, alén da curiosa prohibición de que as persoas que portaban bandeiras galegas puidesen atravesar a Praza do Obradoiro no mediodía do día 25.

Co fin de corrixir estas irregularidades e evitar que se volvan producir no futuro, fórmulase a seguinte

PROPOSICIÓN NON DE LEI

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a demandar do Goberno español que a actuación das forzas de seguranza respecten os dereitos e liberdades da cidadanía



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2011 13:13
Nº Rexistro: 70664
Data envío: 16/09/2011 13:13:46.104

e cumpran as normas e criterios –en particular o de proporcionalidade- aos que se debe suxeitar a súa intervención, investigando en concreto as denuncias formuladas polas actuacións policiais os pasados 24 e 25 de Xullo en Santiago de Compostela.”

Santiago de Compostela, 16 de Setembro de 2011.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 16/09/2011 13:12:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado **Henrique Viéitez Alonso** e da deputada **Isabel Sánchez Montenegro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei na Comisión 2ª**, dirixida ao Goberno galego, relativa á calidade das augas do río Tea ao seu paso polo concello de Mondariz.

No ano 2008, a Unión Europea fixo público un informe onde indica que a calidade das augas da praia pluvial de O Val, pertencente ao río Tea á altura do concello de Mondariz están contaminadas e, polo tanto, non eran aptas para o baño, unha situación que viña repetíndose dende, alomenos, dez anos para atrás e todos os veráns. Esta situación é moi grave xa que atenta contra a saúde das persoas e so son tres as praias contaminadas en todo Estado Español.

Esta situación sigue perpetuándose como o demostran as distintas análises feitas pola consellería de Sanidade durante este verán que, mediante mostras realizadas cada quince días, chegando a acadar niveis de contaminación por enterococo intestinal e escherichia coli tres veces superior aos límites permitidos. Segundo a normativa vixente, as administracións públicas deben difundir, para o coñecemento xeral, a información relativa á calidade das augas de baño, como se ven facendo na maioría dos lugares. Non é a práctica nen da consellería nen do concello, ocultando unha información de carácter vital e non so se procede deste xeito, senón que chegan a promover actos de carácter lúdico nas propias augas contaminadas que multiplican ditos límites sen poñer en coñecemento das persoas o risco que corren como o fixo o concello no verán ao promover unha festa da auga para a xuventude.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta actitude responsábel repítese ano tras ano, onde parece existir unha convivencia entre os gobernos das respectivas administracións responsábeis de evitar estas situacións, a pesares de coñecer que a depuradora municipal de Merouces esta obsoleta e é incapaz de dar resposta adecuada para a depuración das augas pluviais ou mesmamente as decantadoras implantadas pola Deputación de Pontevedra que non serven para solucionar o problema.

Chegado a estas circunstancias, tendo en conta estes antecedentes e dada a magnitude do problema, e polo que formulamos a seguinte proposición non de lei en Comisión, dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

O Parlamento insta ao Goberno galego a:

- 1) Realizar un estudo para dotar dun saneamento integral en toda a conca do Tea, con especial fincapé na eliminación de aqueles puntos de contaminación existentes.
- 2) Establecer os mecanismos necesarios para conectar a rede de saneamento do concello de Mondariz á rede da EDAR de Mondariz-Balneario, a xeito de poñer en uso pleno a depuradora asentada neste último concello.
- 3) Promover unha campaña de información veraz e visíbel para poñer en coñecemento da poboación os riscos que corre no caso de non respectar as recomendacións derivadas da situación de contaminación.
- 4) Contemplan nos orzamentos do ano que ven, unha partida destinada a solucionar os focos de contaminación.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5) Marcarse como obxectivo que para o verán que ven as obras máis necesarias estarán feitas.

Compostela, a 15 de setembro do 2011.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Isabel Sánchez Montenegro

Deputado e Deputada do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 16/09/2011 13:31:03

Isabel Sánchez Montenegro na data 16/09/2011 13:31:09

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 16/09/2011 13:31:14



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputada, **Miguel Ángel Fernández López, Ricardo Varela Sánchez e María Concepción Burgo López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, sobre o peche do Centro de Saúde de Oural (Sarria).

O pasado día 12 de setembro a Consellaría de Sanidade decidiu pechar o Centro de Saúde de Oural en Sarria que ten unha poboación de referencia de preto de 1.000 persoas.

Esta decisión foi comunicada aos traballadores do centro 4 días antes a través dunha comunicación telefónica, e que nosoutros saibamos non fora comunicada tampouco coa antelación debida nin ao Concello de Sarria.

Esta decisión que a Consellaría xustifica como unha medida eficaz e eficiente, xa esta a provocar importantes trastornos a unha importante poboación, veciños do núcleo urbano do Oural e parroquias limítrofes.

Tratase dunha poboación cunha idade media alta que en moitos casos nin dispón de medio de transporte propio para desprazarse aos máis de 8 km. que separan ambos os dous núcleos urbanos.

Esta decisión é totalmente inxustificada porque no dito centro traballan un DUE e un médico do Sergas con praza definitiva asinada que teñen unha cota de preto de 1.000 cartillas. Dita medida non pode ser xustificada como unha medida de aforro nin de eficacia, porque os gastos de mantemento do centro de saúde son mínimos, e non vai supor a redución de persoal que permitirá un suposto aforro.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a reabrir de inmediato o Centro de Saúde de Oural (Sarria).

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2011

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo: Miguel Angel Fernández López
Ricardo Varela Sánchez
María Concepción Burgo López
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Fernández López na data 19/09/2011 18:19:59

Ricardo Varela Sánchez na data 19/09/2011 18:20:04

María Concepción Burgo López na data 19/09/2011 18:20:16

Abel Fermín Losada Álvarez na data 19/09/2011 18:20:19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 10:20
Nº Rexistro: 70761
Data envío: 20/09/2011 10:20:58.413


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión**, sobre a adopción de medidas que impidan a consolidación dos depósitos de almacenamento de produtos químicos e petrolíferos no peirao do Ferrazo, en Vilagarcía de Arousa.

Sendas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e do Tribunal Supremo (esta última de carácter firme, non recorríbel) declaran ilegais os depósitos de almacenamento de produtos químicos e petrolíferos do peirao do Ferrazo, en Vilagarcía de Arousa, por seren tramitados sen a preceptiva Avaliación de Impacto Ambiental. A maiores, os fundamentos xurídicos desta última sentenza recoñecen riscos inasumíbeis na localización dos depósitos, tanto no perigo potencial directo que representan para a poboación circundante, como no tocante á ameaza á densa e rica actividade produtiva que se desenvolve na ría de Arousa.

Malia á contundencia dos argumentos expostos, existe agora un novo intento de consolidación dos depósitos de Finsa-Foresa na súa actual localización, a través do inicio dun novo proceso de declaración de impacto ambiental que, semella, goza do apoio do actual goberno do Partido Popular.

Resulta surrealista que, no canto de actuar para proceder –ao amparo do mandato xudicial- á paralización, baleirado e traslado dos depósitos, se abra agora



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 10:20
Nº Rexistro: 70761
Data envío: 20/09/2011 10:20:58.413

novamente a irresponsábel opción da súa consolidación e legalización na súa localización actual.

A seguranza e a saúde dos habitantes de Vilagarcía de Arousa, e o equilibrio ambiental dunha ría que é quen de xerar 26.000 postos de traballo vinculados ao mar, non se pode pór en perigo por intereses empresariais e beneficios privados. Nesta situación de conflito, o Goberno galego debe tomar partido pola sociedade, e non por un negocio empresarial que pon en risco a vida desa mesma sociedade.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Pór en marcha as accións precisas conducentes, no ámbito das súas competencias, a impedir a consolidación, funcionamento e actividade dos depósitos de almacenamento de produtos químicos e petrolíferos do peirao do Ferrazo, en Vilagarcía de Arousa, na súa actual localización, a fin de garantir a súa retirada.

2.- Dirixirse ao Goberno español a fin de adoptar:

a) As medidas precisas para retirar e trasladar fora da ría de Arousa estes mesmos depósitos.

b) A eliminación do transporte marítimo de hidrocarburos e mercadorías perigosas na ría de Arousa.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 20/09/2011 10:02:52

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e á iniciativa dos deputados e deputadas, **Antonio Ángel Fraga Sánchez, Natalia Barros Sánchez, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Javier Escribano Rodríguez, Ángeles Díaz Pardo, Cristina Romero Fernández, Pedro M. Arias Veira e Alberto Sueiro Pastoriza**, ó abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de Motivos

O mes de xuño do ano pasado entrou en vigor a normativa relativa á liberación do mercado enerxético.

Dende ese momento, todos os titulares de suministros eléctricos de potencia superior ós 10kw víronse obrigados por lei a contratar o seu suministro eléctrico no mercado libre con calquera empresa comercializadora de enerxía eléctrica.

Todos coñecemos a realidade do sector e a dificultade de acadar ofertas competitivas.

No caso dos pequenos e medianos concellos galegos, con déficit de técnicos cualificados para a supervisión, control e contratación dos suministros eléctricos e con niveles de consumo de kilowatios/hora pouco atractivos para as empresas comercializadoras, a liberación do mercado supuxo máis atrancos que vantaxes.

Debemos ter en conta a existencia de organismos como a FEGAMP ou as Deputacións Provinciais, que poderían encauzar un procedemento axeitado para solventar, en parte, esta problemática mediante o sistema da xeración de economías de aglomeración.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia para que requira á FEGAMP e ás Deputacións Provinciais a levar a cabo fórmulas que posibiliten cós concellos, que, sumando os consumos eléctricos dos distintos concellos, facer paquetes de consumo atractivos para as comercializadoras que, mediante os procedementos de contratación oportunos, poidan ofrecer prezos por kw/h máis baratos que os actuais, suavizando o gasto corrente dos concellos na factura eléctrica”.

Santiago de Compostela, 20 de Setembro de 2011.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/09/2011 11:17:46

Antonio Fraga Sánchez na data 20/09/2011 11:18:00

Natalia Barros Sánchez na data 20/09/2011 11:18:15

Daniel Luis Varela Suancez-Carpegna na data 20/09/2011 11:18:29


Javier Escribano Rodríguez na data 20/09/2011 11:18:41

Maria Angeles Díaz Pardo na data 20/09/2011 11:18:49

Cristina Isabel Romero Fernández na data 20/09/2011 11:18:57

Pedro Manuel Arias Vieira na data 20/09/2011 11:19:03

Alberto Sueiro Pastoriza na data 20/09/2011 11:19:18



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) por iniciativa de **Tereixa Paz Franco, Alfredo Suárez Canal e Teresa Táboas Veleiro**, deputadas e deputado, presenta a seguinte **Proposición non de lei na Comisión 2ª**, relativa á supervisión da liña de alta velocidade entre Ourense e Santiago polo Centro de Control de Tráfico Ferroviario de Ourense.

O Centro de Control del Tráfico ferroviario situado en Ourense conta con recursos humanos suficientemente capacitados e tecnoloxía para controlar o tráfico de todos os trens que circulan actualmente pola rede convencional de Galiza, así como os que en el futuro utilicen las liñas de alta velocidade.

Pola contra , na súa comparecencia na Comisión de Fomento del Congreso doa Deputados o xoves 15 de setembro de 2011, o Ministro de Fomento desveloulle ao deputado del BNG, Francisco Jorquera, que será o centro de control de León, que aínda está en execución, o que se ocupará de la liña de AVE entre Ourense y Santiago. É dicir, un centro de control situado en terras leonesas vaise ocupar de controlar o tráfico de trens de una liña de alta velocidade, que discorre integramente por el territorio galego como é la conexión Ourense-Santiago. E isto malia existir un magnífico centro de control ferroviario na cidade ourensá do que o propio Ministro, manifestou en varias ocasións que a estación de Ourense, será o principal no de distribución da alta velocidade en Galiza.



OFICINA PARLAMENTAR


Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, consideramos que excluír da ordenación e da supervisión das liñas de alta velocidade, que transcorran polo territorio galego, ao Centro de Control Ferroviario de Ourense, traerá consigo complicacións técnicas e organizativas, xa que a día de hoxe todas as liñas de Galiza están xestionadas desde el CTC de Ourense, a excepción de la liña Ponferrada-Monforte, que se supervisa desde León. Desde este posto de mando xestionase todo lo relacionado coa circulación, a sinalización, as comunicacións e os mandos das subestacións en tramos electrificados. É o punto desde o que se coordinan as incidencias ou accidentes e, de haber un fallo informático, pode provocar retrasos en cadea, como xa sucedeu en varias ocasións.

Para este Grupo Parlamentar, esta é unha decisión inxustificada, que unicamente responde a unha estratexia política, perfectamente planificada desde fai anos e que consiste en desmantelar todas as dotacións ferroviarias existentes en Galiza, para centralas no macrocentro de control que se está construíndo en León. Ao noxo xuízo, esta inxusta decisión ademais de afectar á seguridade e á eficacia na operatividade da nova liña de Alta Velocidade entre Ourense-Santiago, suporá unha nova perda de postos de traballo na estación ferroviaria de Ourense.

Por iso consideramos necesario que o Goberno Galego se dirixa ao Ministerio de Fomento para trasladarlle a necesidade de que recapacite sobre dita decisión e realizar as xestións oportunas para lograr que estas tarefas sexan asumidas polo Centro de Control de Ourense.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas e do deputado asonantes, formulan a seguinte Proposición non de lei ante a Comisión:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a realizar ante o Ministerio de Fomento as xestións conducentes a que se manteña como competencia do Centro de Control de Ourense a liña de alta velocidade entre Ourense e Santiago e que se manteñan todos os postos de traballo na estación de Ourense.

Santiago de Compostela, 20 de Setembro de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

Alfredo Suárez Canal

Teresa Táboas Veleiro


Deputadas e Deputado do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 20/09/2011 19:18:35



OFICINA PARLAMENTAR


Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alfredo Suárez Canal na data 20/09/2011 19:18:41

Teresa Táboas Veleiro na data 20/09/2011 19:18:44

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 20/09/2011 19:18:46



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2011 10:57
Nº Rexistro: 70816
Data envío: 21/09/2011 10:57:47.480

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada María do Carme Adán Villamarín e do seu deputado Bieito Lobeira Domínguez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de motivos:

A educación é un dos piares básicos que garante a igualdade de oportunidades na sociedade actual. Investir nun bo sistema educativo é a garantía do necesario desenvolvemento económico e social da sociedade. Porén todos os servizos educativos son importantes e contribúen de xeito moi significativo á formación do individuo. Nun momento de crise económica como o actual debería ser maior o compromiso da administración educativa coas necesidades da cidadanía. Mais como podemos comprobar a cotío as accións do Goberno galego van en sentido contrario.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presentou diante deste Parlamento diferentes iniciativas para impulsar o servizo de comedor nas escolas galegas dada a demanda que existe por parte dos e das proxenitores e tamén por ser un dos servizos de conciliación máis demandado na actualidade. Os cambios sociais e culturais da sociedade e as dificultades das mulleres e homes para compaxinar a vida laboral coa educación dos fillos e fillas fan necesaria a ampliación e modificación dos servizos educativos complementarios para dar resposta adecuada e eficaz a estes cambios facilitando a vida das familias en condicións de igualdade e compensación das súas necesidades. Os comedores escolares son un servizo que desenvolven unha



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2011 10:57
Nº Rexistro: 70816
Data envío: 21/09/2011 10:57:47.480


destacada función social e educativa e están integrados na vida e organización dos centros educativos.

No CEIP Rúa de Cangas, logo dun evidente retraso, investíronse 345.000 euros para o acondicionamento dun espazo para o comedor escolar. Mais neste momento a Consellería de Educación rexeita a apertura do comedor escolar argumentando a inexistencia de crédito para asumir o gasto mediante a modalidade de contratación do servizo cunha empresa do sector hostaleiro . Cómpre lembrar que os orzamentos da Xunta para o 2011 supuxeron un recorte importante nas partidas educativas chegando a un 35% de retallamento na partida de axudas ás Anpas para os comedores escolares.

A Consellaría de Educación desestima asumir a xestión deste comedor argumentando “que o colexio está situado en zoa periurbana, que ten aprobada a xornada única e que dispón de transporte escolar ao remate das clases polo que a razoable proximidade existente entre o centro e os domicilios dos alumnos non demora de xeito prexudicial para a súa saúde o acto da comida”.

Como podemos observar son unhas declaracións intolerables por ser contrarias incluso á lexislación actual que reserva un espazo destacado á tarefa conciliadora da vida educativa e familiar coa laboral e elimina os obstáculos económicos, sociais e de calesquera outra índole que dificultan ou impiden o desenvolvemento do dereito á educación. Máxime cando o goberno actual aproba unha Lei de Familia que supostamente pretende apoiar ás familias galegas.

O goberno local anterior fixo un esforzo inxente para dotar de espazos onde prestar o servizo de comedor nos colexios públicos como Aldán e Hio e sumouse á



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2011 10:57
Nº Rexistro: 70816
Data envío: 21/09/2011 10:57:47.480

solicitude da comunidade educativa da Rúa para o pronto remate das obras de ampliación e dotación de comedor da Consellería. Este servizo non pode depender do voluntarismo de nais e pais e require dun compromiso maior da Xunta.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego á inmediata posta en marcha, para este curso 2011-12, do comedor escolar do CEIP A Rúa, asumindo e regulando este servizo na modalidade proposta pola Anpa”

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG.

Bieito Lobeira Domínguez

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 21/09/2011 10:27:20

Bieito Lobeira Domínguez na data 21/09/2011 10:27:27



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2011 10:59
Nº Rexistro: 70819
Data envío: 21/09/2011 10:59:30.105


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada María do Carme Adán Villamarín e do seu deputado Carlos Aymerich Cano, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de motivos:

A educación é un dos piares básicos que garante a igualdade de oportunidades na sociedade actual. Investir nun bo sistema educativo é a garantía do necesario desenvolvemento económico e social da sociedade. Porén todos os servizos educativos son importantes e contribúen de xeito moi significativo á formación do individuo. Nun momento de crise económica como o actual debería ser maior o compromiso da administración educativa coas necesidades da cidadanía. Mais, como podemos comprobar a cotío, as accións do Goberno galego van en sentido contrario.

O grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presentou diante deste Parlamento diferentes iniciativas para impulsar o servizo de comedor nas escolas galegas dada a demanda que existe por parte dos e das proxenitores e tamén por ser un dos servizos de conciliación máis demandado na actualidade. Os cambios sociais e culturais da sociedade e as dificultades das mulleres e homes para compaxinar a vida laboral coa educación dos fillos e fillas fan necesaria a ampliación e modificación dos servizos educativos complementarios para dar resposta adecuada e eficaz a estes cambios, facilitando a vida das familias en condicións de igualdade e compensación das súas necesidades. Os comedores escolares son un servizo que desenvolven unha



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2011 10:59
Nº Rexistro: 70819
Data envío: 21/09/2011 10:59:30.105

destacada función social e educativa e están integrados na vida e organización dos centros educativos.

Os comedores escolares da cidade de Vigo, froito desde fai moitos anos do esforzo das Asociacións de Nais e Pais do alumnado necesitan neste momento un apoio decidido da administración educativa galega. Isto é, un cambio na política educativa da Consellaría de Educación que ven de recortarlle un 35% as axudas ás ANPAs para as xestións dos comedores.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a presentar un plan de xestión dos comedores por parte da administración educativa. Dito plan contemplará un cronograma para que no prazo de tres cursos escolares todos os comedores xestionados polas Asociacións de nais e pais de alumnos e alumnas pasen a depender da Consellaría de Educación”.


Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2011.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2011 10:59
Nº Rexistro: 70819
Data envío: 21/09/2011 10:59:30.105

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 21/09/2011 10:47:24

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 21/09/2011 10:47:31

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, ao abeiro do disposto no Artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de Motivos

O vindeiro ano 2012 cumprírase o centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro na vila ourensá de Celanova, moi preto da casa paterna do tamén insigne celanovés Manuel Curros Enríquez, do que, co vagar do tempo, acabaría converténdose en herdeiro poético e biógrafo entusiasta.

Celso Emilio Ferreiro foi, sen dúbida, un dos poetas galegos máis influíntes do século pasado, representativo dunha poesía directa e fortemente comprometida, mais tamén sensible e humanista, que serviu de inspiración a moitos dos creadores galegos que o sucederon.

Os seus primeiros versos, sensiblemente influenciados pola obra de Curros, naceron sendo el aínda un mozo que estudiaba no Colexio dos Escolapios da súa vila natal, baixo a forma do seu famoso Cartafol de poesía, publicado xunto con Carlos Velo.

Nos anos 30 comeza a desenvolver un traballo xornalístico, poético e político marcado polo compromiso coa súa terra. Estudiu Dereito e Maxisterio en Compostela e, logo de casar, instalouse primeiro en Pontevedra e máis tarde en Vigo, colaborando en diversos xornais e revistas. En 1966 marcha a Venezuela, onde participa activamente na vida cultural e publica varias obras, fundamentalmente de ton satírico. Á súa volta da emigración instálase en Madrid, dedicándose por completo á actividade literaria e xornalística. O 31 de agosto de 1979 finou subitamente en Vigo e foi soterrado na vila que o vira nacer.

Autor de obra en castelán e galego, tanto en prosa como en poesía, foi quizais neste último xénero e na lingua propia de Galicia na que Celso Emilio Ferreiro reflectiu dun xeito máis efectivo a súa personalidade e o seu compromiso social.

O espírito que caracteriza a súa obra poética é froito do seu peculiar xeito de contemplar o mundo. A súa verba satírica, crítica, comprometida e rebelde amósase tamén fondamente existencial, evocadora e intimista e sírvelle de altofalante para denunciar a desigualdade social e a inxustiza en calquera das súas caras.

Aínda que o seu labor poético abrangue numerosa obra, como *O sono sulagado*, *Cemiterio privado*, *Terra de Ningures*, *Viaxe ao país dos ananos* ou *Onde o mundo se chama Celanova*, foi a publicación do poemario *Longa noite de pedra*, en 1962, o que marcou un fito na poesía de corte social e o consolidou como herdeiro do legado de Manuel Curros Enríquez.

Como recoñecemento á súa traxectoria literaria, no ano 1989 foi o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.

Cando está a piques de conmemorarse o centenario do seu nacemento, a declaración do vindeiro ano 2012 como Ano de Celso Emilio Ferreiro constitúe un tributo acaído e necesario á figura dun dos grandes escritores da literatura galega.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición Non de Lei, para debater en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a declarar o vindeiro ano 2012 Ano de Celso Emilio Ferreiro, acompañando esta declaración con actuacións de promoción e difusión da súa obra literaria e buscando a implicación das diferentes institucións públicas e culturais a fin de conmemorar o centenario do seu nacemento”.

Santiago de Compostela, 21 de Setembro de 2011

Asinado dixitalmente por:

Alberto Nuñez Feijoo na data 21/09/2011 14:43:13

Pilar Rojo Noguera na data 21/09/2011 14:43:21

Pedro Puy Fraga na data 21/09/2011 14:43:30

Jose Manuel Baltar Blanco na data 21/09/2011 14:43:38

Jose Manuel Balseiro Orol na data 21/09/2011 14:43:48

Marta Rodríguez Arias na data 21/09/2011 14:43:56

Román Rodríguez González na data 21/09/2011 14:44:01

Antonio Rodríguez Miranda na data 21/09/2011 14:44:11

Cristina Isabel Romero Fernández na data 21/09/2011 14:44:17

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 21/09/2011 14:44:31

Enrique Novoa López na data 21/09/2011 14:44:40

Yolanda Díaz Lugilde na data 21/09/2011 14:44:53

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 21/09/2011 14:45:12

María Seoane Romero na data 21/09/2011 14:45:37

Encarnación González Montemuíño na data 21/09/2011 14:45:42

Pablo Cobián Fernandez de la Puente na data 21/09/2011 14:45:47

Pedro Manuel Arias Vieira na data 21/09/2011 14:45:51

Paula Prado del Río na data 21/09/2011 14:45:58

Agustin Baamonde Díaz na data 21/09/2011 14:46:04

Jesus Antonio Goldar Güimil na data 21/09/2011 14:46:11

Maria Angeles Díaz Pardo na data 21/09/2011 14:46:18

Daniel Luis Varela Suancez-Carpegna na data 21/09/2011 14:46:26

Alejandro Gomez Alonso na data 21/09/2011 14:46:34

María de Fátima Iglesias Ferreira na data 21/09/2011 14:46:42

Maria Isabel García Pacín na data 21/09/2011 14:46:55

Dámaso López Rodríguez na data 21/09/2011 14:47:06

Natalia Barros Sánchez na data 21/09/2011 14:47:16

Javier Escribano Rodríguez na data 21/09/2011 14:47:30

María Soledad Piñeiro Martínez na data 21/09/2011 14:47:43

Rosa Oubiña Solla na data 21/09/2011 14:47:57

Antonio Fraga Sánchez na data 21/09/2011 14:48:11

Maria Emma Álvarez Chao na data 21/09/2011 14:48:28

Jacobo Moreira Ferro na data 21/09/2011 14:48:43


Lourdes Yáñez García na data 21/09/2011 14:48:55

Jaime Castiñeira Broz na data 21/09/2011 14:49:06

Marta Valcárcel Gómez na data 21/09/2011 14:49:20

Alberto Sueiro Pastoriza na data 21/09/2011 14:49:30

Lorena López Rodríguez na data 21/09/2011 14:49:46



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei na Comisión 7ª**, relativa á actuación da Xunta de Galiza en relación coa situación que atravesamos a empresa Alimentos Lácteos e as súas repercusións no sector lácteo galego.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego asistimos con crecente preocupación a situación que está a atravesar o sector lácteo na nosa nación que ademais de facer fronte a unha prolongada situación de prezos en orixe do leite que non é dabondo para cubrir os gastos de produción ten que enfrontarse nun futuro cada vez máis próximo a un novo escenario motivado por decisións adoptadas no ámbito do chequeo médico da PAC que non son nada favorábeis aos intereses dos produtores galegos.

Ao mesmo tempo vemos como hai unha total pasividade e abandono por parte da Xunta de Galiza, nomeadamente da Consellaría do Medio Rural, malia ostentar poderosas competencias e instrumentos neste ámbito, no que se refire á procura de solucións aos problemas estruturais que lastran o noso sector lácteo. Nada se ten avanzado nos últimos anos en dotar de maior rendibilidade e viabilidade de futuro ao sector produtor como elemento esencial para a dinamización social e económica do medio rural, mais tampouco se ten avanzado en dotármolos dun sector industrial e transformador viábel, de capital galego que contribúa á creación de riqueza e diminúa a dependencia do sector lácteo galego de capital foráneo, mais ben todo o contrario.

É polo tanto neste contexto, no que ao xuízo deste Grupo Parlamentar, cobra especial relevancia a situación pola que atravesamos a empresa Alimentos Lácteos, empresa que non podemos esquecer que no seu día foi constituída co apoio económico e institucional da Xunta de Galiza fronte a outras alternativas que non lograron dito apoio.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consideramos de vital importancia unha actuación do Goberno galego non só de cara a manter a capacidade industrial senón tamén polas consecuencias que para moitos produtores e produtores está provocando xa na actualidade e que se poderán ver incrementadas no futuro.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate ante a Comisión:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas coa finalidade de manter a actividade da industria láctea e a viabilidade do sector produtor:

1.- Realizar un estudo acerca da situación económica de Alimentos Lácteos analizando as contas e os balances da súa xestión como base para a elaboración dun plan de viabilidade para o futuro coa implicación do Goberno Galego para garantir a saída da actual situación.

2.- Garantir a recollida e o pago do leite a todas as explotacións que entregan o seu leite a Alimentos Lácteos e ás que forman parte das cooperativas integradas neste proxecto.

Santiago de Compostela, 21 de Setembro de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**


Deputada do G.P. do BNG

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 21/09/2011 17:45:38



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 21/09/2011 17:45:55



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, **Marisol Soneira Tajés, María Concepción Burgo López, Francisco Cerviño González, Guillermo Meijón Couselo e Xoaquín Fernández Leiceaga**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

A todo o longo da Costa da Morte os pecios, procedentes de accidentes naturais e de batallas navíos, sementan os fondos mariños. Moitos están localizados e figuran nas antigas libretas “de marcas” que todo vello mariñeiro ten como un tesouro, e actualmente nas costas que figuran nos aparellos electrónicos das embarcacións de pesca. A razón é sinxela xa que un pecio é un magnífico arrecife artificial onde atopan acubillo moitas especies mariñas.

Recentemente, estanse levando a cabo prospeccións arqueolóxicas na ría de Corcubión que están dando como resultado o achado de restos dun enorme interese histórico, cultural e patrimonial.

Distintos proxectos, promovidos por administracións diversas e por entidades de ámbito local e comercial, están dinamizando o turismo e o patrimonio da zona. Exemplos son a utilización dos fosos como museos ou como establecementos hostaleiros de distinto tipo, etc.

O patrimonio subacuático detectado e recuperado, pode ser un elemento moi interesante para atraer turismo cultural á Costa da Morte, se estes achados quedasen no territorio.

O Grupo Parlamentario Socialista, diante desta realidade, e diante de determinadas novas aparecidas nos medios de comunicación, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a crear, na Costa da Morte, un espazo museístico que acolla, conserve, recupere e expoña o patrimonio subacuático recuperado dos fondos mariños deste territorio.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
María Concepción Burgo López
Francisco Cerviño González
Guillermo Meijón Couselo
Xoaquín Fernández Leiceaga

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 22/09/2011 13:30:59

María Concepción Burgo López na data 22/09/2011 13:31:10

Francisco Xulio Cerviño González na data 22/09/2011 13:31:13

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 22/09/2011 13:31:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/09/2011 13:31:19

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/09/2011 13:31:24



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das púas deputadas e dos seus deputados **Carmen Cajide Hervés, Silvia Fraga Santos, Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

Dende hai máis de dúas décadas, diferentes organismos e institucións veñen apostando por adaptar a linguaxe ao principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loitando contra os usos sexistas que aínda perviven na mesma.

Froito destes traballos viron a luz diferentes instrumentos de traballo (guías, manuais, etc.) que marcan as directrices a seguir para incorporar ás mulleres á máis potente vía de comunicación, como é a linguaxe.

Máis alá de Galicia e España, organizacións como a Unión Europea ou a UNESCO amosaron a súa sensibilidade con este tema, aprobando resolucións que recomendan a eliminación do sexismo na linguaxe.

No Grupo Parlamentario Socialista somos conscientes da necesidade da implicación de todas as institucións, en especial as Universidades e a Real Academia Galega, en todo o que ten que ver coa adaptación da linguaxe á realidade social que vivimos. Recentemente a secretaria xeral de Igualdade informou no Parlamento sobre o iniciou de conversas para favorecer unha maior participación feminina na Real Academia Galega.

Ben que dende o Grupo Socialista consideramos positivo este paso, entendemos que a oportunidade debe de ser aproveitada para unha maior implicación da Real Academia Galega na adaptación da linguaxe ao principio de igualdade entre mulleres e homes.



Grupo Parlamentario

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar, xunto coas tres universidades galegas e coa Real Academia Galega un manual, guía ou protocolo que contribúa a adaptar a linguaxe ao principio de igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes; publicar dito instrumento e distribuílo en organismos, institucións, medios de comunicación, etc. tratando de expandir o máximo posible o seu contido.

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2011

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Silvia Fraga Santos
Guillermo Meijón Couselo
Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Francisco Cerviño González

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 22/09/2011 14:00:42

Silvia Belen Fraga Santos na data 22/09/2011 14:00:46

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 22/09/2011 14:00:51

María Concepción Burgo López na data 22/09/2011 14:00:57

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/09/2011 14:01:01

Francisco Xulio Cerviño González na data 22/09/2011 14:01:07



Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/09/2011 14:01:13

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **José Manuel Lage Tuñas**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, co obxecto de impulsar unha normativa autonómica de publicidade e transparencia dos intereses, actividades e patrimonio dos altos cargos da Xunta de Galicia e do conxunto de entidades que conforman o sector público galego.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de Motivos

A participación da cidadanía nos asuntos públicos confórmase hoxe como un elemento fundamental no contexto dun novo modelo de Goberno onde debe destacar a transparencia, a información e a asunción de responsabilidades por parte dos xestores públicos.

O desenvolvemento da actividade política dende un cargo público debe realizarse cumprindo coa legalidade vixente e cun compromiso ético.

A Lei 4/2006 de Transparencia e boas prácticas na Administración Pública galega foi un primeiro paso para mellorar a relación entre o poder político e a cidadanía ao facilitar o acceso a moitos expedientes dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia a través da rede internet.

Tamén o Decreto 205/2008, do 4 de setembro, polo que se regulan os rexistros de actividades e de bens patrimoniais de altos cargos da Xunta de Galicia foi un paso adiante importante para dar a coñecer as actividades dos membros do Goberno de Galicia.

É preciso dar un paso máis no referido á publicidade e á transparencia das actividades, bens patrimoniais e intereses das persoas que ocupan un cargo público dando así resposta ás demandas da sociedade.

A publicación no Diario Oficial de Galicia das actividades, bens patrimoniais, rendas e intereses dos xestores públicos é unha medida necesaria para facilitar o control sobre a actividade política para o conxunto da cidadanía.

As obrigas que se imponen aos representantes e xestores públicos no noso país teñen que ser acordes coa esixencia de incrementar a calidade do noso sistema democrático.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Na pasada lexislatura déronse pasos importantes nesta dirección, seguindo unha liña que foi impulsada polo principio de transparencia, estimulada polas demandas sociais identificadas co interese público, e enriquecida pola experiencia de máis de 25 anos de autogoberno en Galicia.

Por iso, a finalidade específica desta proposta que facemos os socialista galegos é dar a coñecer á cidadanía cales son as rendas, e a súa orixe, percibidas polos cargos públicos, durante o seu mandato, así como as variacións experimentadas no seu patrimonio, durante o mesmo período, e tamén, por último, dar a coñecer as súas actividades e intereses privados para que poida comprobarse que non queda supeditado a estes, o interese público que han de servir.

A novidade deste propósito é evidente, aínda que poden sinalarse antecedentes no ordenamento xurídico español, relativos á publicidade de datos económicos dos cidadáns.

Neste sentido o Tribunal Constitucional tivo ocasión de pronunciarse sobre a protección da intimidade persoal afirmando que as declaracións da renda e do patrimonio non teñen relevancia para a intimidade persoal e familiar do contribuínte (Sentencia de 26 de novembro de 1984, Sala 1.^a, no recurso de amparo núm. 575/1983.)

Dar a coñecer á cidadanía a través do Diario Oficial de Galicia, as rendas, e a súa orixe, percibidas polos cargos públicos, durante o seu mandato, así como as variacións experimentadas no seu patrimonio, durante o mesmo período, e tamén dar a coñecer as súas actividades e intereses privados, non invade en consecuencia dereitos constitucionais e si favorecería unha maior capacidade de transparencia e control sobre a actividade dos cargos públicos do noso país.

Esta proposta non converte aos xestores públicos en sospeitosos de conductas irregulares, nin moito menos; aínda que si lles impón obrigas explícitas.

A publicidade inherente á vida democrática somete a quen voluntariamente participa na vida pública a uns controis moi superiores aos que debe soportar o cidadán na súa vida privada. Quen participa na vida pública e tras solicitalo, recibe, directa ou indirectamente, o mandato democrático, é claro que debe soportar, como unha carga inherente ao seu oficio, limitacións á súa actividade e tamén á súa intimidade.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

As circunstancias actuais da vida pública operan claramente a favor da transparencia dos ingresos e as variacións que experimente o patrimonio das persoas que asumen funcións representativas e xestionan a cousa pública, en tanto dura o seu mandato. Calquera veto protector sobre os mesmos, máis que como protección dos dereitos da personalidade, aparecería como indicio sospeitoso de comportamentos irregulares ou, polo menos, eticamente repudiáveis.

Por iso con esta proposta non se trata de facerlles soportar aos políticos maiores riscos dunha lesión dos seus dereitos á intimidade persoal, como contrapartida por optar libremente pola condición de persoas públicas.

O que se pretende é que a publicación de datos da situación económica dos políticos, contribúa a liberalos de inxustificables valoracións divorciadas dos feitos e apoiadas tan só nos prexuízos dunha opinión pública non informada.

Foron as irregularidades dalgúns as que contribuíron ao clima xeral de desmerecemento da ocupación política. Nesta situación parece xustificado que a cidadanía poida dispor, de forma directa, dunha información que lle permita controlar que a dedicación política non ten como obxecto o particular enriquecemento de quen a exerce.

Esta proposta é, en definitiva, unha aposta que os deputados e as deputadas do Parlamento de Galicia deberíamos facer a prol pola transparencia, en canto esta facilita a confianza da cidadanía en quen gobernan e dirixe a xestión dos asuntos públicos.

A mellora da calidade do noso sistema democrático terá que sustentarse nunha maior participación dos cidadáns na esfera pública, nunha maior proximidade entre os representantes electos e a cidadanía, e tamén no acceso á información das Administracións a través dos rexistros públicos correspondentes.

Os socialistas galegos estamos comprometidos coa transparencia no exercicio da actividade pública como xa temos demostrado en pasadas lexislaturas na Cámara lexislativa galega.

Valoramos como un elemento positivo vivir nun país con maiores cotas de existencia dos seus cidadáns con respecto aos seus representantes na Cámara lexislativa e tamén respecto aos seus gobernantes, o executivo que está dirixindo a Xunta de Galicia.



Grupo Parlamentario

A sociedade demanda maiores cotas de transparencia na relación entre os administradores e os administrados, e así neste contexto, xorde a necesidade de lle ofrecer á cidadanía mecanismos de control a través da transparencia administrativa, que se configura como un fundamento esencial do sistema democrático moderno.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A información obtida pola cidadanía permite vixilancia eficaz e efectiva sobre a acción dos poderes públicos, eliminando o risco da existencia de actuacións desviadas do interese xeral, máis alá dos necesarios controis internos das Administracións públicas e Cámara lexislativa.

Co ánimo de contribuír a mellorar a normativa existente en Galicia sobre transparencia e publicidade das actividades, rendas, patrimonio e intereses dos cargos públicos do noso país, o Grupo Parlamentario Socialista presenta esta Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Tramitar unha modificación do regulamento da Cámara, seguindo os mecanismos previstos, para introducir a obriga anual de facer público no Diario Oficial de Galicia, os bens, actividades, rendas e intereses dos deputados e deputadas, así como no momento da toma de posesión da acta de deputados/a como cando cese na súa responsabilidade pública. Ao mesmo tempo facilitarase ao cidadán o libre acceso á citada información a través de internet.

2. Instar á Xunta de Galicia a presentar, no prazo máximo de dous meses, un Proxecto de lei que regule a Publicidade dos Bens, Rendas, Actividades e Intereses dos cargos públicos da Administración autonómica e das entidades que conforman o Sector Público Galego.

Alomenos incluírase no citado Proxecto a publicación anual no Diario Oficial de Galicia das correspondentes declaracións de bens, rendas, actividades e intereses dos cargos públicos da Administración autonómica e das entidades que conforman o Sector Público Galego, que igualmente deberán realizar as correspondentes declaracións tanto no momento da toma de posesión como cando cesen na súa responsabilidade pública, e así tamén durante os dous anos seguintes ao momento do seu cese.



Grupo Parlamentario

O proxecto incluíra unha obriga expresa de facilitar a tódolos cidadáns o libre acceso á citada información a través de internet, coa obriga da súa actualización ao mesmo tempo que son publicadas as correspondentes declaracións anuais no Diario Oficial de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2011

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 22/09/2011 16:08:53

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/09/2011 16:08:57



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado **José Manuel Lage Tuñas**, e a través do seu portavoz, solicita se proceda á corrección de erros advertido nos documentos núm. **70936 e 70937**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Corrección de erros:

Débase modificar o encabezamento da parte resolutiva da Proposición non de lei:

Onde di: “O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:...” debe dicir: “O Parlamento galego acorda:...”

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2011


Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 26/09/2011 12:13:25

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/09/2011 12:13:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2011 17:44
Nº Rexistro: 70944
Data envío: 22/09/2011 17:44:11.781

Á Mesa do Parlamento


O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada María do Carme Adán Villamarín e do deputado Henrique Viéitez Alonso, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de motivos:

A educación é un dos piares básicos que garante a igualdade de oportunidades na sociedade actual. Investir nun bo sistema educativo é a garantía do necesario desenvolvemento económico e social da sociedade. Todas as etapas educativas son de vital importancia no desenvolvemento dos nenos e as nenas, mais podemos afirmar que os primeiros anos da escolarización dun alumno ou alumna marcan as pautas educativas que determinaran o futuro acceso pleno ao coñecemento e a formación.

Asemade a boa dotación de servizos educativos no ámbito máis rural contribúe de xeito claro ao reequilibrio territorial. Diferentes estudos avalan a tese de que investir en bos servizos educativos próximos ao domicilio é unha das medidas necesarias para a reactivación demográfica dun país.

A EEI do Outeiro de Pazos de Borbén é unha escola que conta con dous edificios á súa disposición, un deles con dúas aulas e outro con unha, nos que se imparten as clases de 3, 4 e 5 anos respectivamente. A pesar de seren dúas edificacións, a distancia que hai entre elas é inferior aos 2 metros e, ademais, o



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2011 17:44
Nº Rexistro: 70944
Data envío: 22/09/2011 17:44:11.781

recinto atópase totalmente delimitado e as dúas edificacións forman un só conxunto cunha ampla zona verde. Estas estupendas instalacións chocan coa vontade do Goberno galego que deixa esmorecer as escolas do rural. De feito, a escaseza de profesorado e as dificultades que atopan nais e pais para que se realicen actividades no centro levou á seguinte evolución:

Curso 2007/2008: 35 nenos e nenas.

curso 2008/2009: 30 nenos e nenas.

curso 2009/2010: 24 nenos e nenas.


curso 2010/2011: 17 nenos e nenas.

curso 2011/2012: 15 nenos e nenas.

Na actualidade todos as nenas e nenos están agrupados nun único curso, sen ningún tipo de profesorado de apoio. A profesora responsábel ten que dar aulas aos tres niveis educativos agrupados e, ademais, realiza o traballo de titora, organiza a vida escolar, realiza as funcións de directora e a de administrativa, atendendo o teléfono durante o horario lectivo. No caso dunha baixa por enfermidade leve o alumnado corre o risco de chegar á escola e atopar as portas pechadas. Ante as reiteradas queixas dos pais e nais, que incluso demoraron o inicio do curso escolar, a Administración só argumenta motivos de austeridade para mellorar a dotación deste centro escolar.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego á dotación de persoal suficiente para o normal desenvolvemento do centro educativo EEI do Outeiro de Pazos de Borben”.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2011 17:44
Nº Rexistro: 70944
Data envío: 22/09/2011 17:44:11.781

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Henrique Viéitez Alonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Maria do Carme Adán Villamarín na data 22/09/2011 17:28:23

Henrique Vieitez Alonso na data 22/09/2011 17:28:36

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 22/09/2011 17:28:44



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2011 17:47
Nº Rexistro: 70947
Data envío: 22/09/2011 17:47:14.652

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **María do Carme Adán Villamarín** e do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

Exposición de motivos

No IES de Ponte Caldelas estase a dar unha situación que consideramos debe ser coñecida polo Goberno galego e subsanada polo mesmo de xeito inmediato. No presente curso comezou os seus estudos en dito centro un neno de Fornelos de Montes con parálise cerebral que precisa cadeira con motor. El ten na súa casa unha cadeira con motor eléctrico, pero non pode vir con ela ó Instituto porque a Consellaría non concede a utilización dun taxi adaptado para poder desprazarse coa mesma ao centro. Polo tanto trasládase ao centro educativo nun taxi normal, ao que monta axudado polo taxista e por un irmán colléndoo en brazos. No instituto ten unha cadeira de rodas manual, onde o colocan cando chega, e ten que ser axudado en todo momento pola coidadora, para trasladalo, isto diminúe considerablemente a súa autonomía e seguramente a súa autoestima. A dirección do centro solicitou un taxi adaptado para poder tralo na súa cadeira eléctrica, pero foille denegado. Os motivos son unicamente económicos. Cuestión que non se pode permitir para unha situación deste tipo. Asemade a Consellaría podería valorar a posibilidade de utilizar o vehículo do 065 aparcado sempre fronte o CEIP Cordo Boullosa (Ponte Caldelas) a escasos 300 metros do IES ou se podería facer uso dos servizos de transporte adaptado do 061



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2011 17:47
Nº Rexistro: 70947
Data envío: 22/09/2011 17:47:14.652

do que dispón a Consellaría de Benestar creado durante o Goberno bipartito.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego á subsanar de xeito inmediato a situación que vive o alumno con diversidade funcional do IES Ponte Caldelas. Para tal fin poñeranse ao servizo do centro educativo os medios de transporte adaptado que permitan o desprazamento do alumno coa súa cadeira con motor.”

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2011.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG.

Bieito Lobeira Domínguez

Portavoz s. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 22/09/2011 17:40:57

Bieito Lobeira Domínguez na data 22/09/2011 17:41:02



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Directión Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA
DIRECTOR XERAL ENTRADA

22 SET. 2011

70927



En cumprimento do preceptuado na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2011, trasládolle documentación respecto das **modificacións orzamentarias** acordadas no período de **agosto de 2011**.

O que lle remito para o seu coñecemento e posterior traslado á Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excm.a Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



A disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/1999 do 7 de outubro, establece que a Consellería de Facenda dentro dos primeiros quince días hábiles de cada mes, daralle conta á **Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento de Galicia**, de tódalas modificacións acordadas ao abeiro da citada Lei.

En cumprimento do dito precepto, infórmase ao fin de que se faga chegar á Mesa da Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos, copia das modificacións acadadas no mes de **agosto**.

1.- TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO

<u>REFERENCIA</u>	<u>CONSELLERÍA /OO.AA</u>	<u>IMPORTE</u>
TR-05-026-11	Presidencia, AA.PP. e Xustiza	311.130,25€
TR-05-027-11	Presidencia, AA.PP. e Xustiza	44.799,69€
TR-05-028-11	Presidencia, AA.PP. e Xustiza	25.000,00€
TR-05.80-001-11	Escola Galega de Administración Pública	11.243,38€
TR-06-011-11	Facenda	3.000,00€
TR-06.81-004-11	Consello Galego da Competencia	19.200,00€
TR-07-036-11	Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	3.338,00€
TR-07-037-11	Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	161.861,34€
TR-07-038-11	Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	5.165,14€
TR-07-039-11	Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	5.500,00€
TR-08-019-11	Economía e Industria	1.953.828,28€
TR-08-020-11	Economía e Industria	121.789,18€
TR-08-021-11	Economía e Industria	30.000,00€
TR-09-019-11	Educación e Ordenación Universitaria	1.975.287,79€
TR-09-020-11	Educación e Ordenación Universitaria	519.344,00€
TR-10.80-057-11	Servizo Galego de Saúde	1.000,00€
TR-10.80-058-11	Servizo Galego de Saúde	5.500,00€
TR-10.80-059-11	Servizo Galego de Saúde	130.000,00€
TR-10.80-060-11	Servizo Galego de Saúde	50.213,82€
TR-10.80-061-11	Servizo Galego de Saúde	190.000,04€
TR-10.80-062-11	Servizo Galego de Saúde	120.000,00€



<u>REFERENCIA</u>	<u>CONSELLERÍA /OO.AA</u>	<u>IMPORTE</u>
TR-11-033-11	Cultura e Turismo	17.152,00€
TR-12-060-11	Traballo e Benestar	80.000,00€
TR-12-061-11	Traballo e Benestar	410.000,00€
TR-12-062-11	Traballo e Benestar	96.200,00€
TR-12-064-11	Traballo e Benestar	317.067,77€
TR-12.80-005-11	Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	37,54€
TR-13-057-11	Medio Rural	21.630,11€
TR-13-058-11	Medio Rural	175.000,00€
TR-13-059-11	Medio Rural	51.032,20€
TR-13-060-11	Medio Rural	145.202,99€

2.- AMPLIACIÓN DE CRÉDITO

<u>REFERENCIA</u>	<u>CONSELLERÍA / OO.AA</u>	<u>IMPORTE</u>
AM-04-012-11	Presidencia da Xunta	2.995,00€
AM-04-013-11	Presidencia da Xunta	50.000,00€
AM-04-014-11	Presidencia da Xunta	61.000,00€
AM-05-008-11	Presidencia, AA.PP. e Xustiza	4.793,51€
AM-05-009-11	Presidencia, AA.PP. e Xustiza	50.000,00€
AM-05.81-003-11	Academia Galega de Seguridade Pública	47.492,50€
AM-06.80-001-11	Instituto Galego de Estatística	19.500,00€
AM-08-002-11	Economía e Industria	37.632,86€
AM-08-003-11	Economía e Industria	60.000,00€
AM-09-004-11	Educación e Ordenación Universitaria	50.000,00€
AM-11-005-11	Cultura e Turismo	171.000,00€
AM-13-003-11	Medio Rural	6.489,03€
AM-14-002-11	Mar	101.927,00€



3.- XERACIÓNS DE CRÉDITO

<u>REFERENCIA</u>	<u>CONSELLERÍA / OO.AA</u>	<u>IMPORTE</u>
XC-04-008-11	Presidencia da Xunta	181.250,85€
XC-05-017-11	Presidencia, AA.PP. e Xustiza	100.388,24€
XC-05-018-11	Presidencia, AA.PP. e Xustiza	47.492,50€
XC-06-010-11	Facenda	19.500,00€
XC-06-011-11	Facenda	74.460,14€
XC-07-018-11	Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	6.000,00€
XC-07-019-11	Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	387.806,08€
XC-09-019-11	Educación e Ordenación Universitaria	51.314,68€
XC-09-020-11	Educación e Ordenación Universitaria	27.977,65€
XC-09-021-11	Educación e Ordenación Universitaria	6.484.188,00€
XC-09-022-11	Educación e Ordenación Universitaria	4.024.712,21€
XC-09-023-11	Educación e Ordenación Universitaria	202.722,56€
XC-12-021-11	Traballo e Benestar	1.352,68€
XC-13-027-11	Medio Rural	5.672,26€
XC-13-028-11	Medio Rural	347.697,56€

4.- INCORPORACIÓNS DE CRÉDITO

<u>REFERENCIA</u>	<u>CONSELLERÍA / OO.AA</u>	<u>IMPORTE</u>
IC-08-007-11	Economía e Industria	1.109.588,11€



5.- SOCIEDADES

<u>REFERENCIA</u>	<u>ENTIDADES / SOCIEDADES</u>	<u>IMPORTE</u>
Ampliación de crédito	Sociedade da Imaxe e Promoción Turística de Galicia (TURGALICIA 004/2011)	171.000,00€

6.- ACORDOS DE CONSELLO

<u>REFERENCIA</u>	<u>CONSELLERÍA / OO.AA</u>	<u>IMPORTE</u>
TR-14-021-11	Do Mar	738.086,00€

APLICACIÓN	PROXECTO	MOD	IMPORTE	APLICACIÓN	PROXECTO	MOD	IMPORTE
06.01.581A.730.0	2011 00204	1010	3.500,00	06.01.581A.730.0	2011 00986	1020	3.500,00

Transferencia de crédito :

NEGATIVA				POSITIVA			
APLICACIÓN	PROXECTO	MOD	IMPORTE	APLICACIÓN	PROXECTO	MOD	IMPORTE
06.01.581A.730.0	2011 00204	1010	3.000,00	06.01.581A.430.0	2011 00986	1020	3.000,00

Dita modificación permitirá o cumprimento dos obxectivos previstos inicialmente.

Dado que a modificación que se tramita ten por obxecto atender o cofinanciamento de fondos propios, de programación europeas, non lle afectan as limitacións a que se refire o artigo 9.1 da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2011

Polo que se refire ao IGE, nas aplicacións e proxectos nas que se tramita a xeración, se conta co crédito adecuado para atender o cofinanciamento

Por parte da Dirección xeral de orzamentos tramitáronse con data 5 de agosto documentos ICI, por importe de 9000,00 €, na aplicación 14930125 e referencia 283/11 e 10.500,00 € na aplicación 17910125 e referencia 284/11

Por outro lado, en expediente de referencia XC-06-80-001-11, procedeuse a xerar crédito por importe de 19.500,00 €. no Instituto Galego de Estatística, nas aplicacións e importes polos que neste expediente se solicita a Ampliación de crédito, xa que naquel momento, se tramitaba o recoñecemento do compromiso de ingreso no organismo, mentres posteriormente o IGE comunica que o nº de conta na que se recibirán os ingresos do proxecto é a Xeral da Xunta de Galicia, o que implica que o recoñecemento dos compromisos de ingreso e polo tanto a xeración de crédito deben facerse na Administración Xeral e simultaneamente ampliar crédito no organismo, **polo que procede anular o referido expediente**

Por todo iso, e o amparo do previsto no artigo 66 b) f) e h) e 69.1 a) do Texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, sométese á consideración de vostede. expediente de transferencia de crédito nos termos da proposta



	Relación
Referencia TR-0681-004-11	Periodo

CONSELLERÍA / SERVICIO / ORGANISMO CONSELLO GALEGO DA COMPETENCIA
DENOMINACIÓN Transferencia de crédito por importe de dezanove mil douscentos euros (19.200,00€) entre conceptos orzamentarios do capítulo I, incluídos no programa 613A.

PROPOSTA



Sométese a Vde. expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ó amparo do artigo 66.b) do Texto Refundido de Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto Lexislativo 1 /1999, do 7 de outubro, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACION PRESUPUESTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
<u>TRANSFERENCIA NEGATIVA</u>					
- Soldos subgrupo A1.	32	06.81.120.00	613A	8.000,00	
- Trienios.	32	06.81.120.05	613A	4.000,00	
-Complemento de destino	32	06.81.121.00	613A	2.700,00	
-Complemento específico	32	06.81.121.01	613A	4.500,00	
		Total transferencia negativa		19.200,00	
<u>TRANSFERENCIA POSITIVA</u>					
- Retribucións básicas e outras remuneracións	32	06.81.100.00	613A	19.200,00	
		Total transferencia positiva		19.200,00	

Código das modificacións:

11	Creditos extraordinarios	61	Ejercicios pechados
12	Suplementos de créditos	62	Creditos extraordinarios suplementarios, último trimestre
13	Gastos - Baixas	63	Transferencias último trimestre
20	Ampliacións	64	Compromisos de gastos anteriores, último mes
31	Transferencias positivas	65	Operacións de capital
32	Transferencias negativas	66	Creditos autorizados por recadación de dereitos afectados
40	Creditos xerados	67	Creditos xerados
43	Aportacións de terceiros	70	Adscripcións
47	Alieamentos	81	Ingresos - Aumentos
48	Presación de servizo	82	Ingresos - Baixas
49	Reembolso de préstamos	90	Varios
44	Financiamento exterior		
45	Reintegro de pagos recibidos		
50	Incorporacións		

Santiago, 12 de agosto de 2011

PROPOSTA: O DIRECTOR XERAL DE ORZAMENTOS. 	AUTORIZADO E CONFORME: A CONSELLEIRA DE FACENDA.  DEPARTAMENTO DE ORZAMENTOS 12 de agosto de 2011
--	---

EXPOSICION

O Consello Galego da Competencia, adscrito á consellería de Facenda, achega expediente no que solicita a tramitación dunha transferencia de crédito por importe de 19.200,00€, entre aplicacións orzamentarias correspondentes ó capítulo I do seu orzamento de gastos.

O obxecto da modificación solicitada é a dotación con crédito suficiente na aplicación orzamentaria con cargo a cal se realiza o pagamento das retribucións do presidente do Consello Galego de Defensa da Competencia, co fin de poder facer fronte ás mesmas no que resta do exercicio

A transferencia negativa tramitada realízase con cargo á aplicacións orzamentarias correspondente ó mesmo capítulo I na que dado o saldo orzamentario existente advírtese remanente suficiente para o financiamento desta transferencia de crédito .

A transferencia de crédito foi informada favorablemente pola Intervención Delegada na consellería

Faise constar que a súa realización non ten incidencia negativa na consecución dos obxectivos previstos nos programas, non tendo carácter consolidable para futuros exercicios.

Por todo o anteriormente exposto, esta Dirección Xeral ó abeiro do establecido no artigo 66.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, eleva a Vde., para a súa aprobación, expediente de transferencia de crédito nos termos que recolle a proposta.



	Relación
TR-07 036-11	Periodo

Consellería de Facenda

CONSELLERÍA / SERVICIO / ORGANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
DENOMINACIÓN
Transferencias de crédito por importe de tres mil trescientos treinta e oito euros (3.338,00) entre conceptos orzamentarios correspondentes aos capítulos I e II do programa 511A .

PROPOSTA
Sométese a súa consideración expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ó amparo do disposto no artigo 66.b) do Texto Refundido de Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto Legislativo 1 /1999, do 7 de outubro, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
<u>TRANSFERENCIA NEGATIVA</u>					
- Locomoción	32	07.01.231	511A	<u>3.338,00</u>	
<u>TRANSFERENCIA POSITIVA:</u>					
- Gratificacións	31	07.01.151	511A	<u>3.338,00</u>	

Código das modificacións:	
11 Créditos extraordinarios	61 Ejercicios pechados
12 Suplementos de crédito	62 Créditos extraordinarios suplementarios, último trimestre
13 Gastos - Baixa	63 Transferencias último trimestre
26 Ampliación	64 Compromisos de gastos anteriores, último mes
31 Transferencias positivas	65 Operacións de capital
32 Transferencias negativas	66 Créditos autorizados por recadación de dereitos afectados
40 Créditos xerados	67 Créditos xerados
41 Aportacións de terceiros	70 Adscripcións
42 Alieamentos	81 Ingresos - Aumentos
43 Prestación de servizos	82 Ingresos - Baixas
44 Recambio de prestación	90 Varios
45 Financiamiento externo	
45 Reintegro de pagos incididos	
46 Incorporacións	

Santiago, a 3 de agosto de 2011	
PROPOSTA/ O DIRECTOR XERAL DE ORZAMENTOS:	AUTORIZADO E CONFORME: O CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA,

EXPOSICIÓN

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas remite expediente no que se solicita a tramitación dunha transferencia de crédito por importe de 3.338,00 € entre conceptos orzamentarios correspondentes aos capítulos I e II do Programa 511A

O obxecto da modificación solicitada é contar co crédito suficiente para o abono a persoal da consellería, logo da autorización do Consello da Xunta, dunha gratificación por servizos prestados fora da xornada habitual

O financiamento de dita modificación de crédito propónse con cargo á aplicación 07.01.511A.231 , que conta con remanente suficiente

As mencionadas modificacións de crédito, non implica desviación na consecución dos obxectivos programados, e non ten carácter consolidable para exercicios futuros

Por todo o anterior, e ó amparo do previsto no artigo 66 b) do Texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, 8 sométese a súa consideración expediente de transferencia de crédito nos termos da proposta.



	Relación
Referencia	Periodo
TR-07-037-11	

CONSELLERÍA / SERVIZO / ORGANISMO

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

DENOMINACIÓN

Transferencia de crédito por importe de cento sesenta e un mil oitocentos sesenta e un euros con trinta e catro centimos (161.861,34€), entre conceptos do capítulo VI do programa 541D da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

PROPOSTA

Sométese a Vde. expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ó amparo do disposto nos artigos 66.b) e 68 do Texto Refundido de Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto Lexislativo 1 /1999, do 7 de outubro, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
<u>TRANSFERENCIA NEGATIVA</u>					
- Calidade e avaliación ambiental	32	07.03.640.1	541D	30.589,34	
- Solos contaminados	32	07.03.640.7	541D	131.272,00	
		Total transferencia negativa		161.861,34	
<u>TRANSFERENCIA POSITIVA</u>					
- Programa de residuos	31	07.03.601.1	541D	161.861,34	
		Total transferencia positiva		161.861,34	

Código das modificacións:

11	Créditos extraordinarios	61	Esercicios pechados
12	Suplementos de crédito	62	Créditos extraordinarios suplementarios, último trimestre
13	Gastos - Baixa	63	Transferencias último trimestre
14	Anulacions	64	Compromisos de gastos anteriores, último mes
15	Transferencias positivas	65	Operacións de capital
16	Transferencias negativas	66	Créditos autorizados por recadación de dereitos afectados
17	Créditos xerados	67	Créditos xerados
18	Abscricións de créditos	70	Adscricións
19	Aleameno	81	Ingresos - Aumentos
20	Prestitión de servizos	82	Ingresos - Baixas
21	Recambios de préstamos	90	Varas
22	Financiamiento externo		
23	Reintegración de pagos recibidos		
24	Incorporacións		

Santiago, 12 de agosto de 2011

PROPOSTA:
O DIRECTOR XERAL DE
ORZAMENTOS,

AUTORIZADO E CONFORME:
A CONSELLEIRA DE FACENDA,

EXPOSICION

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas remite expediente no que solicita transferencia de crédito por importe de 161.861,34 euros entre conceptos do capítulo VI incluídos no programa 541D .

O obxecto da modificación solicitada é contar co crédito axeitado para poder facer fronte os gastos derivados da construción de puntos limpos en diversos concellos.

Por parte da consellería, propónse que a transferencia solicitada se financie con cargo á créditos do mesmo capítulo VI, do programa 541D, onde se prevé a existencia de remanentes a finais de exercicio, ao non estar previsto a súa execución e que, polo tanto poden ser usados nesta modificación orzamentaria.

Os fondos obxecto desta modificación orzamentaria correspóndense con fondos FEDER e fondos FCI que os cofinancian .

Consta informe favorable da dirección xeral de Planificación e Fondos da consellería de Facenda a esta modificación orzamentaria, no que se menciona por unha banda que os fondos FCI que se transfiren corresponden as anualidades 2009, 2010 e 2011, dos cales só os correspondentes ó exercicio 2009 non implican modificación, cualitativa ou cuantitativa, do FCI .

Constan no expediente autorizacións, de data 17 de xuño de 2011, da modificación cuantitativa do FCI. anualidades 2010 e 2011, pola Sra. Conselleira de Facenda en virtude do disposto no artigo 7.3 da lei 22/2001, do 27 de decembro, reguladora dos fondos de Compensación territorial e na disposición adicional novena da Lei 9/2009, do 23 de decembro de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2010

Consta informe favorable a esta modificación orzamentaria da intervención delegada na consellería.

Faise constar que a súa realización non ten incidencia negativa na consecución dos obxectivos previstos no programa, non tendo carácter consolidable para futuros exercicios.

Por todo o anteriormente exposto, esta Dirección Xeral ó abeiro do establecido no artigo 66.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, eleva a Vde., para a súa aprobación, expediente de transferencia de crédito nos termos que recolle a proposta.



	Relación
Referencia 7504-048 M	Periodo

CONSELLERÍA / SERVICIO / ORGANISMO CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
DENOMINACIÓN Transferencia de crédito por importe de cinco mil cento sesenta e cinco euros con catorce centimos (5.165,14€), entre conceptos do capítulo IV dos programas 541D e 541A da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

PROPOSTA

Sométese a Vde. expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ó amparo do disposto nos artigos 66.b) e 68 do Texto Refundido de Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto Lexislativo 1 /1999, do 7 de outubro, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
<u>TRANSFERENCIA NEGATIVA</u>					
- Axudas para a mellora ambiental dos concellos	32	07.03.460.2	541D	5.165,14	
Total transferencia negativa				5.165,14	
<u>TRANSFERENCIA POSITIVA</u>					
- Axudas a entidades sen ánimo de lucro no eido medioambiental	31	07.03.481.0	541A	5.165,14	
Total transferencia positiva				5.165,14	

Código das modificacións:		
1- Créditos extraordinarios	61	Ejecucios pechados
12- Suplementos de créditos	62	Créditos extraordinarios suplementarios, último trimestre
13- Gastos - Baixas		Transferencias último trimestre
20- Anulacións	63	Compromisos de gastos anteriores, último mes
31- Transferencias positivas	64	Operacións de capital
32- Transferencias negativas		Créditos autorizados por recadación de dereitos afectados
40- Créditos xerados	65	Créditos xerados
41- Apertacións de tesorería	66	Adscripcións
42- Alieamentos		Ingresos - Aumentos
43- Prestación de servizos	67	Ingresos - Baixas
44- Recreboise de prestarios	70	Varios
45- Enguencamento estrutural	81	
50- Reintegración de pagos adxudicados	82	
60- Incorporacións	90	

Santiago, 18 de agosto de 2011	
PROPOSTA: O DIRECTOR XERAL DE ORZAMENTOS,	AUTORIZADO E CONFORME: A CONSELLEIRA DE FACENDA,

EXPOSICION

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas remite expediente no que solicita transferencia de crédito por importe de 5.165,14 euros entre conceptos do capítulo IV incluídos nos programas 541D e 541A.

O obxecto da modificación solicitada é contar co crédito axeitado para poder facer fronte a compromisos debidamente adquiridos en exercicios pasados como consecuencia do pagamento de axudas que si ben foron convocadas e deberían ser imputadas ó exercicio 2010, dada a data na que os solicitantes presentaron diversa documentación que lles foi requerida no trámite de subsanación previsto no artigo 76 da lei 30/1992 reguladora do procedemento administrativo, non foi posible facelo durante o exercicio pasado polo que deben ser aboadas con cargo a créditos do exercicio actual.

Por parte da consellería, propónse que a transferencia solicitada se financie con cargo á créditos do capítulo IV, do programa 541D, onde se dispón de crédito suficiente que pode ser usado como financiamento desta modificación orzamentaria.

Consta informe favorable a esta modificación orzamentaria da intervención delegada na consellería.

Faise constar que a súa realización non ten incidencia negativa na consecución dos obxectivos previstos no programa, non tendo carácter consolidable para futuros exercicios.

Por todo o anteriormente exposto, esta Dirección Xeral ó abeiro do establecido no artigo 66.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, eleva a Vde., para a súa aprobación, expediente de transferencia de crédito nos termos que recolle a proposta.



TR-07-039-11

ASUNTO: TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.
REF. CMATI 81/2011

Visto o expediente de transferencia de crédito tramitado pola Secretaría Xeral, a instancia da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, por un importe de 5.500,00 euros, entre conceptos do capítulo II do programa 521A, para a incrementar a cantidade destinada aos gastos de conservación e mantemento dos Servizos da Secretaría.

Considerando que o mesmo encádrase nos supostos contemplados no artigo 67.1 do Decreto Lexislativo 1/1999 do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

RESOLVO:

Autorizar a transferencia de crédito e remitir o expediente á Consellería de Facenda, para instrumentar a súa execución.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2011.

O CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
P.E. (Ordeño 08/07/2006)
O SECRETARIO XERAL TÉCNICO

Antonio José Antonio Hernández Vazquez

Sra. Conselleira de Facenda.

MODELO II

SECRETARÍA XERAL DE Ordenación do Territorio e Urbanismo.
MEMORIA EXPLICATIVA Solicitud transferencia de crédito entre os conceptos 220.00 (material de oficina) e 212 (edificios e outras construcións) do programa 521 A.

Solicítase transferencia de crédito entre os conceptos 220.00 E 212 polo importe de cinco mil cincocentos euros (5.500,00 €).

O destino que pretende dárselle ó crédito transferido é o de financia-lo importe de gastos derivados do mantemento e conservación das dependencias dos Servizos da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

O importe que se minorará, logo de feitas as estimación de gastos que se van a producir no concepto afectado, corresponde a un remanente non utilizable.

Da presente transferencia non se deriva incremento algún de gastos correntes no presente exercicio económico nin en anualidades futuras, non afecta ós obxectivos do programa e non incrementa créditos que como consecuencia doutras transferencias fosen obxecto de minoración.

É polo que se solicita a citada transferencia, despois de conformidade e autorización ó abeiro do disposto no artigo 67.1 do TRLRFPG aprobado polo DL 1/1999 de 7 de outubro.

Baixas: Transferencias negativas.

Gastos correntes. Material de oficina, ordinario non inventariable

Aplicación:

07.02. 521 A. 220.00

importe: 5.500,00 €

Total transferencias negativas 5.500,00 €

Altas.- Transferencias positivas

Gastos correntes. Edificios e outras construcións


Aplicación:

07.02.521 A.212

importe: 5.500,00 €

Total transferencias positivas 5.500,00 €

A Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo



María Encarnación Rivas Díaz

Data.22/08/2011



	Relación
TR-08-019-11	Periodo

Consellería de Facenda

CONSELLERÍA / SERVICIO / ORGANISMO
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
DENOMINACIÓN
Transferencias de crédito por importe de un millón novecientos cincuenta e tres mil oitocentos vinte e oito euros e vinte e oito céntimos (1.953.828,28) entre conceptos orzamentarios incluídos no capítulo VII dos programas 741A e 751A

PROPOSTA
Sométese a súa consideración expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ó amparo do disposto nos artigos 60.2 e 66 b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
<u>TRANSFERENCIA NEGATIVA</u>					
- Subvencións ao sector téxtil confección	32	08.03.770.0	741A	900.000,00	
- Asociacionismo comercial e integracións extratéxicas	32	08.03.781.1	751A	1.053.828,28	
		Total transferencia negativa		<u>1.953.828,28</u>	
<u>TRANSFERENCIAS POSITIVAS</u>					
- Ordenación de espazos comerciais municipais	31	08.03.761.3	751A	<u>1.953.828,28</u>	

Código das modificacións:	
01 Créditos extraordinarios	61 Ejercicios pechados
02 Suplementos de crédito	62 Créditos extraordinarios suplementarios, último trimestre
03 Gastos - Baixa	63 Transferencias último trimestre
09 Ampliacións	64 Compromisos de gastos anteriores, último mes
31 Transferencias positivas	65 Operacións de capital
A modificación ven motivada polos ingresos no Tesouro da Comunidade Autónoma feitos polo Consorcio de Compensación de Seguros por importe total de 202.722,56€ en concepto de indemnización por diversos sinistros acaecidos en varios centros educativos dependentes desa consellería, de acordo co seguinte cadro:

Centro educativo	Importe indemnización	Centro	Importe Indemnización
IES Alfoz-Valadouro	1.814,09	IES A Guía	5.657,88
CEIP Eduardo Cela Vila	2.561,77	IES Beade	1.355,98
IES 1º de Marzo	8.979,01	CEIP Illas Cies	113,55
IES de Mos	2.103,67	IES Rosais II	189,87
IES de Tomiño	179.946,74		
Subtotais.....	195.405,28€		7.317,28€
TOTAL Ingresos Xeración			202.722,56€

Os créditos xerados destínanse á reparación e melloras dos desperfectos producidos nos centros educativos afectados , así como a adquisición do material obxecto dos sinistros..

Consta no expediente certificación, de data 18 de xullo de 2011 da Intervención delegada na Consellería de Facenda acreditativa dos correspondentes ingresos, realizados no mes de marzo de 2011

A referida xeración de crédito non quedará consolidada para exercicios futuros e permitirá atenderlos obxectivos programados. Consta informe favorable da Intervención Delegada na consellería

Por todo o anterior, esta Dirección Xeral ó abeiro do establecido nos artigos 66.f) e 69 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e artigo 6.i) da Lei 14/2010, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, eleva a Vde., para a súa aprobación, expediente de xeración de crédito, nos termos que recolle a proposta.



	Relación
Referencia XC-12-021-11	Periodo

CONSELLERÍA / SERVICIO / ORGANISMO CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
DENOMINACIÓN Xeración de crédito por importe mil trescentos cincuenta e dous euros e sesenta e oito céntimos (1.352,68) no vixente orzamento de gastos, derivada das compensacións económicas efectuadas por compañías aseguradoras en concepto de indemnizacións por sinistro

PROPOSTA



Sométese a súa consideración. expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ó amparo do disposto no artigo 6 i) da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2011, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
XERACION DE CREDITO:					
Edificios e outras construcións	40	12.02.212	312B	608,49	
Edificios e outras construcións	40	12.06.212	312E	744,19	
		Total xeración de crédito		1.352,68	

Código das modificacións:

11	Créditos extraordinarios	61	Exercicios pechados
12	Suplementos de crédito	62	Créditos extraordinarios suplementarios, último trimestre
13	Gastos - Baixas	63	Transferencias último trimestre
20	Ampliacións	64	Compromisos de gastos anteriores, último mes
31	Transferencias positivas	65	Operacións de capital
32	Transferencias negativas	66	Créditos autorizados por recadación de dereitos afectados
40	Créditos xerados	67	Créditos xerados
41	Aportacións de terceiros	70	Adscripcións
42	Alleamentos	81	Ingresos - Aumentos
43	Prestación de servizos	82	Ingresos - Baixas
44	Reembolso de préstamos	90	Varios
45	Financiamento exterior		
50	Reintegro de pagos indebidos		
60	Incorporacións		

Santiago, a 5 de agosto de 2011

PROPOSTA: O DIRECTOR XERAL DE ORZAMENTOS, 	AUTORIZADO E CONFORME: A CONSELEIRA DE FACENDA, O DIRECTOR XERAL DE ORZAMENTOS P.D. 27-04-2009 
--	---

EXPOSICIÓN

A Consellería de Traballo e Benestar , remite expedientes nos que solicita a tramitación de xeracións de crédito por un importe total de 1.352,68 €, , como consecuencia dos ingresos realizados por Compañías aseguradoras en concepto de indemnizacións por sinistros, de acordo co detalle seguinte:

-Indemnización da Compañía aseguradora MAPFRE Empresas, polos danos ocasionados nas instalacións da escola infantil de Celeiro (Lugo) , como consecuencia dun temporal, por importe de 608,49 €

-Indemnización da Compañía aseguradora MAPFRE Empresas, polos danos ocasionados no nas instalacións do centro social de Maceda (Ourense)) , como consecuencia dun sinistro, por importe de 744,19 €

Consta no expediente certificacións da Intervención delegada na Consellería de Facenda acreditativa dos correspondentes ingresos producidos no vixente exercicio.

A modificación solicitada permitirá atender a reparación dos referidos danos.

Por todo o anterior, e ao amparo do previsto no artigo 6 i) da Lei 14/2010 do 27 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 2011 sométese á súa consideración expediente de xeración de créditos, non consolidable para exercicios futuros, nos termos da proposta.



	Relación
Referencia	Periodo
XC-13-027-11	

CONSELLERÍA / SERVICIO / ORGANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL
DENOMINACIÓN
Xeración de crédito por importe de cinco mil seiscientos setenta e dous euros e vinte e seis céntimos (5.672,26) no vixente orzamento de gastos, derivada das compensacións económicas efectuadas por compañías aseguradoras en concepto de indemnizacións por sinistro

PROPOSTA

Sométese a súa consideración. expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ó amparo do disposto no artigo 6 i) da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2011, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACION ORZAMENTARIA EXPLICACION	Código	APLICACION	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
XERACION DE CREDITO:					
Gastos de funcionamiento de centros	40	13.04.229	422L	1.352,44	
Prevención e extinción de incendios	40	13.05.601.1	551B	4.319,82	
		Total xeración de crédito		5.672,26	

Código das modificacións:

11	Créditos extraordinarios	61	Ejercicios pechados
12	Suplementos de crédito	62	Créditos extraordinarios suplementarios, último trimestre
13	Gastos - Baixas	63	Transferencias último trimestre
20	Ampliacións	64	Compromisos de gastos anteriores, último mes
31	Transferencias positivas	65	Operacións de capital
32	Transferencias negativas	66	Créditos autorizados por recadación de dereitos afectados
40	Créditos xerados	67	Créditos xerados
41	Aportacións de recursos	70	Adscripcións
42	Alienamentos	81	Ingresos - Aumentos
43	Prestación de servizos	82	Ingresos - Baixas
44	Reembolso de préstamos	90	Varios
45	Financiamiento exterior		
50	Reembolso de pagos indebidos		
60	Incorporacións		

Santiago, a 1 de agosto de 2011

PROPOSTA: O DIRECTOR XERAL DE ORZAMENTOS,	AUTORIZADO E CONFORME: A CONSELLEIRA DE FACENDA,

A Consellería de Medio Rural , remite expedientes no que solicita a tramitación de xeracións de crédito por un importe total de 5.682,26 €, , como consecuencia dos ingresos realizados por Compañías aseguradoras en concepto de indemnización por sinistro, de acordo co detalle seguinte:

-Indemnización da Compañía aseguradora MAPFRE Empresas, polos danos ocasionados no centro de formación agroforestal polos danos ocasionados no centro de Formación e Experimentación agroforestal de Pedro Murias de Ribadeo, por importe de 1.352,44 €

- Correduría de seguros Aon Gil y Carvajal, SAU, indemnización por sinistro causado pola caída dun raio no punto fixo de vililanza de Penafeira, por importe de 1.811,62 €

Correduría de seguros Aon Gil y Carvajal, SAU, indemnización por sinistro polo roubo dunha caseta de vixianza do río Sol en Toroia por importe de 2.508,20 €

Consta no expediente certificacións da Intervención delegada na Consellería de Facenda acreditativa dos correspondentes ingresos producidos no vixente exercicio.

A modificación solicitada permitirá atende-la reparación dos referidos danos.

Por todo o anterior, e ó amparo do previsto no artigo 6 i) da Lei 14/2010 do 27 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 2011 sométese á súa consideración expediente de xeración de créditos, non consolidable para exercicios futuros, nos termos da proposta.



	Relación
Referencia XC-13-028-11	Periodo

CONSELLERÍA / SERVICIO / ORGANISMO CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DENOMINACIÓN Xeración de crédito por un importe de trescentos corenta e sete mil seiscientos noventa e sete euros con cincuenta e seis céntimos (347.697,56€) no vixente orzamento de gastos derivados de ingresos no Tesouro da Comunidade Autónoma en concepto de ingresos por venda do patrimonio das extintas cámaras agrarias locais e provinciais.

PROPOSTA

Sométese a Vde. expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ó amparo do disposto nos artigos 66.f) e 69 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e artigo 6.k) da Lei 14/2010, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
<u>XERACIÓN DE CRÉDITO</u>					
-Axudas e subvencións en materia agraria	40	13.01.781.0	711A	347.697,56	
		Total xeración de crédito		347.697,56	

Código das modificacións:

11 Créditos extraordinarios	61 Exercicios pechados
12 Suplementos de crédito	62 Créditos extraordinarios suplementarios, último trimestre
13 Gastos - Baixa	63 Transferencias último trimestre
20 Ampliacións	64 Compromisos de gastos anteriores, último mes
31 Transferencias positivas	65 Operacións de capital
32 Transferencias negativas	66 Créditos autorizados por recadación de dereitos afectados
40 Créditos xerados	67 Créditos xerados
41 Aportacións de terceiros	70 Adscripcións
42 Alieamentos	81 Ingresos - Aumentos
43 Prestación de servizos	82 Ingresos - Baixas
44 Reembolsos de préstamos	90 Varios
45 Financiamento exterior	
50 Reintegros de pagos indebidos	
60 Incorporacións	

Santiago, 10 de agosto de 2011

PROPOSTA: O DIRECTOR XERAL DE ORZAMENTOS,	AUTORIZADO E CONFORME: A CONSOLEIRA DE FACENDA, DE ORZAMENTOS P.D. 27-04-2008
---	---

EXPOSICIÓN

A Consellería do Medio Rural remite expediente solicitando unha xeración de crédito, por un importe de 347.697,56 euros, no capítulo VII, do programa de gasto 711A

A modificación ven motivada polos ingresos no Tesouro da Comunidade Autónoma derivados das vendas dos bens inmobles da comunidade autónoma de Galicia, procedentes das extintas cámaras locais e provinciais agrarias.

De acordo co convenio de colaboración asinado o 30/09/2008 entre a entóns consellería de Economía e Facenda e as distintas organizacións sindicais agrarias, para establecer as bases para a colaboración entre elas para a adquisición, construción rehabilitación ou mellora de bens inmobles vinculados ao mantemento de actividades de representación dos agricultores e de interese en xeral para o sector económico primario. Así a consellería comprometéase a realizar as correspondentes actuacións xurídico-patrimoniais aos efectos de materialización monetaria dos bens pertencentes ás extintas cámaras agrarias, e destinar o importe económico obtido nas ditas actuacións como orzamento da subvención que se realizaría por concesión directa ás organizacións asinantes do convenio, a cambio ás mesmas obríganse a destinar estas cantidades ó financiamento da adquisición, construción, rehabilitación ou mellora dos bens inmobles da súa propiedade e destinalos de xeito directo a actividades de representación dos agricultores e agricultoras e de interese en xeral para o sector agrario por un período de 10 anos.

As propiedades alleadas son as seguintes:

Data esc. publica	Concello	Enderezo	Descr. centro	Importe en €
03/05/11	Santiago de Compostela	San Andrés	C.P. PARC. "ALARGO" (Nº 121)	55.000,00
30/06/11	Santiago de Compostela	Fecha	C.P. "VILAR DE REI" (Nº 239)	1.528,66
03/05/11	Santiago de Compostela	Fecha	C.P. "TRAS DA CASA PUIG" (Nº 580)	14.762,80
03/05/11	Santiago de Compostela	Laraño	C.P. "REVOLTA" (Nº 148)	35.329,37
05/03/11	Santiago de Compostela	Villestro	C.P. "CASTALLO" (Nº 34)	6.130,73
30/06/11	Santiago de Compostela	Villestro	C.P. "AGULLAN" (Nº 126)	22.824,72
30/06/11	Santiago de Compostela	Villestro	C.P. "CAMPO DO MEDIO" (Nº 138)	15.095,40
30/06/11	Santiago de Compostela	Villestro	C.P. "TORTAS" (Nº 169)	38.847,51
03/06/11	Santiago de Compostela	Villestro	C.P. "PONTEL. CORTIÑA DE A." (Nº 402)	2.069,19
06/05/11	Santiago de Compostela	Villestro	C.P. "PINEIRIÑO" (Nº 442)	2.574,90
29/04/11	Meaño	R/Desiderio Dovalo,1	INMOBLE	125.539,68
29/04/11	Meaño	R/ do Salnés,3	FINCA	27.994,60
IMPORTE TOTAL				347.697,56

Consta no expediente certificacións expedidas pola Intervención delegada na Consellería de Facenda acreditativa dos correspondentes ingresos realizados durante este exercicio 2011.

A reiterada xeración de crédito non quedará consolidada para exercicios futuros e permitirá atender os obxectivos programados. Consta informe favorable da Intervención Delegada na consellería

Por todo o anterior, esta Dirección Xeral ó abeiro do establecido nos artigos 66.f) e 69 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e artigo 6.k) da Lei 14/2010, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, eleva a Vde., para a súa aprobación, expediente de xeración de crédito, nos termos que recolle a proposta.



	Relación
Referencia IC-08-007-11	Periodo

CONSELLERÍA / SERVICIO / ORGANISMO CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
DENOMINACIÓN Incorporación de crédito por importe de dun millón cento nove mil cincocentos oitenta e oito euros e once céntimos (1.109.588,11) ao vixente presuposto de gastos, resultantes dos remanentes que figuraron en 2010 financiados con cargo a transferencias finalistas do Estado.

PROPOSTA

Sométese a súa consideración expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ó amparo do disposto no artigos 66.e) e 71.1c) e 71.2 da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e 86.2 da Lei 47/20003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA EXPLICACIÓN	Código	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
INCORPORACIÓN CRÉDITOS:					
Plan do carbón 2006-2012. Infraestruturas	65	08.04.760.0	734A	1.109.588,11	

Código das modificacións:

11	Créditos extraordinarios	61	Exercicios pechados
12	Suplementos de crédito	62	Créditos extraordinarios suplementarios, último trimestre
13	Gastos - Baixa	63	Transferencias último trimestre
20	Ampliacións	64	Compromisos de gastos anteriores, último mes
31	Transferencias positivas	65	Operacións de capital
32	Transferencias negativa	66	Créditos autorizados por recadación de dereitos afectados
40	Créditos xerados	67	Créditos xerados
41	Aportacións de ter. euros	70	Adscripcións
42	Alieamentos	81	Ingresos - Aumentos
43	Prestación de servizos	82	Ingresos - Baixas
44	Reembolso de préstamos	90	Varios
45	Financiamento exterior		
50	Reintegro de pagos indebidos		
60	Incorporacións		

Santiago, a 1 de agosto de 2011.

PROPOSTA: O DIRECTOR XERAL DE ORZAMENTOS:	AUTORIZADO E CONFORME: O CONSELLERO DE ECONOMÍA E FACENDA, O DIRECTOR XERAL DE ORZAMENTOS P.D. 27 - 06 - 2009
---	--

EXPOSICIÓN

A Consellería de Economía e Industria, remite expediente no que solicita a incorporación ó vixente orzamento de gastos dun remanente de crédito por importe de 2.002.014,84 Euros, resultante dos que figuraron en 2010 financiados con cargo a transferencias finalistas do Estado

Teñen orixe os citados remanentes nos diversos convenios subscritos co Instituto de reestruturación da minería do carbón e desenvolvemento alternativo de comarcas mineiras e a Consellería de Economía e Industria para o desenvolvemento dos proxectos seguintes:

- Centro de día- Fogar residencial para atención a persoas maiores (centro geriatrico) en Cerceda

De acordo coas cláusulas do convenio, o custo global do proxecto ascenderá a 2.000.000,00 €, e o Instituto para a reestruturación mineira transferirá os fondos do modo seguinte:

- O 25 % (500.000,00 €) en 2010, cando se teña recibido a documentación correspondente á execución definitiva da obra.

- O 50 % (1.000.000,00 €) en 2011, cando se teña executado a metade da obra.

- O 25 % restante (500.000,00 €) en 2012, cando se teña executado a totalidade da obra.

Figura no expediente constancia do ingreso dos 500.000,00 €, por outro lado, en expediente de referencia, BC-08-017- 10, foron transferidos fondos polo citado importe, a Consellería de Traballo e Benestar para execución da referida obra.

- Estación depuradora de augas residuais (EDAR) Industrial en Cerceda

De acordo coas cláusulas do convenio, o custo global do proxecto ascenderá a 1.500.000,00 €, e o Instituto para a reestruturación mineira transferirá os fondos do modo seguinte:

- O 25 % (375.000,00 €) en 2011, cando se teña recibido a documentación correspondente á execución definitiva da obra.

- O 50 % (750.000 €) en 2011, cando se teña executado a metade da obra.

- O 25 % restante (375.000,00 €) en 2012, cando se teña executado a totalidade da obra

Ambas actuacións se imputan ao proxecto 2008 00358, do que resta un remanente por importe de 1.109.588,11 €

-Solo industrial: Ampliación do polígono do parque industrial de Acevedo 3ª Fase

De acordo coas cláusulas do convenio, o custo global do proxecto ascenderá a 4.000.000,00 €, e o Instituto para a reestruturación mineira transferirá os fondos do modo seguinte:

- O 25 % (1.000.000,00 €) en 2010, cando se teña recibido a documentación correspondente á execución definitiva da obra.

- O 50 % (2.000.000,00 €) en 2010, cando se teña executado a metade da obra.

- O 25 % restante (1.000.000,00 €) en 2011, cando se teña executado a totalidade da obra

Esta actuación se imputa ao proxecto 2010 00375

Non consta no expediente documentación acreditativa dos ingresos de 2010 correspondentes a esta actuación, polo que non se procede a súa incorporación

Os créditos así incorporados destinaranse a completa-la execución dos proxectos en que figuraron inicialmente.

Por todo o anterior, e autorización, ó amparo do disposto no artigos 66.e) e 71.1c) e 71.2 da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e 86.2 da Lei 47/20003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria, sométese á súa consideración expediente de incorporación de créditos nos termos da proposta



	Relación
Referencia AT-11-005-11 BC-03-015-11	Periodo

TURCAUCIA 004/2011

28060,38

CONSELLERÍA / SERVICIO / ORGANISMO

CONSELLERIA DE CULTURA E TURISMO
CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

DENOMINACION

Ampliación de crédito por importe de cento setenta e un mil euros (171.000,00) na aplicación orzamentaria 11.02.761A.441.0 e baixa de crédito polo mesmo importes na 07.05.512A.470.1. modificación do orzamento de explotación, polo mesmo importe na Sociedade da Imaxe e promoción Turística de Galicia

PROPOSTA

Sométese a súa consideración expediente para que, previa a súa conformidade e autorización, ó amparo do disposto nos artigos 64.1 g) e 66 g) do Texto Refundido de Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto Legislativo 1 /1999, do 7 de outubro, e 6 p) e 8.3 da Lei 14/2010, do 27 de decembro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2011, se proceda á seguinte modificación:

MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA EXPLICACIÓN	Có dig	APLICACIÓN	Programa	IMPORTE Euros	CONSOLIDABLE Euros
AMPLIACIÓN DE CRÉDITO:					
- Sociedade da Imaxe e Promoción Turística de Galicia	20	11.02.441.0	761A	171.000,00	
BAIXA DE CRÉDITO					
- Transferencia para transporte de Galicia	13	07.05.470.1	512A	171.000,00	

Código das modificacións:

11	Créditos extraordinarios	61	Exercicios pechados
12	Suplementos de crédito	62	Créditos extraordinarios suplementarios, último trimestre
13	Gasto - Baixa	63	Transferencias último trimestre
20	Ampliación	64	Compromisos de gastos anteriores, último mes
31	Transferencias positivas	65	Operacións de capital
32	Transferencias negativas	66	Créditos autorizados por recadación de dereitos afectados
40	Créditos xerais	67	Créditos xerais
41	Aportacións de terceiros	70	Adscripcións
42	Aleamento	81	Ingresos - Aumentos
43	Prestación de servizos	82	Ingresos - Baixas
44	Recambio de préstamos	90	Varios
45	Financiamiento exterior		
50	Reintegro de pagos indebidos		
60	Incorporacións		

Santiago, a 5 de agosto 2011

PROPOSTA:
O DIRECTOR XERAL DE
ORZAMENTOS,

AUTORIZADO E CONFORME:
A CONSELLEIRA DE FACENDA,
O DIRECTOR XERAL
DE ORZAMENTOS
P 2011 - 04 - 2008

SOCIEDADE DA IMAXE E PROMOCIÓN TURÍSTICA DE GALICIA

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

EXPLICACIÓN	IMPORTE
INGRESOS	
Transferencias correntes	<u>171.000.000,00</u>
GASTOS	
Servizos exteriores	<u>171.000.000,00</u>

EXPOSICION

A Consellería de Cultura e Turismo remite expediente no que solicita ampliación de crédito por importe de 171.000.00 €, na aplicación orzamentaria 11.02.761A.441.0

Fundaméntase a solicitude no protocolo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Consellería de Cultura e Turismo para continuar coa colaboración iniciada co protocolo de 30 de abril de 2010, para levar a cabo a realización de campañas de promoción turística de Galicia e do Camiño de Santiago entre os pasaxeiros de distintas compañías aéreas

Na cláusula segunda do acordo se establece que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas financiará con cargo ao seu orzamento o importe de 171.000,00 € correspondentes a actuacións que se derivan da sinatura e execución do mesmo

A aplicación con cargo á que se efectuará a retención de crédito que servirá para financiar a ampliación de crédito na aplicación 11.02.761A.441.0 será a :

APLICACIÓN	IMPORTE
07.05.512A.470.1	171.000,00

O referido crédito será dado de baixa en contabilidade, de acordo co artigo 8.3 da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2011,

Consta no expediente:

Copia de documento RCt na aplicación, e polo importe que será dado de baixa.
Copia de informe da Intervención Delegada

Dita modificación permitirá atende-los obxectivos programados e non quedará consolidada para exercicios futuros.

Por outro lado e en base á ampliación de crédito na aplicación 11.02.761A.441.0, se procede a ampliación das dotacións e recursos do orzamento de explotación da Sociedade da Imaxe e promoción Turística de Galicia

Así Por todo o anterior e ó amparo do previsto nos artigos 64.1g) e 66 g), do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e o 6 p) e 8.3 da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2011, sométese á súa consideración., expediente de ampliación de crédito nos termos da proposta.



AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS, CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catro de agosto de dous mil once adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Ó amparo do previsto no artigo 65.1 a) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, autorízase a seguinte modificación orzamentaria:

TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO NEGATIVAS:

EXPLICACIÓN	APLICACIÓN	IMPORTE (EN EUROS)
- Equipamentos pesqueiros	14.04.514A.604,1	738.086,00

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO POSITIVA:

EXPLICACIÓN	APLICACIÓN	IMPORTE (EN EUROS)
- Mellora e adecuación zonas de produción	14.03.723A.604.2	738.086,00

E para que conste, asino a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a catro de agosto de dous mil once.

Visto e prace
O PRESIDENTE

A Consellería do Mar remite expediente no que solicita a tramitación de transferencias de crédito por un importe total de setecentos trinta e oito mil oitenta e seis céntimos (738.086,00) entre conceptos orzamentarios incluídos no capítulo VI dos programas 514A e 723A

O obxecto da modificación solicitada, e contar co crédito necesario na aplicación 14.03.723A.604.2 para levar a cabo a creación e xestión dunha zona de reinstalación de moluscos bivalvos procedentes de zona C, que permita colocar no mercado estes produtos en fresco, propiciando unha mellora dos prezos de comercialización con respecto aos obtidos para os mesmos produtos cando o seu destino é o procesado industrial

Estas actuacións realizaranse a través dun proxecto colectivo financiable a través da medida 3.1 do FEP "Accións colectivas"

A transferencia negativa propónse con cargo á aplicación 14.04.514A.604.1 "Equipamentos pesqueiros" Na que unha vez atendidos as actuacións previstas para o que resta de exercicio, conta con remanente suficiente.

Os créditos obxecto de minoración están financiados con cargo a medida 3.3 do FEP, nun importe de 407.345,80 €. por tanto no mesmo eixo que o crédito que se incrementa, e con FCI por importe de 270.740,02 €

Polo que se refire ao FCI, a transferencia de crédito que se solicita implica unha modificación cualitativa do mesmo. que foi autorizada pola Conselleira de Facenda en resolucións do día 21 de xullo pasado

As modificacións de crédito solicitadas permitirán o cumprimento dos obxectivos programados.

Por todo iso, e ó amparo do previsto no artigo 65.1 a) do Texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, elévase á consideración do Consello da Xunta proposta de transferencia de créditos os termos da proposta

DICTAMES E TRÁMITES PRECEPTIVOS

Memoria explicativa
Informe da Secretaría Xeral técnica
Informe da Intervención Delegada na Consellería do Mar
Resolución da Conselleira de Facenda
Copia de documentos RCt
Proposta da Sra. Conselleira do Mar

Dou fe de que o contido deste extracto proposta coincide co do seu expediente

Cumpridos os trámites preceptivos, someto á V.E. a proposta que figura no anverso

G.....



..... de de



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Ao abeiro do disposto nos artigos 98.1 e 143 do Regulamento da Cámara, solicítase a comparecencia -ante a *Comisión 4ª, "Educación e Cultura"*, e con carácter *urxente*- do director xeral do Libro, Bibliotecas y Arquivos para informar sobre "**o Plan de desenvolvemento dixital da Biblioteca de Galicia**".

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Ao abeiro do disposto nos artigos 98.1 e 143 do Regulamento da Cámara, solicítase a comparecencia -ante a Comisión 4ª, "Educación e Cultura", e con carácter *urxente*- do director xeral do Patrimonio Cultural para informar sobre "as liñas de actuación en materia de arqueoloxía subacuática".

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputadas, **Marisol Soneira Tajés, José Manuel Lage Tuñas, Beatriz Sestayo Doce, José Luis Méndez Romeu e Juan Carlos Francisco Rivera**, ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicitan a esa Mesa se proceda á tramitación de **comparecencia en Comisión do Goberno galego** para que dea conta da política que a Xunta de Galicia pensa levar a cabo con respecto aos galegos que viven no exterior.

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
José Manuel Lage Tuñas
Beatriz Sestayo Doce
José Luis Méndez Romeu
Juan Carlos Francisco Rivera

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 21/09/2011 12:57:46

José Manuel Lage Tuñas na data 21/09/2011 12:57:56

Beatriz Sestayo Doce na data 21/09/2011 12:57:59

Jose Luis Méndez Romeu na data 21/09/2011 12:58:08

Juan Carlos Francisco Rivera na data 21/09/2011 12:58:19



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputadas, **Beatriz Sestayo Doce, Modesto Pose Mesura, María Carmen Acuña do Campo, Miguel Angel Fernández López**, ao abeiro do disposto no artigo 44 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á tramitación de comparecencia en Comisión da Sra. directora xeral de Dependencia para que informe sobre a evolución da dependencia en Galicia.

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2011

Asdo: Beatriz Sestayo Doce
Modesto Pose Mesura
María Carmen Acuña do Campo
Miguel Ángel Fernández López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 21/09/2011 13:43:48

Modesto Pose Mesura na data 21/09/2011 13:43:53

María del Carmen Acuña do Campo na data 21/09/2011 13:44:07

Miguel Ángel Fernández López na data 21/09/2011 13:44:13



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e deputada, **Beatriz Sestayo Doce, José Manuel Lage Tuñas, José Luis Méndez Romeu e Juan Carlos Francisco Rivera**, ao abeiro do disposto no artigo 44 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á tramitación de comparecencia en Comisión do **director xeral de Xustiza** para que informe sobre a evolución do Plan de infraestruturas xudiciais.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2011

Asdo: Beatriz Sestayo Doce
José Manuel Lage Tuñas
José Luis Méndez Romeu
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 21/09/2011 13:46:01

José Manuel Lage Tuñas na data 21/09/2011 13:46:10

Jose Luis Méndez Romeu na data 21/09/2011 13:46:19



Juan Carlos Francisco Rivera na data 21/09/2011 13:46:31



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dir. xeción Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Ao abeiro do disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara solícitase a comparecencia, ante a *Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos*, do Goberno galego para informar sobre "a planificación económica da Comunidade Autónoma de Galicia no marco da **Estratexia 2020**".

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Calvo Sotelo

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2011 09:30
Nº Rexistro: 70624
Data envío: 15/09/2011 19:22:42.909


Á Mesa do Parlamento

Alfredo Suárez Canal e María Tereixa Paz Franco, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, sobre transferencia de competencias na presente lexislatura.

No transcurso desta lexislatura a capacidade de negociación da Xunta para conseguir incrementar a transferencia de competencias resulta realmente ridícula. A pesares de contar con documentos que permitían ter unha posición de firmeza diante do Goberno central para reclamar competencias, os resultados, por escasos, poden considerarse ridículos.

É certo que máis alá de declaracións grandilocuentes non coñecemos decisións e iniciativas serias e documentadas que evidencien que para a Xunta o incremento competencial é unha prioridade. Máis ben parece todo o contrario, xa que nas poucas ocasións en que a iniciativa do Goberno galego debía ser firme e decidida para incrementar o traspaso de competencias, non se exerceu e quedou de manifesto a nula intención de incrementar o autogoberno. O exemplo do sentido de voto abstencionista dos deputados do PP de Galicia á Proposición de lei presentada polo Parlamento galego de xeito unánime no Congreso dos Deputados é un paradigma da falla de intención de incrementar o autogoberno e de estar sempre supeditados á estratexia da rúa Xenova.

Por iso, queremos preguntar:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2011 09:30
Nº Rexistro: 70624
Data envío: 15/09/2011 19:22:42.909

- 1.^a) ¿Que transferencias a Galiza se teñen producido dende abril de 2009?
- 2.^a) ¿Con que importe e medios cada unha delas?
- 3.^a) ¿Cales foron negociadas dende o inicio por o actual Goberno da Xunta e cales tiñan trámites adiantados?
- 4.^a) ¿Que solicitudes competencias ten iniciado a Xunta actual á negociación das mesmas?
- 5.^a) ¿Pódense citar os documentos, rango e datas dos mesmos que teñen que ver co traspaso de competencias e que ten propiciado a Xunta actual?

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2011.

Asdo.: Alfredo Suárez Canal


María Tereixa Paz Franco

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Alfredo Suárez Canal na data 15/09/2011 19:19:55

María Tereixa Paz Franco na data 15/09/2011 19:19:59



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2011 09:30
Nº Rexistro: 70625
Data envío: 15/09/2011 19:23:08.674

Á Mesa do Parlamento


Alfredo Suárez Canal, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o proceso das oposicións ao grupo A1.

Realmente é difícil de superar o deficiente proceso de xestión de todo o que ten a ver cos procesos de selección e acceso ao emprego público. O catálogo de irregularidades e anomalías xa esgota todas as posibilidades: anomalías nas probas, na composición dos tribunais, nas cadeas de custodia, filtracións, posibles favoritismos, etc. Ademais a todo isto hai que engadirlle a incapacidade para resolver os procesos, non xa en tempo e forma razoables, senón nos prazos máximos que contempla a lei. Con todo o que iso representa para as persoas que se ven afectadas.

O caso do proceso para o grupo A1 é paradigmático e permite pensar que se superan todos os grados de ineficiencia na xestión nunha administración. Por iso queremos preguntar:

1.^a) ¿Como explica a Xunta todo o retraso producido na xestión do proceso de selección de A1?

2.^a) ¿Non considera que a tardanza en resolver representa un grado de negligencia extremo que, xunto con outras irregularidades, debería motivar a asunción de responsabilidades?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2011 09:30
Nº Rexistro: 70625
Data envío: 15/09/2011 19:23:08.674


Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2011.

Asdo.: Alfredo Suárez Canal

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Alfredo Suárez Canal na data 15/09/2011 19:12:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2011 10:14
Nº Rexistro: 70631
Data envío: 16/09/2011 10:14:45.556

Á Mesa do Parlamento

Fernando Branco Parga e Henrique Viéitez Alonso, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.


Privilege Advanced Surfaces, radicada no Polígono das Lagoas en Narón, é una empresa de elaboración de taboleiro de seixo, e ten como socios ao Grupo Italiano Quarella (60%), Sepides (20%) e Xesgalicia (20%).

Actualmente ten un Ere que afecta ao conxunto do seu cadro de persoal, formado por 76 persoas.

O socio industrial, Quarella, que argumenta ter problemas financeiros, demanda (segundo os medios de comunicación) unha solución definitiva antes do día 30 deste mes, pois senón entraríase na liquidación da empresa.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** realiza as seguintes preguntas:

- Que coñecemento ten a Consellaría de Economía e Industria sobre a situación desta empresa?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2011 10:14
Nº Rexistro: 70631
Data envío: 16/09/2011 10:14:45.556

- Ten previsto a Consellaría desenvolver algunha actuación nesta empresa?, de ser así, cal ou cales?
- Recibiu esta empresa axudas do Fondo Emprende de Xesgalicia?, cando?, en que contía?, a que obrigaban á empresa?
- Recibiu esta empresa axudas do denominado Plan Ferrol?, cando?, en que contía?, a que obrigaban á empresa?
- Recibiu outras axudas do Goberno Galego?, cando?, en que contía?, a que obrigaban á empresa?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2011.

Asdo.: Fernando Blanco Parga
Henrique Viéitez Alonso
Deputados do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 16/09/2011 10:05:22



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2011 10:14
Nº Rexistro: 70631
Data envío: 16/09/2011 10:14:45.556

Henrique Vieitez Alonso na data 16/09/2011 10:05:34



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu e Guillermo Meijón Couselo, deputados pertencentes o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Recentes informacións nos medios de comunicación informan do elevado índice de suspensos no ensino de bacharelato. Máis do 70% de todos os estudantes galegos terían suspendido polo menos unha materia no mes de xuño, nalguna provincia chegaría o 80%. Unha cifra tan elevada fala de causas estruturais que cómpre coñecer. Tratándose dun nivel de ensino postobrigatorio a motivación dos estudantes tería que ser máis outa que nos niveis obrigatorios. Ademais no caso de bacharelato tense efectuado unha escolma de modalidade que incrementa o grao potencial de interese.

Non se ten ofrecido ningunha información oficial que explique ás familias e á sociedade galega as causas dunha situación que provoca consecuencias múltiples: dificultade de organizar a recuperación académica sen tempo lectivo, frustración nos estudantes, dúbidas sobre a influencia no proceso de selectividade e elección de carreira universitaria, incremento de custos ás familias para soste ensino privado de recuperación, etc

É por iso que se demanda unha explicación que poida ser trasladada ás familias afectadas así como aos propios estudantes. Tamén ao conxunto da sociedade que ten dereito a coñecer un uso tan ineficiente dos seus impostos. ¿Existirá indiferencia nos responsables políticos da Consellería? ¿Carecerán da competencia necesaria para abordar un problema sen dúbida con múltiples causas?, ¿Impotencia dos dirixentes da consellería inmersos nun proceso de recortes do cadro de persoal e medios para o ensino?

En consecuencia fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



Grupo Parlamentario

1.^a) Que causas explican o elevado número de suspensos no Bacharelato?

2.^a) Que estratexias están sendo adoptadas para reduci-lo?

3.^a) Coincide a avaliación do problema que fai a Xunta coa que fan os profesores ou a que fan os alumnos?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4.^a) Que recursos suplementarios serán dedicados a minorar o problema?

5.^a) Que obxectivos cuantitativos ten fixados a Xunta?

Pazo do Parlamento, 13 de setembro de 2011

Asdo: José Luis Méndez Romeu
Guillermo Meijón Couselo
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jose Luis Méndez Romeu na data 16/09/2011 10:36:17

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 16/09/2011 10:36:21



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, Carme Adán Villamarín e Isabel Sánchez Montenegro, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª**, dirixida ao Goberno galego, relativa á contaminación por augas fecais no río Morgadáns.

Dende fai varias semanas, a rede de saneamento que pasa polo barrio do Toucido, no concello de Gondomar, esta verquendo grande cantidade de augas fecais e os contaminantes que leva asociados. Estes verquidos van directamente a parar ao río de Morgadáns, situado a pouco máis de corenta metros, pero tamén a unha canle de rego agrícola e a unha levada que subministra auga ao muíño de Quintas que segue a utilizarse para moer e, tamén, como elemento principal das visitas de escolares que acoden para coñecer o seu funcionamento.

Esta situación xa foi denunciada con tempo no concello de Gondomar, máis o paso do tempo mostra que non se ten feito nin caso nin se ten actuado, deixando que continúe esta situación sen visos dunha solución rápida.

Manifestado como unha das prioridades do actual goberno municipal, estase convertendo nunha mostra da desidia e desinterese da actual equipa de goberno, mostrando unha incapacidade de decisión e, sobre todo, de solución dos problemas reais obrigándonos a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1ª) Coñece, o Goberno galego, a situación anteriormente exposta?. Cal é a explicación que pode dar?.

2ª) Cal é a súa posición?.

3ª) Tense dirixido ao goberno municipal solicitándolle que solvente dito verquido?.

4ª) Tense ofrecido ao goberno para solucionar dito problema?.

5ª) Ten demandado o goberno local ao galego axuda ou apoio para solucionar o problema dunha vez por todas?. De ser certo, en que datas e cal foi ou foron os contidos da petición?.

6ª) No caso de seguir sen resolverse, que vai facer o Goberno galego?.

Compostela, 15 de Setembro do 2011

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Carme Adán Villamarín

Isabel Sánchez Montenegro

Deputado e Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 16/09/2011 12:20:06

Maria do Carme Adán Villamarín na data 16/09/2011 12:20:15




OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isabel Sánchez Montenegro na data 16/09/2011 12:20:20



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2011 12:27
Nº Rexistro: 70643
Data envío: 16/09/2011 12:27:52.656

Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Vense de publicar o 8º Informe da Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública sobre a situación dos servizos sanitarios das comunidades autónomas no que Galiza apareceu no posto 14 de 17 na valoración global comparativa.

Os indicadores sobre os que se realiza o informe son proporcionados polo Ministerio de Sanidade e o Barómetro Sanitario do CIS, datos por tanto oficiais e de uso público.

Entre outras cuestións recóllense datos sobre listas de espera e a súa evolución. Neste eido a posición de Galiza empeora tanto no indicador de persoas que obteñen cita en menos de 15 días como na percepción da evolución das listas.

Recóllese tamén no informe, datos da percepción cidadá sobre a sanidade, Galiza é a última comunidade na percepción de mellora global, a penúltima na satisfacción das persoas usuarias.

Esta evolución negativa nos datos obxectivos e na percepción cidadá leva ao BNG a formular as seguintes preguntas:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.^a) Que avaliación fai o Goberno galego da evolución negativa da sanidade galega na comparativa con outras comunidades autónomas?

2.^a) Que medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para mellorar estes indicadores?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2011.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago
Deputada do G.P. d BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Luisa Bouza Santiago na data 16/09/2011 11:50:11



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, deputado do **Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, dirixida ao Goberno galego, relativa ás garantías de fomento do emprego nas persoas paradas galegas coa construción do novo hospital de Vigo.

No Diario Oficial de Galiza do día de 15 de febreiro do ano en curso, anunciábase a Resolución do 19 de xaneiro de 2011, da Dirección de Recursos Económicos, pola que se anuncia a adxudicación da concesión de obras públicas do novo hospital de Vigo para a redacción do proxecto técnico, financiamento, construción e explotación de determinados servizos non clínicos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

Despois de varios anuncios feitos relacionados co inicio das obras do novo hospital de Vigo, téñense iniciado os desmontes e explanacións necesarios para poder iniciar a súa construción. Ao parecer e, segundo manifestacións da propia empresa adxudicataria, chegaran a ser 2.400 persoas para acometer ditas obras.

É unha práctica bastante estendida a de subcontratar traballos nas adxudicacións de obra pública que, como neste caso mediante unha concesión, acoden a diversos niveis de subcontratación precarizando, deste xeito, as relacións laborais e incrementando os riscos da saúde laboral. A maiores hai unha relaxación das administracións contratantes, deixando facer a adxudicataria, sen preocuparse en que condicións desenvolven a súa función os traballadores e traballadoras.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dado que o nivel de precariedade existente tense incrementado, que estamos falando dun sector afectado por esta lacra e por un paro moi alto é polo que formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:

1ª) Contempla, o Goberno galego, a posibilidade de fomentar o emprego entre as persoas paradas galegas na construción do novo hospital de Vigo?.

2ª) En que termos e en que condicións?.

3ª) Como vai resolver os niveis de precarización mediante a subcontratación?.


4ª) Como vai facer cumprir a normativa laboral vixente?.

5ª) Cales van ser os ritmos de traballo mediante os horarios?. Contempla a posibilidade de traballar as vinte e catro horas do día e os trescentos sesenta e cinco días do ano?.

Compostela, a 15 de setembro do 2011.

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Deputada do G.P. do BNG




OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 16/09/2011 12:36:28



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso, Carme Adán Villamarín e Isabel Sánchez Montenegro, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª**, dirixida ao Goberno galego, relativa á contaminación por augas fecais no río Morgadáns.

Dende fai varias semanas, a rede de saneamento que pasa polo barrio do Toucido, no concello de Gondomar, esta verquendo grande cantidade de augas fecais e os contaminantes que leva asociados. Estes verquidos van directamente a parar ao río de Morgadáns, situado a pouco máis de corenta metros, pero tamén a unha canle de rego agrícola e a unha levada que subministra auga ao muíño de Quintas que segue a utilizarse para moer e, tamén, como elemento principal das visitas de escolares que acoden para coñecer o seu funcionamento.

Esta situación xa foi denunciada con tempo no concello de Gondomar, máis o paso do tempo mostra que non se ten feito nin caso nin se ten actuado, deixando que continúe esta situación sen visos dunha solución rápida.

Manifestado como unha das prioridades do actual goberno municipal, estase convertendo nunha mostra da desidia e desinterese da actual equipa de goberno, mostrando unha incapacidade de decisión e, sobre todo, de solución dos problemas reais obrigándonos a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1ª) Coñece, o Goberno galego, a situación anteriormente exposta?. Cal é a explicación que pode dar?.

2ª) Cal é a súa posición?.

3ª) Tense dirixido ao goberno municipal solicitándolle que solvente dito verquido?.

4ª) Tense ofrecido ao goberno para solucionar dito problema?.

5ª) Ten demandado o goberno local ao galego axuda ou apoio para solucionar o problema dunha vez por todas?. De ser certo, en que datas e cal foi ou foron os contidos da petición?.

6ª) No caso de seguir sen resolverse, que vai facer o Goberno galego?.

Compostela, 15 de Setembro do 2011

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Carme Adán Villamarín


Isabel Sánchez Montenegro

Deputado e Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 16/09/2011 12:20:06

Maria do Carme Adán Villamarín na data 16/09/2011 12:20:15



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isabel Sánchez Montenegro na data 16/09/2011 12:20:20



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O Goberno popular cando chegou ao goberno vendeu como a gran achega para o mundo do deporte o financiamento das cotas das mutualidades para os nenos e nenas de entre 6 e 16 anos tanto para a práctica do deporte escolar como federado.

Ademais esta medida foi, segundo se comenta, no mundo do deporte o único que leva feito en materia deportiva o Partido Popular dende que está ao fronte do goberno da Xunta de Galicia da man do Sr. Feijóo.

Pois ben, agora e de novo ca desculpa da crise, esta achega do Goberno que tanto gustaba os diferentes clubs está tamén ameazada e se sospeita de que a partir de novembro vai ser suprimida pois, así foi comunicado ás federacións.

A realidade é que dende que se puxera en marcha esta medida foron xa tres as compañías que prestaron ese servizo pois o comprobar que non resultaba rendible o deixaban.

No mes de novembro próximo remata o contrato ca actual compañía e tanto esta como as anteriores afirman que a cantidade fixada pola Xunta de Galicia para prestar este servizo tería que multiplicarse por tres para poder seguir prestándoo con garantía.



Grupo Parlamentario

Dada a repercusión que tería para o deporte galego esa supresión, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia


1. Vai continuar o programa Xogade a partir do mes de novembro e de continuar o fará igual que ata o de agora, é dicir, incluíndo o deporte escolar e federado e para as mesmas idades que ata o de agora?
2. Vai a Xunta de Galicia a continuar asumindo a totalidade do importe da mutualidade en todos os casos como ata o de agora?
3. Cal foi o motivo e a razón para que a Secretaría Xeral para o Deporte chegara a comunicar as federacións que se podería suprimir esta achega do programa Xogade a partir do mes de novembro?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 16/09/2011 12:39:49



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2011 13:03
Nº Rexistro: 70656
Data envío: 16/09/2011 13:03:20.116

Á Mesa do Parlamento

Fernando Branco Parga, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

No Plan estratéxico 2010-2014, a Xunta de Galiza, ten definido o sector naval como estratéxico, mais a pesares diso, a realidade é que é un sector que está nunha profunda crise, como se demostra nas múltiples mobilizacións sindicais dos últimos días.

Unha crise que afecta tanto aos propios estaleiros como ás compañías auxiliares, moi especializadas na construción naval.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** realiza as seguintes preguntas:

- Está colaborando a Xunta coa implantación de empresas auxiliares galegas en estaleiros fóra de Galiza?
- De ser así, que tipo de apoio teñen?, institucional?, económico?, algún outro apoio?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es


15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2011 13:03
Nº Rexistro: 70656
Data envío: 16/09/2011 13:03:20.116

Fernando Branco Parga na data 16/09/2011 12:56:12



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2011 13:33
Nº Rexistro: 70688
Data envío: 16/09/2011 13:33:14.910


Á Mesa do Parlamento

Ana Luisa Bouza Santiago, Henrique Viéitez Alonso e María do Carme Adán Villamarín, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Durante o verán de 2011 produciuse un peche masivo de camas hospitalarias que en concreto na Área Sanitaria de Vigo veñen empeorar a situación de falta de camas endémica desta Área Sanitaria, a máis poboada de Galiza.

Téñense producido, por parte de doentes e profesionais, informacións sobre as derivacións máis numerosas do normal á sanidade privada nestas datas, sobre todo de intervención de cirurxía maior ambulatoria, cancros de mama e próstata, cirurxía ocular, entre outras.

Resulta difícil entender que o Goberno galego opte pola concertación fronte á autoconcertación. Primeiro porque resulta máis cara e de peor calidade; non ten sentido abarrotar quirófanos privados mentres os públicos están inactivos, polo menos si pensamos na eficacia da xestión pública. Segundo porque esta actividade non se corresponde coas prioridades marcadas tanto na Lei 14/86 de sanidade e na Lei 8/08 de saúde galega, que indican que o concertación coa sanidade privada debe ser complementaria e subsidiaria da pública; que só se debe acudir a ela cando a sanidade pública non poda atender a demanda. Por tanto, non parece lóxico que a actividade de concertación aumente pola decisión política de recortar o capítulo de persoal dos orzamentos do SERGAS.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2011 13:33
Nº Rexistro: 70688
Data envío: 16/09/2011 13:33:14.910

Pero ademais, o BNG recibe a información de que nesta Area Sanitaria, para a actividade concertada, estase a usar material procedente de hospitais públicos. De ser certa esta denuncia estaríamos a falar, así mesmo, dun desvío (irregular) de material pagado con cartos públicos a centros privados.

O BNG alertado desta situación, realiza as seguintes preguntas:

1.^a) Cantas intervencións se derivaron a centros privados na Área Sanitaria de Vigo nos meses de xullo e agosto?

2.^a) Enviouse material desde centros públicos a estes centros privados para realizar esta actividade?

3.^a) Que motiva a decisión do Goberno galego de incrementar a concertación coa sanidade privada mentres mantén quirófanos pechados nos centros públicos?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2011.


Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

María do Carme Adán Villamarín

Henrique Viéitez Alonso

Deputadas e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2011 13:33
Nº Rexistro: 70688

Data envio: 16/09/2011 13:33:14.910

Ana Luisa Bouza Santiago na data 16/09/2011 13:28:55

Henrique Vieitez Alonso na data 16/09/2011 13:29:01

María do Carme Adán Villamarín na data 16/09/2011 13:29:09




OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Henrique Viéitez Alonso e Isabel Sánchez Montenegro, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª**, dirixida ao Goberno galego, relativa á calidade das augas do río Tea ao seu paso polo concello de Mondariz.

No ano 2008, a Unión Europea fixo público un informe onde indica que a calidade das augas da praia pluvial de O Val, pertencente ao río Tea á altura do concello de Mondariz están contaminadas e, polo tanto, non eran aptas para o baño, unha situación que viña repetíndose dende, alomenos, dez anos para atrás e todos os veráns. Esta situación é moi grave xa que atenta contra a saúde das persoas e so son tres as praias contaminadas en todo Estado Español.

Esta situación sigue perpetuándose como o demostran as distintas análises feitas pola consellería de Sanidade durante este verán que, mediante mostras realizadas cada quince días, chegando a acadar niveis de contaminación por enterococo intestinal e escherichia coli tres veces superior aos límites permitidos. Segundo a normativa vixente, as administracións públicas deben difundir, para o coñecemento xeral, a información relativa á calidade das augas de baño, como se ven facendo na maioría dos lugares. Non é a práctica nen da consellería nen do concello, ocultando unha información de carácter vital e non so se procede deste xeito, senón que chegan a promover actos de carácter lúdico nas propias augas contaminadas que multiplican ditos límites sen poñer en coñecemento das persoas o risco que corren como o fixo o concello no verán ao promover unha festa da auga para a xuventude.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta actitude responsábel repítese ano tras ano, onde parece existir unha convivencia entre os gobernos das respectivas administracións responsábeis de evitar estas situacións, a pesares de coñecer que a depuradora municipal de Merouces esta obsoleta e é incapaz de dar resposta adecuada para a depuración das augas pluviais ou mesmamente as decantadoras implantadas pola Deputación de Pontevedra que non serven para solucionar o problema.

Chegado a estas circunstancias, tendo en conta estes antecedentes e dada a magnitude do problema, e polo que formulamos as seguintes preguntas, para a súa resposta oral en Comisión, dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego:


1ª) Coñece a Goberno galego a situación descrita sobre a contaminación da praia de O Val en Mondariz e, por extensión, nas augas do río Tea?.

2ª) Sabe a Goberno galego cal é a calidade actual de dita praia e das augas do río Tea a altura de Mondariz?.

3ª) Cales son as razóns de ocultar a información ás persoas que se bañan nestas augas e están en situación de risco para a súa saúde?.

4ª) Non entende o Goberno galego que hai que actuar xa para erradicar estes focos que atentan contra a saúde pública?. Cal é a súa posición?.

5ª) No caso de manterse a contaminación ten pensado a Goberno galego tomar algunha decisión? De ser así cales serían e en que prazos?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6ª) Pensa a Goberno galego tomar algunha determinación para solventar e eliminar de xeito definitivo a contaminación da praia de O Val? En todo caso cales serían e en que prazos?

Compostela, 15 de setembro do 2011

Asdo. **Henrique Viéitez Alonso**

Isabel Sánchez Montenegro

Deputado e Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Henrique Vieitez Alonso na data 16/09/2011 13:35:47

Isabel Sánchez Montenegro na data 16/09/2011 13:35:54

Á Mesa do Parlamento

Román Rodríguez González, Jacobo Moreira Ferro, Alejandro Gómez Alonso, Rosa Oubiña Solla, Jesús Goldar Güimil e Lorena López Rodríguez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

É xa lugar común afirmar que a Lei de Costas ten xerado efectos perversos na súa translación ó litoral galego. Un dos máis evidentes é o non acertado recoñecemento da singularidade do sistema de asentamentos tradicional de Galicia.

Nalgúns concellos os deslindes do DMPT ten suposto que núcleos-entidades rurais de longa ocupación, e que contan con servizos comunitarios, quedasen englobados no interior do ámbito de xestión do servizo estatal de Costas. Tal situación significou, ademais da complexa situación urbanística derivada, en que a instancia de Costas se teñan incoado expedientes de infracción urbanística.

En concellos, como o de Vilaboa, a situación agrávase pola carencia de planeamento urbanístico, contándose con varios expedientes de derribo de construcións derivados de denuncias iniciadas, en ocasións, fai máis de 10 anos.

Por estes motivos é polo que se formulan as seguintes preguntas:

1.- Cal é a opinión da Consellería de Medio Ambiente respecto a problemática urbanística de Vilaboa?



2.- Cal é a situación dos expedientes de derribo existentes actualmente no termo municipal de Vilaboa?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2011

Asinado dixitalmente por:

Román Rodríguez González na data 19/09/2011 10:45:29

Jacobo Moreira Ferro na data 19/09/2011 10:45:41

Alejandro Gomez Alonso na data 19/09/2011 10:45:46

Rosa Oubiña Solla na data 19/09/2011 10:45:50

Jesus Antonio Goldar Güimil na data 19/09/2011 10:46:00

Lorena López Rodríguez na data 19/09/2011 10:46:05

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marisol Piñeiro Martínez, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Pedro Arias Veira, Natalia Barros Sánchez, Ángeles Díaz Pardo e Javier Escribano Rodríguez deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no Artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

A Xunta de Galicia activou o do Plan Territorial de Contaminación Mariña na Ría do Burgo como consecuencia do vertido de queroseno procedente dun camión cisterna, que tivo lugar o 2 de setembro e que chegou a afectar ás augas mariñas. Esta activación implica a mobilización dos medios dispoñibles para a contención, comprobación e análise do vertido, sexa cal sexa o punto onde estean da comunidade, e incluíu, neste caso concreto, o despregamento de barreiras marítimas anticontaminación.

Segundo parece, o vertido de queroseno chegou á Ría do Burgo a través da rede de alcantarillado. Un camión cisterna que estaba estacionado na gasoleneira da Ría do Burgo na AP-9 deu aviso sobre as 8 da mañá de que perdera toda a gasolina que transportaba. Os primeiros indicios apuntan a que unha válvula do camión foi manipulada intencionadamente dando comezo o vertido de madrugada ata baleirar 36.000 litros de produto.

A maiores, como medida preventiva o INTECMAR (Instituto Tecnolóxico do Medio Mariño) emitiu unha resolución de peche da Ría do Burgo, a través da que se prohíbe a extracción de marisco. Complementariamente a Consellería do Mar está a executar un plan de compilación de mostras sobre o desta ría, co obxecto de avaliar o grado de afectación do vertido nos recursos marisqueiros da zona, con especial atención nas superficies productivas.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas.

- 1.-) ¿Cal é a situación na que se atopa a día de hoxe a Ría do Burgo en relación co vertido de queroxeno?
- 2.-) ¿Que medios concretos foron mobilizados como consecuencia da activación do Plan Territorial de Contaminación Mariña?, ¿con que obxecto?
- 3.-) A luz dos distintos informes técnicos, científicos e biolóxicos elaborados pola Consellería ¿cal foi o impacto do vertido nos produtos do marisqueo desta ría?
- 4.-) ¿Cales son as medidas que teñen previsto adoptarse agora e no futuro tanto tras terse superado, no seu caso, este episodio de contaminación?

Santiago de Compostela, a 19 de setembro de 2011

Asinado dixitalmente por:

Jose Manuel Balseiro Orol na data 19/09/2011 11:03:23

María Soledad Piñeiro Martínez na data 19/09/2011 11:03:36

Daniel Luis Varela Suancez-Carpegna na data 19/09/2011 11:03:45


Pedro Manuel Arias Vieira na data 19/09/2011 11:03:50



Natalia Barros Sánchez na data 19/09/2011 11:04:02

Maria Angeles Díaz Pardo na data 19/09/2011 11:04:10

Javier Escribano Rodríguez na data 19/09/2011 11:04:23



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2011 11:23
Nº Rexistro: 70714
Data envío: 19/09/2011 11:23:47.315

Á Mesa do Parlamento


Fernando Branco Parga, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Con data 8 de xullo de 2005 (corrección de erros do 18 de xullo), a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a Declaración de Impacto Ambiental (DIA), do anteproxecto de enchido con auga do oco da mina das Pontes, no concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña), promovido pola empresa Endesa Generación, S.A, no que Augas de Galiza é o órgano substantivo por razón da materia.

Segundo o estudo de impacto ambiental, manéxanse distintas posibilidades de uso do lago, en función do nivel de calidade das augas acadado, agrupadas en tres categorías de aproveitamento propostas (recreativas, científico-educativas e ambientais), que deberán ser coherentes coas características ambientais deste unha vez finalizado o proceso de enchido, garantindo a conservación do ecosistema, da paisaxe e dos recursos e procesos ecolóxicos.

O ano pasado, o grupo de Aplicacións Enerxéticas Sostíbeis da Universidade de Santiago de Compostela presentou un proxecto de aproveitamento enerxético do lago que resultou finalista do concurso anual EDP University Challenge 2009, patrocinado por EDP Renovábeis, compañía eólica do grupo EDP-Enerxías de Portugal.

Segundo a información publicada, o sistema basearíase na diferenza de temperatura existente entre a superficie da auga e a fondo do lago a máis de 200 metros de profundidade, co resultado, segundo os autores, da obtención de enerxía limpa,



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2011 11:23
Nº Rexistro: 70714
Data envío: 19/09/2011 11:23:47.315

renovábel e autosostíbel, mediante a incorporación de illas fotovoltaicas para manter o bombeo. O proxecto sería único en Europa, xa que outros existentes en Italia e Suíza están en lagos naturais.

Para os autores do proxecto, o balanço enerxético resultante serviría para atender a metade das necesidades de auga quente sanitaria ou climatización da totalidade da poboación das Pontes; a súa execución non tería que esperar ao remate do enchido do lago, e o seu custe sería duns 2 M€, dos que a metade serían con cargo aos orzamentos da Consellaría de Economía e Industria, reflectidos nunha partida de 2010.


Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG**, realiza as seguintes preguntas:

- Cal é o estado actual do proxecto?
- Cando estima a Consellaría de Economía e Industria que se executará o proxecto?
- Que parte do orzamento previsto pola Consellaría de Economía e Industria, foi empregado neste proxecto?
- Unha vez executado, quen será o propietario?
- Como se distribuirá e comercializará a enerxía resultante?
- Cal será o papel do Concello das Pontes neste proxecto?

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2011 11:23
Nº Rexistro: 70714
Data envío: 19/09/2011 11:23:47.315

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 19/09/2011 11:16:29



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Guillermo Meijón Couselo, Concepción Burgo López, Xoaquín M^a Fernández Leiceaga e Francisco Cerviño González, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

No pleno celebrado o pasado día 24 de novembro de 2010, respecto dunha pregunta realizada por iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista, o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria realizaba as seguintes manifestacións respecto da construción do novo centro para o CIFP Carlos Oroza:

Estamos convencidos de que Pontevedra e a súa área de influencia precisan seguir apostando pola formación dos profesionais de turismo e de hostalería. Por iso a actual consellaría asumiu propiciar que o CIFP Carlos Oroza debe contar cun novo edificio. Contamos con recursos orzamentarios para iso pero estamos á espera dos terreos.

...A partir da cesión xurídica válida non se preocupen porque a consellaría aceptará os terreos co preceptivo expediente administrativo e traballará para facer a licitación de obra o antes posible. Xa tivemos demasiadas demoras e non foi precisamente por esta consellaría.

... Xa o manifestei hai un ano e vólvoa manifestar hoxe aquí: unha vez que se resolva administrativamente a situación relativa á cesión da parcela, a Xunta está en disposición de iniciar o proxecto de construción desta nova infraestrutura. Ese foi o compromiso adquirido pola consellaría e segue a selo. Pídalle ao concello que resolva os seus problemas, que nos poña á disposición esa parcela, e por tanto nós poderemos comezar canto antes esa obra, que é un ben moi prezado para a cidade de Pontevedra.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Así mesmo, respecto do compromiso de construción do novo CEIP de Valdecorvos, o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria expresábase do seguinte modo:

En canto ao proxecto dun novo CEIP na zona de Valdecorvos, no mesmo contacto telefónico co Concello de Pontevedra informáronos de que Xestur-Pontevedra xa asinou a cesión de terreos a favor da Administración local e de que se está preparando a documentación necesaria para realizar a favor da Xunta unha cesión unilateral. A Consellería de Educación mantén o seu compromiso de atender as necesidades de escolarización de alumnos de Pontevedra coa construción dun novo centro, dun novo CEIP, con seis unidades de infantil e doce de primaria para a zona de Valdecorvos.

Sen embargo, as recentes palabras do Xefe Territorial de Educación de Pontevedra, Sr. Pérez Ares, realizada o pasado día 12 de setembro aos medios de comunicación, poñen ben de manifesto que as sospeitas que os socialistas mantiñamos respecto da falsidade dos compromisos do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria se corresponden coa realidade que Jesús Vázquez reserva para a cidade de Pontevedra.

Nas citadas declaracións de Pérez Ares pode observarse claramente como as obras destas dúas infraestructuras educativas quedan aprazadas “sine die”, remendándolle a plana ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria que na Cámara galega afirmaba que os centros de Valdecorvos e Carlos Oroza tan só dependían de que o concello arranxara administrativamente a cesión das parcelas.

Como ben se ve, unha vez que o concello conseguiu desatascar os farragosos impedimentos postos pola Xunta de Galicia para recepción das parcelas, descubríronse as verdadeiras intencións da Xunta de Galicia que non era outras que negarlle a Pontevedra a construción dos novos centros e desviar as partidas orzamentarias coas que se contaba para a súa realización. Unha decisión que resulta máis irónica ante o recoñecemento por parte de Pérez Ares de que o Concello de Pontevedra é un dos escasos



Grupo Parlamentario

concellos da provincia onde se incrementa a matrícula en Infantil e Primaria ou a afirmación do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, na súa visita institucional ao concello de Pontevedra, na que sinalaba respecto destas obras “a perentoria necesidade das mesmas e a súa máxima urxencia”.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estas son as razóns polas que os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Comparte o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria as palabras do Xefe Territorial de Educación de Pontevedra, Pérez Ares, a cerca do aprazamento “sine die” do novo centro de Infantil e Primaria de Valdecorvos?
2. De ser así, significa iso que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria entende que non é precisa a construción do novo centro de Infantil e Primaria de Valdecorvos?
3. Considera que coas actuais infraestructuras educativas de Infantil e Primaria non é preciso construír no concello de Pontevedra ningún novo centro?
4. De ser así, ten realizado a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria algún estudo que contemple a actual poboación escolar do concello de Pontevedra e a evolución da mesma nos próximos cursos que xustifique esa decisión?
5. Comparte o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria as palabras do Xefe Territorial de Educación de Pontevedra, Pérez Ares, a cerca do aprazamento “sine die” do novo CIFP Carlos Oroza?
6. De ser así, significa iso que a consellería de Educación e Ordenación Universitaria entende que non é precisa a construción dun novo centro para o CIFP Carlos Oroza?



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

7. Entende a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que as actuais instalacións son as óptimas para o desenvolvemento dos ciclos impartidos actualmente no CIFP Carlos Oroza, e, nomeadamente, para a ampliación da oferta educativa derivada da súa propia condición de Centro Integrado?
8. Ata que punto ten que ver na decisión de suspender a construción do novo CIFP Carlos Oroza a decisión do presidente da Deputación de Pontevedra de crear un centro de formación regrada de hostalería na Lanzada?

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2011

Asdo.: Guillermo Meijón Couselo
Concepción Burgo López
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Francisco Cerviño González
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 19/09/2011 11:46:26

María Concepción Burgo López na data 19/09/2011 11:46:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/09/2011 11:46:42

Francisco Xulio Cerviño González na data 19/09/2011 11:46:48



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Miguel Angel Fernández López, Ricardo Varela Sánchez, e María Concepción Burgo López, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, relativa á Publicidade que o Goberno da Xunta realiza nas pantallas de citacións de consultas existentes no HULA.

No novo Hospital de Lugo, Hospital Universitario Lucus Augusti, puxéronse en marcha hai unha semana unhas pantallas distribuídas ao largo das diferentes áreas de consultas externas.

Ditas pantallas deberían ter como finalidade última o cumprir coa lexislación vixente e dar así cumprimento á Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal (15/1999), e evitar así a dinámica habitual que se viña practicando nos diferentes centros hospitalarios.

Pero a Consellaría de Sanidade sorprendentemente está a utilizar este sistema como un sistema de propaganda do propio Goberno incluíndo nas ditadas pantallas mensaxes alleas totalmente ao ámbito sanitario nos que se fai propaganda do feito polo Goberno, e se chega a criticar a outras administracións.

Este sistema de información que tería que ser un exemplo para o resto da nosa comunidade e incluso do resto do Estado, convértese así nun sistema de propaganda política.

Estes son algúns exemplos da propaganda exposta en ditadas pantallas:

A Xunta advirte que as valoracións das caixas de aforro se ven afectadas polo risco do país e a desconfianza no Goberno de España... sen o traballo da Xunta... non existirían as dúas caixas...

A consellería de Facenda critica as medidas do Goberno central coa privatización das caixas...'



Grupo Parlamentario

A consellería de Economía e Industria impulsa a innovación tecnolóxica e a mellora competitiva do granito galego...'

A Xunta está a priorizar a colaboración cos concellos para garantir o abastecemento da auga con investimentos de 108 millóns de euros...'

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á vista do exposto os deputados e a deputada que asinan
formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Quen é o responsable de que un sistema de información
modélico se converta nun sistema de propaganda político?

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2011


Asdo: Miguel Ángel Fernández López
María Concepción Burgo López
Ricardo Varela Sánchez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Fernández López na data 19/09/2011 18:17:59



 Grupo Parlamentario

Ricardo Varela Sánchez na data 19/09/2011 18:18:03

María Concepción Burgo López na data 19/09/2011 18:18:14

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e Pablo Xabier López Vidal, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
 Socialistas
 de Galicia

No ano 2011 desde a responsabilidade da Xunta de Galicia impulsáronse convenios de carácter publicitario con diversas operadoras de voos que permitiron dar difusión a Galicia como destino turístico e aumentar o número de pasaxeiros que utilizan as tres instalación existentes (Alvedro, Labacolla, Peinador). Algúns destes convenios terán continuidade no ano 2012.

Os convenios dos que temos constancia son os seguintes:

AEROPORTO	CONTÍA	AEROLIÑA	RTA
ALVEDRO	3,8	VUELING	AMSTERDAN
			LONDRES
			PARÍS
			SEVILLA
		SPANAIR	BARCELONA
			MADRID
		AIR NOSTRUM	VALENCIA
		TAP PORTUGAL	LISBOA
PEINADOR	1,95	AIR NOSTRUM	SEVILLA
			BRUSELAS
		VUELING	LONDRES
LABACOLLA	0,8	RYANAIR	FRANKFURT
			LONDRES
			MILAN
		EASYJET	XENEBRA

Con todo, debería ser posible facer xa un primeiro balance por iso, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1.ª) Que avaliación fai a Xunta de Galicia do funcionamento de cada un dos convenios relacionados en termos de custe/beneficio?

2.ª) Como ordenaría en función da ratio euros/pasaxeiro cada unha das rutas citadas?

3.ª) Cantos pasaxeiros moveron cada unha das rutas citadas?

4.ª) Que custe ten para as arcas autonómicas cada unha das rutas citadas?

5.ª) Hai equilibrio custe/beneficio entre os distintos aeroportos?

6.ª) Que perspectivas manexa para o vindeiro exercicio?

7.ª) Considera que a rendibilidade debe ser medida pola ratio euros/pasaxeiro e que polo tanto este debe ser un criterio á hora de determinar futuras contratacións?

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2011

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Pablo Xabier López Vidal
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/09/2011 18:16:57

Pablo Xabier López Vidal na data 19/09/2011 18:17:07



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Marisol Soneira Tajés, José Manuel Lage Tuñas, Juan Carlos Francisco Rivera, José Luis Méndez Romeu e Beatriz Sestayo Doce, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Centro Galego de Bos Aires é unha das iconas identitarias de Galicia. As súas paredes gardan a suor, a dor, a ilusión e xenerosidade de moitas xeración de galegos emigrados á República Arxentina. Durante décadas foi o lugar que acubillou a todos aqueles que fuxían da barbarie fascista que aniñaba en Galicia, e foi salvagarda e campá difusora da nosa cultura e do noso patrimonio colectivo.

O Centro Galego pasou por momentos de esplendor e por momentos difíciles ao longo de toda a súa existencia, pero sempre, dende o primeiro momento da existencia da Xunta de Galicia recibiu o recoñecemento e o apoio dos galegos a través do seu Goberno.

As deputadas e os deputados que asinan teñen interese en coñecer a resposta da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas:

1.^a) Cales, cantas e por que importe, ten concedido a Xunta de Galicia axudas, subvencións ou calquera outro tipo de achegas ao Centro Galego de Bos Aires nos últimos cinco anos, especificando o importe por anos?

2.^a) Cantos recursos ten destinado a Xunta de Galicia á Fundación Galicia Salud ao longo da súa existencia, especificando as achegas directas e os avais?

3.^a) Canto custou a auditoría, feita por 3A Recoletas, encargada pola Xunta para coñecer a situación do Centro Galego?

4.^a) Canto cobrou esta empresa pola xestión encomendada do hospital deste centro emblemático?



Grupo Parlamentario

5.ª) Ten a Xunta de Galicia un Plan B para salvar o Centro Galego de Bos Aires, logo do estrepitoso fracaso das fórmulas utilizadas polo Goberno Feijoo para “salvar” a esta centenaria institución?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2011

Asdo. Marisol Soneira Tajés
José Manuel Lage Tuñas
Juan Carlos Francisco Rivera
José Luis Méndez Romeu
Beatriz Sestayo Doce

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 19/09/2011 18:23:58

José Manuel Lage Tuñas na data 19/09/2011 18:24:08

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/09/2011 18:24:24

Jose Luis Méndez Romeu na data 19/09/2011 18:24:33

Beatriz Sestayo Doce na data 19/09/2011 18:24:36



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Marisol Soneira Tajés, José Manuel Lage Tuñas, Beatriz Sestayo Doce, Juan Carlos Francisco Rivera e José Luis Méndez Romeu, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**.

Casa de Galicia, Sociedade de Instrución, Recreo, Beneficencia e Asistencia Médica constituíuse o 1 de outubro de 1917. O obxectivo fundacional foi *“honrar a Galicia e fomentar o seu coñecemento en Uruguai, subvencionar e promover a cultura galega, e procurar o maior benestar da colectividade”*.

Ao longo dos anos acumulou un gran patrimonio na defensa de Galicia e da súa cultura, pero dende os seus inicios mantivo unha forte vocación sanitaria que dou lugar a que hoxe sexa un dos referentes hospitalarios e de prestación de servizos sanitarios de Uruguai.

Nos últimos anos a institución pasou por diversas vicisitudes, consorte coa situación económica do propio país onde está asentada, que se foi resolvendo coa colaboración da propia Casa de Galicia, dos seus directivos e dos seus traballadores, e co apoio fundamental da Xunta de Galicia presidida polo Sr. Touriño, e do Goberno de Uruguai.

A supervivencia desta senlleira institución é unha peza clave para a difusión dunha imaxe positiva de Galicia no Uruguai e en América do Sur. Cada prestación de servizo, cada acto, cada iniciativa feita e promovida dende Casa de Galicia é promoción e imaxe positiva para Galicia e para os galegos.

As deputadas e os deputados que asinan, conscientes desa realidade, preguntan o Goberno galego:

1.^a) Cantas axudas, subvencións, convenio, ou calquera outro tipo de achega, ten concedido a Xunta de Galicia á Casa de Galicia



Grupo Parlamentario

durante os últimos cinco anos, especificando o importe por ano e a finalidade da mesma?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1.^a) Segue a Xunta de Galicia a dar apoio e cobertura o plan estratéxico, deseñado no seu día por Casa de Galicia en colaboración coa Xunta presidida polo Sr. Touriño?

2.^a) En caso de ser así, en que fase do mesmo nos atopamos?

3.^a) En caso contrario, cales son as razóns polas que se abandonou esta colaboración?

4.^a) Cal é a estratexia da Xunta de Galicia con respecto ás institucións sanitarias, dependentes de entidades galegas no exterior?

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
José Manuel Lage Tuñas
Beatriz Sestayo Doce
Juan Carlos Francisco Rivera
José Luis Méndez Romeu

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 19/09/2011 18:25:11

José Manuel Lage Tuñas na data 19/09/2011 18:25:23

Beatriz Sestayo Doce na data 19/09/2011 18:25:27

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/09/2011 18:25:41

Jose Luis Méndez Romeu na data 19/09/2011 18:26:05



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Marisol Soneira Tajés, José Manuel Lage Tuñas, Juan Carlos Francisco Rivera, José Luis Méndez Romeu e Beatriz Sestayó Doce, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Hogar Español de Ancianos de Montevideo, dependente da Consejería Laboral da Embaixada de España pero xestionado por un sistema mixto no que participan entidades e particulares do colectivo español no Uruguai, presta un gran servizo a moitos españois maiores que, por distintas causas, atópanse en situación precaria ou de soedade. Tamén funciona como centro de día destinado ao mesmo colectivo.

A institución nítrese das achegas do Goberno central, de distintas administracións locais e provinciais, das comunidades autónomas e de recursos de particulares e das actividades que a colectividade española leva a cabo para tal fin. É un centro emblemático entre a colonia española no Uruguai.

Nin que dicir ten que a inmensa maioría dos alí residentes son de orixe galega e que, aínda sendo unha institución dependente do Goberno de España, son múltiples as administracións que contribúen ao seu sostemento.

As deputadas e os deputados que asinan, dada a situación de penuria económica que ultimamente vén sufrindo o Hogar Español de Ancianos, preguntan á Xunta de Galicia:

1.^a) Cantas axudas, subvencións, convenios, ou calquera outra fórmula de achega de recursos, ten concedido a Xunta de Galicia ao Hogar Español de Ancianos de Montevideo durante os últimos cinco anos, desglosado por anualidades?



Grupo Parlamentario

2.^a) Mantén a Xunta de Galicia débedas con esta institución produto de subvencións, axudas ou convenio asinados no pasado? Se é así, porqué importe? Cales son as razóns do seu non aboamento?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3.^a) Ten previsto a Xunta de Galicia manter a colaboración económica co Centro Español de Ancianos en exercicios futuros?

4.^a) Cal é a política a curto, medio e longo prazo, da Xunta de Galicia con respecto a colaboración cos centros asistenciais dependentes da colonia galega no exterior ou daquelas onde os perceptores sexan maioritariamente galegos?

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2011

Asdo. Marisol Soneira Tajés
José Manuel Lage Tuñas
Juan Carlos Francisco Rivera
José Luis Méndez Romeu
Beatriz Sestayo Doce
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 19/09/2011 18:26:51

José Manuel Lage Tuñas na data 19/09/2011 18:27:00

Juan Carlos Francisco Rivera na data 19/09/2011 18:27:13

Jose Luis Méndez Romeu na data 19/09/2011 18:27:20

Beatriz Sestayo Doce na data 19/09/2011 18:27:24



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e Pablo Xabier López Vidal, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A finais do mes de xullo a Xunta de Galicia resolveu un concurso posto en marcha en marzo de 2011 para conseguir novos enlaces aéreos para os aeroportos galegos, promocionando a marca Galicia e fomentando así o turismo para a comunidade. Este concurso é complementario do contrato con Vueling e dos acordos con outras compañías.

A adxudicación produciuse a Air Nostrum, por un importe de 1,817,200 euros, incluíndo parte do ano 2012. A compañía adxudicataria comprométese a operar tres liñas, A Coruña – Valencia, Vigo – Sevilla e Vigo – Bruxelas, así como a ofrecer a custo cero un número indeterminado de billetes a TURGALICIA.

O prego de condicións establece dous requisitos moi esixentes:

- Que a compañía solicitante teña presenza en todas as comunidades autónomas.
- Que a compañía solicitante teña presenza nos tres aeroportos de Galicia.

A combinación de ambos “requisitos” produce unha restricción notable da competencia entre aeroliñas, facendo que, na práctica, só a adxudicataria poida concorrer ao concurso, prexudicando notablemente os intereses da Comunidade Autónoma, que podería obter resultados moi superiores con menores custes de deseñar adecuadamente o prego de condicións.

Pero o segundo “requisito” merece máis atención. Por canto se establece como unha barreira á entrada de solicitantes pero non como un elemento de cualificación da oferta, determinando ou non a súa



Grupo Parlamentario

toma en consideración. É dicir, que o compromiso do adxudicatario é válido aínda que o seu compromiso non inclúa ao conxunto dos aeroportos de Galicia. E este é xustamente o resultado. A oferta adxudicada exclúe a Lavacolla –ao igual que sucede co acordo asinado con Vueling.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Considera adecuado limitar deste xeito a concorrência?
- 2.ª) Considera adecuado que o prego non estableza a necesidade de ofertar voos para os tres aeroportos de Galicia?
- 3.ª) Considera razoable subvencionar voos que compiten con outros xa existentes a custo cero desde outros aeroportos de Galicia?

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2011

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Pablo Xabier López Vidal
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/09/2011 18:52:42

Pablo Xabier López Vidal na data 19/09/2011 18:52:46

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Pablo Xabier López Vidal, Carmen Acuña do Campo e María Quintas Alvarez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A situación dos ansiados centros de saúde do Couto e do Vinteún en Ourense, logo das promesas, dos compromisos e das esperas prolongadas para a súa materialización, non pode ser soportado por máis tempo.

Estes dous centros de atención sanitaria tiñan prevista a súa construción dende fai xa máis de tres anos, pois foi no ano 2008, na anterior lexislatura cando se asina o primeiro protocolo entre o Sergas e o Concello de Ourense, no que se establecen as bases par a futura construción dun novo centro de saúde no barrio do Couto e no barrio do Vinteún.

Con posterioridade no ano 2009 se redacta o proxecto básico e de execución de cada un dos centros de saúde anteditos. Posteriormente cun novo Goberno, se acorda no Concello da Xunta de Galicia de data 9 de setembro de 2010 investir arredor de 2,2 millóns de euros na construción destes dúas instalacións sanitarias na cidade das Burgas, logo da oportuna cesión de terreos realizada pola administración municipal.

Traspasado o ecuador do ano 2011, da construción dos centros de saúde comprometidos non se sabe absolutamente nada.

Son varios os anos que leva agardando a cidade pola edificación destes dous centros de saúde que están chamados a cubrir as necesidades da poboación de dous dos barrios máis poboados da urbe. Son máis de 30 mil veciños e veciñas de Ourense os que están agardando pola materialización destas infraestruturas sanitarias. O atraso é imperdoable. A cidade de Ourense demanda dende fai tempo a mellora dos servizos básicos de atención primaria.

Logo das múltiples xestións realizadas dende a Alcaldía do Concello de Ourense, tanto coa Conselleira responsable da materia como có Presidente da Xunta de Galicia, acordos municipais acadados e mesmo iniciativas



Grupo Parlamentario

presentadas nesta sede parlamentaria, resulta imprescindible coñecer a situación destes proxectos tan necesarios para a cidade de Ourense e que padecen unha desleixo crónico. E por elo que o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. En que estado de situación se encontran os proxectos de construción dos centros de saúde do Couto e do Vinteún en Ourense?
2. Logo de ter rematado o concello os trámites pertinentes para a posta a disposición da Xunta de Galicia dos terreos precisos para estas edificacións, cales son as razóns de que a data de hoxe aínda non se teñan licitado?
3. Cal será a fórmula que se empregará no futuro para xestionar os centros de saúde públicos que a Xunta de Galicia ten comprometidos en Ourense?
4. Que día estarán a disposición dos cidadáns de Ourense estes dous centros de saúde de atención primaria?
5. Este é un síntoma máis de deterioro da prestación dun servizo público esencial para a cidadanía, o atraso na edificación de dous centros de saúde imprescindibles para atender a un abano de poboación, que cada día vai medrando?
6. Pensa a Xunta de Galicia asumir algún tipo de responsabilidade polo abandono e o esquecemento no que ten sumida a terceira cidade de Galicia en temas sanitarios?

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal

Carmen Acuña do Campo

María Quintas Alvarez

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 19/09/2011 11:59:04

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María del Carmen Acuña do Campo na data 19/09/2011 11:59:10

María Remedios Quintas Alvarez na data 19/09/2011 11:59:15



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 10:18
Nº Rexistro: 70760
Data envío: 20/09/2011 10:18:58.040


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Isabel Sánchez Montenegro, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á adopción de medidas para garantir a emisión de noticias en galego por parte de Meteogalicia.

A unidade de observación e predición meteorolóxica de Galiza, coñecida como Meteogalicia, é un organismo vinculado á Xunta de Galiza (Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) que tamén fornece de información meteorolóxica a diversos medios de comunicación de Galiza, a miúdo en directo.

É posíbel comprobar como en moitas ocasións o idioma utilizado nos partes meteorolóxicos dos servizos informativos da propia Radio Galega non é máis que un híbrido castrapizante que deturpa e denigra o idioma galego. Noutros casos, esta vez en canles televisivas privadas, o idioma utilizado é xa directamente o español, este si de xeito correcto.

Non é de recibo esta situación nun organismo adscrito á administración galega e que se nutre de orzamentos galegos. Que debe cumprir a legalidade vigorante en materia lingüística e garantir o dereito de galegos e galegas a recibirmos información en galego no propio país, máis aínda cando procede da nosa propia administración. E nun galego correcto. Sería acaso presentábel que un informativo da TVE emitise espazos nun español irrecoñecíbel? Pois o BNG reclama o mesmo criterio no noso país, máis importante aínda cunha lingua non normalizada.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 10:18
Nº Rexistro: 70760
Data envío: 20/09/2011 10:18:58.040

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Non considera o Goberno galego que a información meteorolóxica procedente de Meteogalicia debería subministrarse en lingua galega?

2.^a) En caso positivo, que medidas se adoptarán ao respecto?

3.^a) En que prazo se farán efectivas?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Portavoz s. do G.P. do BNG.
Isabel Sánchez Montenegro
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 20/09/2011 10:13:26

Isabel Sánchez Montenegro na data 20/09/2011 10:13:33



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 13:41
Nº Rexistro: 70775
Data envío: 20/09/2011 13:41:02.963

Á Mesa do Parlamento


Isabel Sánchez Montenegro, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á situación dos cabalos en semiliberdade e a colocación de aparellos inmovilizadores nas súas patas.

O uso de pexas e outros artiluxios nas patas dos cabalos, como cadeas ou gomas, é unha práctica máis habitual do que parece entre algúns cidadáns, baixo a crenza de que estes aparellos evitan que os animais invadan terreos de aproveitamento agrícola ou estradas. Sen embargo, a práctica continúa con impunidade, a pesares de que tanto a normativa galega de protección dos animais como lexislación europea prohiben este maltrato aos cabalos.

No período dun ano, unha organización defensora dos animais rexistrou máis de cincuenta cabalos inmovilizados nas provincias da Coruña, Pontevedra e Lugo, e a propia Fiscalía de Medio Ambiente da provincia pontevedresa abriu dilixencias informativas o pasado mes de Xullo, e instou á Garda Civil e á Xunta de Galicia a identificar aos responsables dos équidos.

Os animais sofren todo tipo de penalidades, chegan a contraer graves infeccións por lesións derivadas das pexas e morrer nos montes sen dispoñer da atención veterinaria adecuada, supoñendo todo isto a comisión dun posible delito de maltrato animal.

Estas son as razóns que levan ao BNG, a formular as seguintes preguntas:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 13:41
Nº Rexistro: 70775
Data envío: 20/09/2011 13:41:02.963

1. Que opinión lle merece ao Goberno galego a situación dos cabalos inmovilizados nos montes galegos?
2. Cal é a dotación orzamentaria adicada á subvención da identificación dos cabalos segundo a regulación autonómica?
3. Ten previsto o Goberno galego financiar, subvencionar e impulsar a instalación de métodos responsables que eviten o libre tránsito dos cabalos como os valados extensibles, ou os pastores eléctricos?
4. Cantos expedientes sancionadores, e no seu caso, sancións incoou a Consellería de Medio Rural pola colocación de pexas e outros aparellos nas patas dos cabalos nos anos 2009, 2010, e 2010?
5. Qué medidas pensa tomar o Goberno galego para evitar a colocación de pexas e outros aparellos nas patas dos cabalos?
6. Por qué motivo a Consellería de Medio Rural non respondeu á comunicación dos últimos meses da Asociación Animalista Libera en relación á colocación de pexas e outros aparellos nas patas dos cabalos?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2011.

Asdo.: Isabel Sánchez Montenegro

Deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 13:41
Nº Rexistro: 70775
Data envío: 20/09/2011 13:41:02.963

Asinado dixitalmente por:

Isabel Sánchez Montenegro na data 20/09/2011 13:36:56

A MESA DO PARLAMENTO

Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputado do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

O ambicioso obxectivo enerxético e ambiental 20-20-20 fixado pola UE para incrementar a contribución das enerxías renovables no consumo total de enerxía, diminuindo o emprego de combustibles fósiles e das emisións de gases de efecto invernadoiro xunto coas potencialidades mariñas de Galicia, fan necesario investigar a potenciación do desenvolvemento das enerxías renovables mariñas na nosa Comunidade Autónoma.


Por todo isto se pregunta:

Cales son os plans e os obxectivos que ten a Xunta de Galicia para a investigación e o desenvolvemento na nosa Comunidade Autónoma das enerxías renovables mariñas?.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2011

Asinado dixitalmente por:

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 20/09/2011 13:55:21



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 16:30
Nº Rexistro: 70781
Data envío: 20/09/2011 14:05:55.450

Á Mesa do Parlamento

Fernando Branco Parga, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.


O 31 de decembro de 2012 remata a vixencia do Real Decreto 661/2007, de 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, no que se recolle o sistema retributivo, entre outros, da enerxía eólica.

Neste senso, actualmente, as empresas promotoras de parques eólicos non coñecen nin a retribución que terán a partires do 1 de xaneiro de 2013, nin se existirán límites para a potencia a instalar.

Estímase que o novo marco regulatorio signifique unha minoración nas primas a cobrar, no número de horas anuais con dereito a prima e os anos nos que se vai percibir.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:

- Que coñecemento ten a Consellaría de Economía e Industria sobre as modificacións previstas no novo marco regulatorio?
- Como considera que poden afectar ao Concurso Eólico aprobado polo actual Goberno da Xunta de Galiza?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 16:30
Nº Rexistro: 70781
Data envío: 20/09/2011 14:05:55.450

- No momento de aprobación deste Concurso Eólico, tiña previsto a Consellaría o posíbel cambio no sistema retributivo no sector eólico?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 20/09/2011 14:03:22



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 16:30
Nº Rexistro: 70782
Data envío: 20/09/2011 14:06:32.465

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á programación do Salón Teatro.

A Xunta de Galiza conta co Salón Teatro na cidade de Santiago de Compostela. Constitúe o único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galiza. É a sede do CDG, acolle as representacións da compañía pública, así como outro tipo de espectáculos.

Porén, desde o mes de maio, está nun estado de letargo, sen que conste máis programación que as funcións dunha obra de teatro que se estreará o vindeiro día 21 de setembro. Un espazo que era referencial para as artes escénicas galegas, está neste momento sen pulso e sen programación que achegue o teatro ao público. Recentemente liamos unha declaración do Conselleiro de Cultura e Turismo no que se preocupaba polo escaso público do teatro na Galiza, mais é evidente que con este tipo de promoción é difícil superar esta situación.

Polo dito, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Como valora a Xunta de Galiza a programación do Salón Teatro?
- 2.^a) Que accións vai adoptar para dinamizar este espazo?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2011.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 16:30
Nº Rexistro: 70782

Data envío: 20/09/2011 14:06:32.465

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 20/09/2011 13:55:27



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 16:30
Nº Rexistro: 70784
Data envío: 20/09/2011 16:24:59.212


Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano e Alfredo Suárez Canal, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao recorte dos fondos destinados a cofinanciar a prestación de servizos sociais por parte das entidades locais.

O pasado 19 de Setembro publicouse no DOG a modificación da Orde de 3 de Marzo de 2011 pola que se convocan axudas para o cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais recortándose en 2.398.543€ a dotación inicialmente prevista de 47.041.716€, redución que a exposición de motivos da orde de modificación xustifica no “cumprimento dos obxectivos de estabilidade ornamental da Facenda da Comunidade Autónoma” alén de na minoración – xa coñecida desde o mes de Febreiro – das achegas estatais.

Xa que logo comprobamos como no altar da estabilidade orzamental a Xunta do PP sacrifica fondos destinados a planos e programas sociais esenciais en tempos de crise como atención á dependencia, o plano concertado de prestacións sociais básicas, o de servizos sociais comunitarios ou os de desenvolvemento do pobo xitano. Máis outra mostra do que Núñez Feijoo e o seu goberno entenden por garantir os “servizos públicos básicos”.

Así as cousas, fórmulanse as seguintes cuestións:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 16:30
Nº Rexistro: 70784
Data envío: 20/09/2011 16:24:59.212

Considera a Xunta que os servizos sociais municipais non son servizos básicos?
Considera a Xunta que o logro da estabilidade orzamental xustifica reducir os fondos para atención á dependencia cando en Galiza hai, de acordo cos datos do SAAD para 1 de Setembro de 2011, 53.121 persoas dependentes con dereito a prestación que non a están a recibir? E os destinados aos servizos sociais municipais sobre os que descansa, neste momento, a loita contra a pobreza e a exclusión social? E os destinados á integración do pobo xitano?

Santiago de Compostela, a 20 de Setembro de 2011

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Alfredo Suárez Canal
Deputados do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 20/09/2011 16:19:58

Alfredo Suárez Canal na data 20/09/2011 16:20:02



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Gallego Lomba, Abel Losada Alvarez e M^a José Caride Estévez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O pasado mes de agosto, e o día 15 de setembro, o actual presidente de Portos de Galicia visitou o porto de Panxón acompañado do Alcalde e do Presidente da Confraría de Pescadores de Baiona.

En ditas visitas o Sr. Durán, referiuse a paralización e demora das obras de acondicionamento do Porto de Panxón, así como a reordenación dos fondeos actuais, referente as obras asegurou “que ditas obras se van a rematar entre novembro e decembro. Con referencia aos fondeos o Sr. Durán dixo que entre as solucións non descarta “algún elemento constructivo adicional.”

Ante ditas afirmacións o Grupo Socialista pregúntase si a afirmación do Sr. Durán, descarta o compromiso do Sr. Campana de facer un estudo sobre un novo espigón para o Porto de Panxón que substituíra o actual, esta foi a petición que fixeron os mariñeiros de Panxón ao anterior presidente, este dixo que se trataría de cumprir coas necesidades dos mariñeiros, que reclamaron unha solución a falta de abrigo destas embarcacións.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión.

- 1.- En que consiste a afirmación dada polo presidente do ente público “dalgún elemento constructivo adicional”?
- 2.- Vai o actual presidente de Portos de Galicia manter a promesa feita por o Sr. Álvarez Campana?
- 3.- De ser así, en que fase se atopa a redacción do proxecto do novo espigón?
- 4.- En que prazo estará rematado dito proxecto?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2011

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
Abel Losada Alvarez
M^a José Caride Estévez



Grupo Parlamentario

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 20/09/2011 16:34:23

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/09/2011 16:34:29

María José Caride Estévez na data 20/09/2011 16:34:33



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Modesto Pose Mesura, Carmen Acuña do Campo, Miguel Angel Fernández López e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**, en relación coa publicidade do Sergas.

Nas pantallas das salas de espera das consultas dos hospitais do Sergas que se utilizan para información organizativa, segundo ten coñecemento este Grupo Parlamentario, pódense ler slogans que non ten nada que ver coa organización de servicios sanitarios, senón coa propaganda política, imitando o famoso “NODO” de épocas histórica pretéritas.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten coñecemento a Consellería de Sanidade destas prácticas?

Pazo do Parlamento, 19 de setembro de 2011

Asdo.: Modesto Pose Mesura
Carmen Acuña do Campo
Miguel Angel Fernández López
Beatriz Sestayo Doce
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Modesto Pose Mesura na data 20/09/2011 16:43:12

María del Carmen Acuña do Campo na data 20/09/2011 16:43:18


Miguel Ángel Fernández López na data 20/09/2011 16:43:22



Grupo Parlamentario

Beatriz Sestayo Doce na data 20/09/2011 16:43:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 16:48
Nº Rexistro: 70795
Data envío: 20/09/2011 16:48:37.605


Á Mesa do Parlamento

Fernando Branco Parga e Ana Luisa Bouza Santiago, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

No ano 2005, a Xunta de Galiza e a Deputación de A Coruña asinaban un acordo para a resolución extraxudicial do contencioso que se viña mantendo pola transferencia do Hospital Provincial e Psiquiátrico de Conxo; acordo no que se detallaban os investimentos a realizar pola Xunta na provincia de A Coruña, cun investimento total de 19 millóns de Euros. No anexo do devandito acordo figuraba un listado individualizado dos investimentos a facer nos respectivos concellos, entre os que se recollía a obra denominada “Centro Novo en Ares”, cunha asignación económica de 1.020.000 euros.

En Novembro do 2007, após un longo contencioso dentro da corporación de Ares con respecto á situación desta obra, acórdase definitivamente que o novo centro se constrúa na parcela anexa á que hoxe ocupa o actual Centro de Saúde; procedéndose posteriormente á sinatura dun protocolo para facilitar a redacción do proxecto dunhas obras que, como resulta público e notorio, constitúen toda unha reclamación clamorosa e histórica do conxunto da sociedade local desde hai preto dunha década.

Segundo informacións ofrecidas reiteradamente polo Alcalde do concello en diversas ocasións a solicitude do BNG, os servizos correspondentes da Xunta atopábanse traballando na redacción do correspondente proxecto técnico; co compromiso de



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 16:48
Nº Rexistro: 70795
Data envío: 20/09/2011 16:48:37.605

trasladalo logo á corporación. Vai agora para dous anos, ao fío da presentación do proxecto de Orzamentos da Xunta para o ano 2010, facíase pública a intención do Goberno galego de recorrer á iniciativa privada para a construción de varios centros de saúde e, entre os que se atopa o correspondente ao concello de Ares, figurando como anexo o seguinte cadro:


CONCELLO	2010	2011 e seguintes
<i>ARES</i>	<i>1500000</i>	

Como resulta máis que evidente, a hipotética cantidade que se consignaba para o pasado ano non tivo concreción en investimento algún, nin tampouco a que debería de terse aplicado para o presente ano.

Ademais, estamos nunha situación que podemos cualificar de fraudulenta, se revisamos minimamente os antecedentes deste proxecto, comprometido expresamente desde a administración pública hai agora seis anos, e agora “trasladado” á iniciativa privada. Nesta liña, o pleno do concello de Ares, en sesión celebrada o 26 de Novembro de 2009 adoptaba por maioría o seguinte acordo:

1.- Esixir que o Centro de Saúde que a Consellaría de Sanidade ten pendente de construír no concello de Ares se execute con financiamento da administración pública galega.

2.- Demandar, en liña co anterior, que nos Orzamentos da Xunta para o ano 2010 se inclúan as emendas correspondentes para dotar unha partida económica



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 16:48
Nº Rexistro: 70795
Data envío: 20/09/2011 16:48:37.605

suficiente para a execución do devandito proxecto.

3.- Remitir copia deste acordo ao Presidente da Xunta, Consellaría de Sanidade e Portavoces dos Grupos con representación no Parlamento Galego.

Con data 8 de Abril de 2010 entraba no Rexistro Xeral do concello unha solicitude da Xunta para a cesión dos terreos; curiosamente cando estes figuraban a disposición da Xunta desde Setembro do ano 2007. O acordo desta nova “cesión” foi adoptado polo pleno con data 29 de Abril de 2010. Sen embargo, contestando a unha pregunta do BNG no Parlamento Galego, a Xunta afirma, con data 2 de Xullo de 2010, que a cesión dos terreos “está en tramitación” e que a obra “licitarase no ano 2010 sempre que os terreos estean a disposición do Servizo Galego de Saúde”; cando, como xa se ten dito, nesa data xa o estaban.

Hai poucos días, o mesmo rexedor municipal adiantaba nunha Comisión Informativa que a Xunta estaría en trámites de quitar a contratación un “paquete” en materia de infraestrutura sanitaria, entre as que podería estar o novo Centro de Saúde de Ares. Situación que resulta cando menos chamativa xa que, a estas alturas, en ningún órgano da corporación municipal se ten dado conta formalmente do proxecto, e menos prestarlle aprobación ao mesmo.

Neste contexto, de continuar o proceso deste xeito, suporá un retraso na execución das obras e, en definitiva, na imposibilidade real de que as veciñas e veciños do concello de Ares dispoñan canto antes dunhas instalacións que melloren as necesidades existentes en materia de infraestrutura sanitaria que se están a reclamar.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 16:48
Nº Rexistro: 70795
Data envío: 20/09/2011 16:48:37.605

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:

1.- Cal é a situación actual do proxecto técnico para a construción dun novo centro de saúde en Ares na parcela correspondente, posta a disposición por parte da corporación municipal no ano 2007 ?

3.- Ten coñecemento a Xunta de que o proxecto fose estudado ou aprobado pola corporación de Ares e, no seu caso, das posíbeis suxestións e/ou reclamacións ao mesmo?

4.- Cal vai ser o abano de prestacións sanitarias a desenvolver nas novas instalacións, así como dos servizos que formarán parte da concesión administrativa das mesmas?

5.- Qué previsións manexa a Xunta – tanto en prazos como en investimento económico - para a execución das obras do novo Centro de Saúde en Ares?


6.- Cal é o compromiso da Xunta no financiamento da administración pública – en función do compromiso existente desde o ano 2005 – para a execución do novo Centro de Saúde de Ares ?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputado e deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 16:48
Nº Rexistro: 70795

Data envío: 20/09/2011 16:48:37.605

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 20/09/2011 16:42:40

Ana Luisa Bouza Santiago na data 20/09/2011 16:42:47



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 17:19
Nº Rexistro: 70801
Data envío: 20/09/2011 17:19:12.045

Á Mesa do Parlamento

Fernando Branco Parga, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.


Logo do Consello da Xunta de Galiza, realizado en Ferrol o 24 de marzo deste ano, o sr. Núñez Feijóo, en declaracións aos medios de comunicación, informou de que o Goberno galego ía presentar, antes do verán, un Plan para revitalizar proxectos industriais en Navantia, buscando dar ocupación ás instalacións da antiga Imenosa .

Mais recentemente, no Pleno do Parlamento Galego do pasado 14 de setembro, aprobouse por unanimidade unha Proposición non de lei, a iniciativa do BNG, na que, entre outras cousas, se demanda o seguinte:

“Esixirlle á Xunta de Galiza que colabore coa Sepi no cofinanciamento e desenvolvemento dun centro de reparacións de Navantia, na ría de Ferrol, de acordo co “Contrato con Ferrol”, exposto polo presidente Núñez Feijóo en 2009.

Impulsar a construción dun dique flotante que permita que o centro de reparacións de Navantia, na ría de Ferrol, poida ofrecer tamén a reparación e transformación de grandes buques, e que se lles encomende a súa construción aos propios estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol”.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 17:19
Nº Rexistro: 70801
Data envío: 20/09/2011 17:19:12.045

- Cando ten previsto a Xunta de Galiza presentar o Plan que anunciou para antes do verán do 2011?
- Cales son os fundamentos ou materias que prevén planificarse nesta actuación?
- Este Plan, de existir, vai afectar ao sector de reparacións de Navantia nos estaleiros da ría de Ferrol?
- Que xestións e/ou accións está facendo a Xunta para cumprir o anunciado Contrato con Ferrol feito polo sr. Núñez Feijóo no ano 2009?
- Vai colaborar a Xunta de Galiza para impulsar a construción dun dique flotante, por parte da empresa Navantia na ría de Ferrol?, de ser así, como?, con que partidas económicas?, cando?


Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 20/09/2011 17:17:03



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 18:03
Nº Rexistro: 70804
Data envío: 20/09/2011 18:03:10.104

Á Mesa do Parlamento


Fernando Branco Parga, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O 19 de setembro, a empresa Gas Natural SDG S.A. (Gas Natural Fenosa) anunciaba, con presentación ao sr. Núñez Feijóo incluída, a creación dunha nova sociedade, con sede en Galiza, denominada Fenosa.

O obxecto desta nova empresa, dende a unidade de Xeración Hidráulica, será a explotación, operación e mantemento de todos os activos hidráulicos de xeración convencional e mariña a nivel mundial da empresa matriz Gas Natural Fenosa. O que, segundo o anunciado, dará ocupación a 250 traballadores/as.

Dentro dos proxectos de futuro desta empresa, en concreto entre 2016 e 2019, está a posta en operación de 1.500 MW adicionais, correspondentes coa repotenciación de centrais hidráulicas en Galiza.

Ese mesmo día, o 10 de setembro, no DOG publicábase unha resolución da Consellaría de Economía e Industria pola que se autoriza administrativamente e se aproba o proxecto de execución das instalacións electromecánicas da central hidroeléctrica dos Peares II, no río Miño, promovida por Generación Peninsular SL (con sede en Madrid), nos Concellos de Carballedo e Panón (Lugo)



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/09/2011 18:03
Nº Rexistro: 70804
Data envío: 20/09/2011 18:03:10.104

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:

- Cantos postos de traballo novos, directos e permanentes vai crear a nova empresa Fenosa?, cantos deles en Galiza?
- Que coñecemento ten a Xunta de Galiza sobre a pretensión de Gas Natural Fenosa, de repotenciamento en centrais hidráulicas até acadar 1500 Mw máis?
- En que estado de tramitación está a repotenciación destas centrais hidráulicas?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 20/09/2011 18:00:14




OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, Alfredo Suárez Canal e Teresa Táboas Veleiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á supervisión da liña de alta velocidade entre Ourense e Santiago polo Centro de Control de Tráfico Ferroviario de Ourense.

O Centro de Control del Tráfico ferroviario situado en Ourense conta con recursos humanos suficientemente capacitados e tecnoloxía para controlar o tráfico de todos os trens que circulan actualmente pola rede convencional de Galiza, así como os que en el futuro utilicen las liñas de alta velocidade.

Pola contra , na súa comparecencia na Comisión de Fomento del Congreso doa Deputados o xoves 15 de setembro de 2011, o Ministro de Fomento desveloulle ao deputado del BNG, Francisco Jorquera, que será o centro de control de León, que aínda está en execución, o que se ocupará de la liña de AVE entre Ourense y Santiago. É dicir, un centro de control situado en terras leonesas vaise ocupar de controlar o tráfico de trens de una liña de alta velocidade, que discorre integramente por el territorio galego como é la conexión Ourense-Santiago. E isto malia existir un magnífico centro de control ferroviario na cidade ourensá do que o propio Ministro, manifestou en varias ocasións que a estación de Ourense, será o principal no de distribución da alta velocidade en Galiza.




OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, consideramos que excluír da ordenación e da supervisión das liñas de alta velocidade, que transcorran polo territorio galego, ao Centro de Control Ferroviario de Ourense, traerá consigo complicacións técnicas e organizativas, xa que a día de hoxe todas as liñas de Galiza están xestionadas desde el CTC de Ourense, a excepción de la liña Ponferrada-Monforte, que se supervisa desde León. Desde este posto de mando xestionase todo lo relacionado coa circulación, a sinalización, as comunicacións e os mandos das subestacións en tramos electrificados. É o punto desde o que se coordinan as incidencias ou accidentes e, de haber un fallo informático, pode provocar retrasos en cadea, como xa sucedeu en varias ocasións.

Para este Grupo Parlamentar, esta é unha decisión inxustificada, que unicamente responde a unha estratexia política, perfectamente planificada desde fai anos e que consiste en desmantelar todas as dotacións ferroviarias existentes en Galiza, para centralas no macrocentro de control que se está construíndo en León. Ao noxo xuízo, esta inxusta decisión ademais de afectar á seguridade e á eficacia na operatividade da nova liña de Alta Velocidade entre Ourense-Santiago, suporá unha nova perda de postos de traballo na estación ferroviaria de Ourense.

Por iso consideramos necesario que o Goberno Galego se dirixa ao Ministerio de Fomento para trasladarlle a necesidade de que recapacite sobre dita decisión e realizar as xestións oportunas para lograr que estas tarefas sexan asumidas polo Centro de Control de Ourense.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas e do deputado asonantes, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral ante a Comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1ª) Como valora o Goberno galego a intención manifestada polo Ministerio de Fomento de trasladar as funcións que se viñan realizando no Centro de Control de Ourense ao que se está a construír en León?

2ª) Non considera que tratándose dunha liña que transcorre integramente por territorio galego se debería manter na nosa nación?

3ª) Cales son as consecuencias que cre que pode provocar na seguridade e na operatividade?

4ª) Non cre que esta situación pode ter consecuencias ante a eventual constitución dun ente ferroviario en Galiza?

5ª) Ten previsto realizar algunha actuación para evitar esta situación e a perda de postos de traballo que se producirán na estación de Ourense?

6ª) De ser así, cales?


Santiago de Compostela, 20 de Setembro de 2011

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

Alfredo Suárez Canal

Teresa Táboas Veleiro

Deputadas e Deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 20/09/2011 19:00:58

Alfredo Suárez Canal na data 20/09/2011 19:01:03

Teresa Táboas Veleiro na data 20/09/2011 19:01:07



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Marisol Soneira Tajés, José Manuel Lage Tuñas, Beatriz Sestayo Doce, José Luis Méndez Romeu e Juan Carlos Francisco, deputadas e deputados pertencentes o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Os galegos que residen fóra das nosas fronteiras constitúen un colectivo moi heteroxéneo. Non é o mesmo o colectivo que emigrou, nos anos sesenta e setenta, a outros lugares de España, que os que tomaron o camiño europeo ou aqueles que cruzaron o Atlántico ao longo do século XIX e XX. Tampouco é homoxénea a súa relación coa patria de orixe. Mentres uns manteñen residencia e intereses económicos en Galicia, outros viven a súa galegitude dende o culto as súas raíces a herdanza transmitida polos seus pais ou avós.

Pero todos eles significan un gran patrimonio que poucos países teñen. Ao longo do mundo centos de miles de persoas levan con orgullo, nacese en territorio galego ou non, a súa condición de galegos. E, neste colectivo, hai persoas de toda clase e condición que seguen mantendo a súa nacionalidade española, nalgún caso convivindo coa do país de residencia, pero que ao mesmo tempo participan da vida económica, social, cultural e política dos lugares onde viven.

Manter esta rede de vínculos, de relación e de capacidade de influír é un capital impagable para calquera país. Por iso, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Ten a o Goberno galego unha estratexia para incorporar a Galicia Exterior ao proxecto colectivo da Galicia do Futuro?

2.^a) Se é así, en que consiste, con que medios conta, cal é o seu espazo temporal e as principais liñas de actuación?



Grupo Parlamentario

3.^a) Que accións concretas ten feito, de acordo con esa estratexia, o Goberno Galego ate o de agora e con que recursos?

4.^a) Ten elaborado, ou pensa facelo no futuro próximo, a Xunta de Galicia un mapa de recursos do que pode significar a Galicia Exterior para a economía, a sociedade e cultura galegas?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2011

Asdo: Marisol Soneira Tajés
José Manuel Lage Tuñas
Beatriz Sestayo Doce
José Luis Méndez Romeu
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 21/09/2011 10:47:19

José Manuel Lage Tuñas na data 21/09/2011 10:47:28

Beatriz Sestayo Doce na data 21/09/2011 10:47:33

Jose Luis Méndez Romeu na data 21/09/2011 10:47:40

Juan Carlos Francisco Rivera na data 21/09/2011 10:47:52



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Ismael Rego González, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Goberno galego programou e puxo en marcha a construción dun centro de día no concello de Lourenzá, suponse que para dar resposta ao estado de necesidade existente deste tipo de equipamento.

A sorpresa para os cidadáns da zona e demandantes do servizo que debería estar aportando o dito centro, e que meses despois de estar rematadas as obras, e polo tanto, de ter investido un volume importante de recursos, que proceden dos seus impostos, este segue pechado sen que por parte do Goberno se dese ningunha explicación que xustifique tal situación.

Polo exposto o deputado que asina demanda do Goberno galego resposta ás seguintes preguntas:

1.^a) Cal é a razón da non posta en servizo do Centro de día de Lourenzá meses despois de estar rematado?

2.^a) A que responden, a xuízo do Goberno, os reiterados anuncios de distintos persoeiros do PP sobre a apertura do centro que nunca se cumpren?


3.^a) Para cando ten previsto o Goberno a posta a disposición dos cidadáns de Lourenzá este equipamento social ao que teñen dereito?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2011

Asdo: Ismael Rego González
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Ismael Rego González na data 21/09/2011 10:44:14

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2011 10:58
Nº Rexistro: 70817
Data envío: 21/09/2011 10:58:24.043

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Bieito Lobeira Domínguez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A educación é un dos piares básicos que garante a igualdade de oportunidades na sociedade actual. Investir nun bo sistema educativo é a garantía do necesario desenvolvemento económico e social da sociedade. Porén todos os servizos educativos son importantes e contribúen de xeito moi significativo á formación do individuo. Nun momento de crise económica como o actual debería ser maior o compromiso da administración educativa coas necesidades da cidadanía. Mais como podemos comprobar a cotío as accións do Goberno galego van en sentido contrario.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presentou diante deste Parlamento diferentes iniciativas para impulsar o servizo de comedor nas escolas galegas dada a demanda que existe por parte dos e das proxenitores e tamén por ser un dos servizos de conciliación máis demandado na actualidade. Os cambios sociais e culturais da sociedade e as dificultades das mulleres e homes para compaxinar a vida laboral coa educación dos fillos e fillas fan necesaria a ampliación e modificación dos servizos educativos complementarios para dar resposta adecuada e eficaz a estes cambios facilitando a vida das familias en condicións de igualdade e compensación das súas necesidades. Os comedores escolares son un servizo que desenvolven unha destacada función social e educativa e están integrados na vida e organización dos centros educativos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2011 10:58
Nº Rexistro: 70817
Data envío: 21/09/2011 10:58:24.043

No CEIP Rúa de Cangas logo dun evidente retraso investíronse 345.000 euros para o acondicionamento dun espazo para o comedor escolar. Mais neste momento a Consellería de Educación rexeita a apertura do comedor escolar argumentando a inexistencia de crédito para asumir o gasto mediante a modalidade de contratación do servizo cunha empresa do sector hostaleiro . Cómpre lembrar que os orzamentos da Xunta para o 2011 supuxeron un recorte importante nas partidas educativas chegando a un 35% de retallamento na partida de axudas ás Anpas para os comedores escolares.

A Consellaría de Educación desestima asumir a xestión deste comedor argumentando “que o colexio está situado en zoa periurbana, que ten aprobada a xornada única e que dispón de transporte escolar ao remate das clases polo que a razoable proximidade existente entre o centro e os domicilios dos alumnos non demora de xeito prexudicial para a súa saúde o acto da comida”.

Como podemos observar son unhas declaracións intolerables por ser contrarias incluso á lexislación actual que reserva un espazo destacado á tarefa conciliadora da vida educativa e familiar coa laboral e elimina os obstáculos económicos, sociais e de calesquera outra índole que dificultan ou impiden o desenvolvemento do dereito á educación. Máxime cando o goberno actual aproba unha Lei de Familia que supostamente pretende apoiar as familias galegas.

O goberno local anterior fixo un esforzo inxente para dotar de espazos onde prestar o servizo de comedor nos colexios públicos como Aldán e Hio e sumouse á solicitude da comunidade educativa da Rúa para o pronto remate das obras de ampliación e dotación de comedor da Consellería. Este servizo non pode depender do



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2011 10:58
Nº Rexistro: 70817
Data envío: 21/09/2011 10:58:24.043

voluntarismo de nais e país e require dun compromiso maior da Xunta.

Polo exposto, preséntanse as seguinte Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Por que a Consellaría de Educación non asume a posta en marcha do comedor escolar do CEIP A Rúa?
2. É consciente a Consellaría de estar desoíndo a normativa vixente, en concreto a Lei de apoio á familia, coa súa negativa?

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Bieito Lobeira Domínguez

Deputada e deputado. do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 21/09/2011 10:54:03

Bieito Lobeira Domínguez na data 21/09/2011 10:54:10



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Cajide Hervés, Guillermo Meijón Couselo, Beatriz Sestayo Doce e Modesto Pose Mesura, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia


Recentemente o Grupo Municipal Socialista de Cuntis, alarmado por un grupo de nais, e despois dun seguimento e control exhaustivo sobre o servizo de transporte escolar neste municipio, ten comprobado e denunciado publicamente a utilización dun autobús de transporte adaptado do 065 no transporte de nenos e nenas do CPI Don Aurelio de Cuntis. Dita irregularidade foi posta en coñecemento do director do centro, Miguel Louzau, o cal se puxo inmediatamente en contacto coa empresa concesionaria do servizo, ao mesmo tempo que foi trasladada a denuncia ó posto da Garda Civil de Cuntis para comprobar se o transporte conta coas autorizacións administrativas correspondentes para prestar este servizo. Cuestión que, a data de hoxe, aínda está pendente de confirmar.

O Grupo Parlamentario Socialista ten coñecemento de casos semellantes que xa foron debatidos no Parlamento de Galicia, onde a persoa representante do Executivo Galego adquiriu o compromiso de perseguir as irregularidades e corrixir calquera anomalía que se estivera producindo. Pero visto o que está pasando no servizo de Cuntis todo indica que está a suceder todo o contrario.

Queremos resaltar que as irregularidades que estamos a denunciar supoñen un dobre prexuízo, por unha parte demoras na recollida das persoas con mobilidade reducida para o seu desprazamento a centros de día e hospitais, podendo supoñer incluso a cancelación de rutas; e por outra supón unha merma na calidade do servizo no desprazamento do alumnado do Colexio de Cuntis.

Este grupo parlamentario non quere que esta irregularidade no transporte escolar e tamén no servizo do 065 quede nunha mera anécdota. Non imos consentir que dende a Xunta de Galicia se desentendan deste caso, tal como desprende da información que podemos ver nos medios de comunicación, a



 Grupo Parlamentario

modo de resposta á denuncia socialista. Parécenos unha burla á cidadanía que pretendan desentenderse dicindo que “nada ten que ver na situación” ou “a empresa de transportes tiña un problema cun dos autobuses, que aínda estaba matriculándose” que só foron “un día ou dous”... Respostas que consideramos verdadeiramente lamentables.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo cal, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A empresa responsable do servizo de transporte escolar no Concello de Cuntis conta coa autorización necesaria para utilizar vehículos do 065 en dito servizo?
2. Cantos anos leva esta empresa facendo o servizo de transporte escolar no Concello de Cuntis?
3. Que xestións ten feito a Xunta de Galicia ante as irregularidades no servizo de transporte escolar de Cuntis? Que medidas ten previsto tomar?
4. Ten coñecemento a Xunta de Galicia dalgunha outra irregularidade desta empresa nos servizos que presta á Administración pública?
5. Que tipo de seguimento e control fai a Xunta de Galicia para garantir a calidade no servizo de transporte escolar en xeral?
6. Cales son as medidas previstas pola Xunta de Galicia para que non se volvan a producir irregularidades no servizo de transporte escolar?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2011

Asdo.: Carmen Cajide Hervés

Guillermo Meijón Couselo

Beatriz Sestayo Doce

Modesto Pose Mesura

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:


María del Carmen Cajide Hervés na data 21/09/2011 12:18:51

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 21/09/2011 12:18:58

Beatriz Sestayo Doce na data 21/09/2011 12:19:03

Modesto Pose Mesura na data 21/09/2011 12:19:07



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2011 13:47
Nº Rexistro: 70865
Data envío: 21/09/2011 13:47:51.684

Á Mesa do Parlamento


Fernando Branco Parga e María do Carme Adán Villamarín, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O 19 de setembro, cando as clases deberían ter comezado, no **IES Sofía Casanova de Ferrol**, nin o Centro, nin o profesorado afectado: 12 adscritos/as extraoficialmente, 2 suprimidos/as e 8 adscritos/as sen praza, non teñen confirmación oficial de cal vai ser a súa situación neste curso 2011/2012 xa iniciado.

Esta situación está lonxe, tal e como pretende trasladar o Conselleiro de Educación, dun inicio de curso con normalidade, máis ben todo o contrario; é o principio de curso máis conflitivo, motivado polos ataques desta Consellaría, e o propio Conselleiro, ao ensino público.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:

- Cando vai regularizar a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria a situación do IES Sofía Casanova?
- En que situación van quedar os/as profesoras/as deste IES, pendentes de comunicación oficial?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2011 13:47
Nº Rexistro: 70865
Data envío: 21/09/2011 13:47:51.684

- Á vista da situación deste IES, considera a Consellaría que este é un xeito “normal” de comezar o curso escolar?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga


María do Carme Adán Villamarín

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 21/09/2011 13:37:45

Maria do Carme Adán Villamarín na data 21/09/2011 13:37:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2011 13:49
Nº Rexistro: 70869
Data envío: 21/09/2011 13:49:21.917

Á Mesa do Parlamento


Fernando Branco Parga, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Dentro do *Plano Estatal de Reserva Estratéxica do Carbón 2006-2012 e novo modelo de desenvolvemento integral e sostíbel das Comarcas Mineiras*, recollíase unha serie de compromisos, por parte do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de actuacións en proxectos de infraestruturas nas Comarcas Mineiras, no caso de Galiza, nas comarcas das Pontes e Cerceda.

Recentemente, o Ministerio anunciou un recorte do 44% destes fondos para os orzamentos do ano 2012.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:

- Coñece a Consellaría de Economía e Industria, se este recorte vai afectar a proxectos previstos en Galiza?, de ser así, a cales?
- Que proxectos se desenvolveron en Galiza ao abeiro deste Plano?
- Cantos e cales na Comarca de Cerceda?
- Cantos e cales na Comarca das Pontes?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2011 13:49
Nº Rexistro: 70869
Data envío: 21/09/2011 13:49:21.917

- Que proxectos futuros hai previstos e cal é o seu estado de tramitación?


Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 21/09/2011 13:36:33



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**, relativa á actuación da Xunta de Galiza en relación coa situación que atravesamos a empresa Alimentos Lácteos e a súas repercusións no sector lácteo galego.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego asistimos con crecente preocupación a situación que está a atravesar o sector lácteo na nosa nación que ademais de facer fronte a unha prolongada situación de prezos en orixe do leite que non é dabondo para cubrir os gastos de produción ten que enfrontarse nun futuro cada vez máis próximo a un novo escenario motivado por decisións adoptadas no ámbito do chequeo médico da PAC que non son nada favorábeis aos intereses dos produtores galegos.

Ao mesmo tempo vemos como hai unha total pasividade e abandono por parte da Xunta de Galiza, nomeadamente da Consellaría do Medio Rural, malia ostentar poderosas competencias e instrumentos neste ámbito, no que se refire á procura de solucións aos problemas estruturais que lastran o noso sector lácteo. Nada se ten avanzado nos últimos anos en dotar de maior rendibilidade e viabilidade de futuro ao sector produtor como elemento esencial para a dinamización social e económica do medio rural, mais tampouco se ten avanzado en dotármolos dun sector industrial e transformador viábel, de capital galego que contribúa á creación de riqueza e diminúa a dependencia do sector lácteo galego de capital foráneo, mais ben todo o contrario.

É polo tanto neste contexto, no que ao xuízo deste Grupo Parlamentar, cobra especial relevancia a situación pola que atravesamos a empresa Alimentos Lácteos, empresa que non podemos esquecer que no seu día foi constituída co apoio económico e institucional da Xunta de Galiza fronte a outras alternativas que non lograron dito apoio.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Consideramos de vital importancia unha actuación do Goberno galego non só de cara a manter a capacidade industrial senón tamén polas consecuencias que para moitos produtores e produtores está provocando xa na actualidade e que se poderán ver incrementadas no futuro.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral ante a Comisión:

- 1ª) Cal é a situación actual da empresa Alimentos Lácteos?
- 2ª) Dos datos dos que dispón a administración despréndese que exista algún perigo para a continuidade da súa actividade?
- 3ª) Que consecuencias está a producir a situación da empresa Alimentos Lácteos para o sector produtor segundo os datos dos que vostede dispón?
- 4ª) Existe garantía de recollida e pago do leite ás explotacións que subministran a esta empresa?
- 5ª) Á vista da implicación do Goberno galego no impulso desta sociedade, ten realizado algunha actuación para garantir a viabilidade do proxecto e a optimización dos recursos públicos cos que se lle prestou apoio?
- 6ª) Que medidas ten previsto impulsar coa finalidade de dotar de viabilidade e futuro a este proxecto?

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

Deputada do G:P. Do BNG




OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Tereixa Paz Franco na data 21/09/2011 18:16:35



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2011 18:25
Nº Rexistro: 70890
Data envío: 21/09/2011 18:25:17.005

Á Mesa do Parlamento


Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao anuncio de traslado do mercado de gando de Amio, en Santiago de Compostela, ao recinto feiral de Silleda.

O mercado gandeiro de Amio é o primeiro de Galiza e sitúase de terceiro no Estado español en canto a volume de animais e transaccións, con 108.141 cabezas de gando vendidas en 2010. Esta importante actividade económica para a cidade de Santiago de Compostela, que celebra anualmente 52 feiras de vacún e 2 de equino, dificilmente poderá ser superada por outro tipo de eventos que se organicen nese recinto.

O Conselleiro de Presidencia, D. Alfonso Rueda, -e tamén presidente da Fundación Semana Verde- anunciou recentemente que o recinto feiral de Silleda acollerá a partir de 2012 a actividade adscrita ao mercado de gando de Amio, en Santiago de Compostela. Fixo este anuncio a pesar da evidente conflictividade que xera este asunto e ante unha falta de consenso co sector agrario. O único argumento esgrimido ten a ver co que el mesmo cualificou como "unha decisión política do Concello de Santiago".

Polo dito, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Ten previsto a Xunta de Galiza reunirse cos representantes do sector agrario para ter en conta as súas opinións en relación co traslado da feira do gando a Silleda?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/09/2011 18:25
Nº Rexistro: 70890
Data envío: 21/09/2011 18:25:17.005

- 2.^a) Dispón a Xunta de Galiza dun plan de usos e de viabilidade para o recinto feiral de Amio?
- 3.^a) Cantos días de ocupación estimada van ter as actividades programadas?
- 4.^a) Cal vai ser o modelo de xestión do recinto?
- 5.^a) Canto vai custar e cal é o prazo para a súa adaptación?
- 6.^a) Vaise implicar a Xunta con dotación orzamentaria na súa remodelación?


Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2011

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do Grupo Parlamentar do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 21/09/2011 18:23:11



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2011 10:39
Nº Rexistro: 70895
Data envío: 22/09/2011 10:39:01.953

Á Mesa do Parlamento

Fernando Branco Parga, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Segundo o Instituto estatal de estatística (INE), Galiza rexistra, xunto con Estremadura, a maior caída anual no Índice de Producción Industrial, cunha baixada anual de 15,9% e, no que vai de ano, unha media do 7% só superada por Canarias cun 7,2%.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:

- Cales son os motivos destes pésimos resultados da industria de Galiza?
- Que actuacións vai acometer o Goberno Galego para a recuperación da produción industrial en Galiza?


Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 22/09/2011 10:30:44



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2011 10:39
Nº Rexistro: 70895
Data envío: 22/09/2011 10:39:01.953



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2011 11:01
Nº Rexistro: 70897
Data envío: 22/09/2011 11:01:43.552

Á Mesa do Parlamento

Fernando Branco Parga, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.


Entre as vantaxes dos coches eléctricos está a súa menor dependencia enerxética, minora as emisións contaminantes, son máis silenciosos e mesmo son máis eficaces que os motores clásicos de combustión interna.

Hoxe no mercado hai vehículos eléctricos que teñen unha autonomía media de 130 quilómetros e unha duración de carga de 6 horas.

Neste senso, a Xunta de Galiza anunciou en varias ocasións a elaboración dun Plan Director para a promoción do coche eléctrico en Galiza e a instalación de até 500 electrolineiras.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:

- Cantas electrolineiras hai actualmente en funcionamento en Galiza?, en onde están?
- En que estado de elaboración está o Plan Director para a promoción do coche eléctrico en Galiza?, cando se prevé a súa aprobación?
- Cantos coches (ou outro tipo de vehículo) eléctricos foron matriculados en Galiza



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2011 11:01
Nº Rexistro: 70897
Data envío: 22/09/2011 11:01:43.552

nos últimos dous anos?

- Cantos coches eléctricos hai no parque móbil da Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 22/09/2011 10:54:25



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2011 12:10
Nº Rexistro: 70900
Data envío: 22/09/2011 12:10:28.348

Á Mesa do Parlamento

Fernando Branco Parga, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A empresa Gamesa instalouse no Concello de As Somozas (A Coruña) no ano 1996, cun cadro de persoal de 60 traballadores/as e, daquela, fabricaba pás eólicas de 19 metros.

Posteriormente chegou a ter, neste Centro de Traballo, 700 operarios/as, e realizaba pás de 45 metros.

Esta empresa non só xeraba economía no Concello e no seu entorno, senón que tamén influía positivamente nos resultados do Porto de Ferrol, por onde exportaba parte da súa produción.

Actualmente, logo do parón no sector eólico, conta con 250 traballadores/as, dos cales 30 irán temporalmente á India para colaborar na posta en marcha dun centro de produción.

Asemade, a Dirección da factoría vén de comunicarlle ao Comité a escasa carga de traballo prevista; neste senso, o pasado mes de xullo, nunha reunión entre o Comité e o Conselleiro de Economía e Industria, este comprometeuse a estudar a posibilidade de adxudicarlle a posta en marcha de parques eólicos que non foran obxecto do Concurso Eólico aprobado por este Goberno.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:


- Que coñecemento ten a Consellaría de Economía e Industria da situación actual dos Centros de Traballo de Gamesa en As Somozas?
- Prevé algunha solución?, de ser así, cal? e para cando podería estar operativa?
- Presentou esta empresa algún recurso de alzada diante da Xunta sobre o último Concurso Eólico?
- Presentou algunha demanda, pola vía contenciosa administrativa, contra este Concurso?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Fernando Branco Parga na data 22/09/2011 12:06:30



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2011 17:43
Nº Rexistro: 70942
Data envío: 22/09/2011 17:43:02.235


Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Henrique Viéitez Alonso, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A educación é un dos piares básicos que garante a igualdade de oportunidades na sociedade actual. Investir nun bo sistema educativo é a garantía do necesario desenvolvemento económico e social da sociedade. Todas as etapas educativas son de vital importancia no desenvolvemento dos nenos e as nenas, mais podemos afirmar que os primeiros anos da escolarización dun alumno ou alumna marcan as pautas educativas que determinaran o futuro acceso pleno ao coñecemento e a formación.

Asemade a boa dotación de servizos educativos no ámbito máis rural contribúe de xeito claro ao reequilibrio territorial. Diferentes estudos avalan a tese de que investir en bos servizos educativos próximos ao domicilio é unha das medidas necesarias para a reactivación demográfica dun país.

A EEI do Outeiro de Pazos de Borbén é unha escola que conta con dous edificios á súa disposición, un deles con dúas aulas e outro con unha, nos que se imparten as clases de 3, 4 e 5 anos respectivamente. A pesar de seren dúas edificacións, a distancia que hai entre elas é inferior aos 2 metros e, ademais, o recinto atópase totalmente delimitado e as dúas edificacións forman un só conxunto cunha ampla zona verde. Estas estupendas instalacións chocan coa vontade do



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2011 17:43
Nº Rexistro: 70942
Data envío: 22/09/2011 17:43:02.235

Goberno galego que deixa esmorecer as escolas do rural. De feito, a escaseza de profesorado e as dificultades que atopan nais e pais para que se realicen actividades no centro levou á seguinte evolución:

Curso 2007/2008: 35 nenos e nenas.

curso 2008/2009: 30 nenos e nenas.

curso 2009/2010: 24 nenos e nenas.

curso 2010/2011: 17 nenos e nenas.


curso 2011/2012: 15 nenos e nenas.

Na actualidade todos as nenas e nenos están agrupados nun único curso, sen ningún tipo de profesorado de apoio. A profesora responsábel ten que dar aulas aos tres niveis educativos agrupados e, ademais, realiza o traballo de titora, organiza a vida escolar, realiza as funcións de directora e a de administrativa, atendendo o teléfono durante o horario lectivo. No caso dunha baixa por enfermidade leve o alumnado corre o risco de chegar á escola e atopar as portas pechadas. Ante as reiteradas queixas dos pais e nais, que incluso demoraron o inicio do curso escolar, a Administración só argumenta motivos de austeridade para mellorar a dotación deste centro escolar.

Polo anterior, preséntanse as seguintes Preguntas:

1. Por que a Consellaría de Educación limita o persoal da EEI do Outeiro de Pazos de Borbén a unha única profesora?

2. É consciente a Consellaría das dificultades que entraña que as funcións de profesora, titora, directora e persoal administrativo recaian nunha única persoa para todo o centro?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2011 17:43
Nº Rexistro: 70942
Data envío: 22/09/2011 17:43:02.235

3. Que proxectos de futuro contempla a Consellaría para a EEI de Outeiro?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2011

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín


Henrique Viéitez Alonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 22/09/2011 17:33:56

Henrique Viéitez Alonso na data 22/09/2011 17:34:03



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2011 17:46
Nº Rexistro: 70946
Data envío: 22/09/2011 17:46:39.981

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Bieito Lobeira Domínguez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

No IES de Ponte Caldelas estase a dar unha situación que consideramos debe ser coñecida polo Goberno galego e subsanada polo mesmo de xeito inmediato. No presente curso comezou os seus estudos en dito centro un neno de Fornelos de Montes con parálise cerebral que precisa cadeira con motor. El ten na súa casa unha cadeira con motor eléctrico, pero non pode vir con ela ó Instituto porque a Consellaría non concede a utilización dun taxi adaptado para poder desprazarse coa mesma ao centro. Polo tanto trasládase ao centro educativo nun taxi normal, ao que monta axudado polo taxista e por un irmán colléndoo en brazos. No instituto ten unha cadeira de rodas manual, onde o colocan cando chega, e ten que ser axudado en todo momento pola coidadora, para trasladalo, isto diminúe considerablemente a súa autonomía e seguramente a súa autoestima. A dirección do centro solicitou un taxi adaptado para poder traelo na súa cadeira eléctrica, pero foille denegado. Os motivos son unicamente económicos. Cuestión que non se pode permitir para unha situación deste tipo. Asemade a Consellaría podería valorar a posibilidade de utilizar o vehículo do 065 aparcado sempre fronte o CEIP Cordo Boullosa (Ponte Caldelas) a escasos 300 metros do IES ou se podería facer uso dos servizos de transporte adaptado do 061 do que dispón a Consellaría de Benestar creado durante o Goberno bipartito.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2011 17:46
Nº Rexistro: 70946
Data envío: 22/09/2011 17:46:39.981

Ante esta situación, fórmulanse as seguintes preguntas:

1. Valorou a Consellaría de Educación a necesidade que ten este alumno, para o seu bo desenvolvemento persoal, da utilización dun taxi adaptado antes da denegación do uso do mesmo?
2. Valorou a Consellaría de Educación a posibilidade de que o desprazamento fora cuberto con servizos propios como o 065 ou o 061?
3. Cantos casos similares existen en Galiza?
4. Pensa a Consellaría adoptar algunha medida para garantir un desprazamento de calidade até o seu centro ao alumnado que o necesita?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2011.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Bieito Lobeira Domínguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 22/09/2011 17:39:40

Bieito Lobeira Domínguez na data 22/09/2011 17:39:46



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Silvia Fraga Santos, Guillermo Meijón Couselo e Xoaquín M^a Fernández Leiceaga, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En outubro de 2009 o Grupo Parlamentario Socialista presentou varias iniciativas neste Parlamento nas que instaba ó Goberno galego a cubrir diferentes carencias e necesidades existentes no CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao do Concello de Ordes. En particular, sinalabamos a necesidade dunha actuación no centro que permitise eliminar as barreiras arquitectónicas que existían, pois impedían o acceso ó alumnado con problemas de mobilidade a varias aulas.

Tras as demandas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria realizou a instalación dun “salva escaleiras” para a eliminación destas barreiras arquitectónicas.

O día 20 de setembro de 2011, dous anos despois, produciuse un accidente causado polo desprendemento do “salva escaleiras”, resultando ferido o alumno con problemas de mobilidade que neses intreos estaba utilizando. Tal feito, se ben, afortunadamente, non tivo consecuencias fatais no relativo a danos a persoas, causou unha lóxica preocupación e alarma na comunidade educativa ao quedar cuestionado o grao de seguridade das instalacións do centro.

A comunidade educativa faise interrogantes relativos a se o aparato elevador cumpre coa normativa de seguridade existente e si pasa polos controis esixidos na mesma, ademais de entender que compre a revisión completa da instalación ante o suceso acaecido.

Por todo o anteriormente exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten constancia a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do accidente co elevador acaecido no CEIP Castelao de Ordes o pasado día 20 de setembro de 2011?



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Ten realizado a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria algún tipo de investigación para determinar con precisión que puido motivar que unha instalación destas características tivese tal fallo de seguridade?
3. De ser así, cales foron as causas que provocaron dito accidente?
4. Sabendo que existe no centro alumnado con problemas de mobilidade, cando está previsto que o aparato elevador estea de novo en funcionamento?
5. Ten pasado o aparato elevador as revisións e controis esixidos pola normativa actual? En que datas?
6. A documentación relativa ao mantemento e supervisión do aparato elevador cumpre escrupulosamente coa normativa legal vixente?
7. Realiza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria revisión do estado dos aparatos elevadores nas datas previas ao comezo de curso?
8. Pensa a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria efectuar de oficio unha revisión de alomenos aqueles aparatos elevadores de características técnicas similares ao do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao do Concello de Ordes?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2011

Asdo.: Silvia Fraga Santos
Guillermo Meijón Couselo
Xoaquín M^a Fernández Leiceaga
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Silvia Belen Fraga Santos na data 22/09/2011 17:06:33

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 22/09/2011 17:06:38

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/09/2011 17:06:42

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE O GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727